

# ADRA

Revista dos socios e socias do Museo do Pobo Galego  
Nº6 Santiago de Compostela, 2011

Xugo de bacasola

LAÍÑO

---

Patria e nación en Fray Benito Jerónimo Feijóo

JUSTO BERAMENDI

---

A fotografía de Jules Gervais-Courtllemont: un documento  
para a investigación e a didáctica do patrimonio en Galicia

BEGOÑA BAS

---

Catro mulleres, catrocentos pareceres

ESTEFANÍA A. LODEIRO PAZ

---

Unha achega á cultura da auga II. Infraestruturas e acordos  
para o uso da auga no lugar de Bon, Parroquia de Beluso

MANUEL ALDAO PORTAS E SALVADOR CASTRO OTERO

---

As casetas de pescadores do concello de Carnota.  
Actuación de recuperación na punta de Caldebarcos

ELISA GALLEGO PICARD

---

Lámpadas Yria: O espírito innovador de D. Estanislao Pérez Artime

XOSÉ CARLOS BEIRÓ PIÑEIRO

---

O cruceiro de Pena Corneira ou de Lamas.

Aproximación estilística e ensaio de datación

CLODIO GONZÁLEZ PÉREZ, J. DAVID CONDE LOURIDO E X. R. MARÍN MARTÍNEZ

---

A Fundación Liste

ISABEL POUSADA NOGUEIRA E VICTORIA VÁZQUEZ LÓPEZ

---

Os pergameos de Johan Nuñez d'Aponte no

Arquivo do Museo do Pobo Galego

JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ MÓNJE

---

Acuña, mestre republicano e poeta

RAMÓN LUÍS ACUÑA

---

Notas de libros



# **ADRA**

Revista dos socios e socias do Museo do Pobo Galego  
Nº6 – Santiago de Compostela, 2011

# ADRA

Nº6 – Santiago de Compostela, 2011

**ADRA.** Revista dos socios e socias do Museo do Pobo Galego.

Museo do Pobo Galego  
San Domingos de Bonaval  
15703 Santiago de Compostela

Consello de edición:  
Fátima Braña Rey  
José M<sup>a</sup> Laredo Codornié  
Rosa M<sup>a</sup> Méndez García  
Nolo Suárez  
Manuel Vilar Álvarez

Representantes dos socios e socias:

María Abelleira Fontán  
Xosé Carlos Beiró Piñeiro  
Concello de Narón  
Maribel Iglesias Baldonado  
José María Laredo Cordonié  
Estefanía A. Lodeiro Paz  
Xoán Ramón Marín Martínez  
Eduardo Otero Iglesias  
Xaquín Penas Patiño  
Manuel Vilar Álvarez

Deseño e maquetación: **ocumodeseño**

Impresión: Litonor S.L.

Asesoramento lingüístico:  
Xesús Sambade

Depósito Legal: C-2367-2005  
ISSN: 1886-2292

© da edición: Museo do Pobo Galego.

© dos textos: os autores e autoras.

# Índice

Xugo de bacasola **7**

LAIÑO

Patria e nación en Fray Benito Jerónimo Feijóo **9**

JUSTO BERAMENDI

A fotografía de Jules Gervais-Courtllemont: un documento para a investigación e a didáctica do patrimonio en Galicia **23**

BEGOÑA BAS

Catro mulleres, catrocentos pareceres **37**

ESTEFANÍA A. LODEIRO PAZ

Unha achega á cultura da auga II. Infraestruturas e acordos para o uso da auga no lugar de Bon, Parroquia de Beluso **59**

MANUEL ALDAO PORTAS E SALVADOR CASTRO OTERO

As casetas de pescadores do concello de Carnota. Actuación de recuperación na punta de Caldebarcos **81**

ELISA GALLEGO PICARD

Lámpadas Yria: O espírito innovador de D. Estanislao Pérez Artime **99**

XOSÉ CARLOS BEIRÓ PIÑEIRO

O cruceiro de Pena Corneira ou de Lamas. Aproximación estilística e ensaio de datación **115**

CLODIO GONZÁLEZ PÉREZ, J. DAVID CONDE LOURIDO E X. R. MARÍN MARTÍNEZ

A Fundación Liste **125**

ISABEL POUSADA NOGUEIRA E VICTORIA VÁZQUEZ LÓPEZ

Os pergameos de Johan Nuñez d'Aponte no Arquivo do Museo do Pobo Galego **137**

JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ MONJE

Acuña, mestre republicano e poeta **145**

RAMÓN LUÍS ACUÑA

Notas de libros **147**





*Xugo de bacasola* (2010)

Laíño

Técnica mixta. 2010-2011



# Patria e Nación en Fray Benito Jerónimo Feijóo

JUSTO BERAMENDI

As maiores monarquías eurooccidentais do século XVIII (Reino Unido, Francia, España) eran multiétnicas e conservaban gran parte da diversidade de institucións políticas das súas unidades históricas constituíntes. Deixando á parte o caso excepcional do Reino Unido onde as dúas revolucións do século XVII superaran irreversiblemente o absolutismo, durante o século XVIII prodúcese nas demais unha afirmación crecente do Estado mediante intentos de uniformización parcial de códigos e institucións e un aumento dos seus funcionarios, as súas políticas sectoriais e a súa presenza. Todo isto baixo a forma dunha concentración do poder no monarca e os seus ministros, que empregan para a realización das súas políticas a persoas coa cualificación necesaria, o que implica unha perda relativa da influencia da nobreza e o correspondente incremento na función pública de homes procedentes das profesións liberais e da fidalguía. Isto provoca a lóxica reacción defensiva dos prexudicados e a aparición de certos discursos pronobiliares. Por outra parte, as intensas relacións de alianza/conflicto entre esas monarquías durante séculos contribúen a unha percepción recíproca como persoas colectivas con identidades ben definidas, de modo que se forman e consolidan nos imaxinarios colectivos os estereotipos do “inglés”, do “francés”, do “español”, etc. Finalmente, o desenvolvemento do Estado, e por ende dunha rede de profesións e intereses ligados a el, xera unha conciencia e unha lealdade novas, polo menos nos grupos máis afectados (funcionarios, militares, intelectuais, nobreza, alta burguesía) dende os que irradiaría -non sabemos en qué medida- ao resto da sociedade. Xunto á tradicional lealdade á persoa do monarca aparece un novo obxecto de identificación e fidelidade, de momento íntimamente vencellado ao primeiro pero xa claramente diferente: a *patria*, da que o Estado é a expresión institucional, e que ten como substancia humana o conxunto dos súbditos do rei, que agora son algo máis que iso. Esta patria amosa xa algúns contidos da *nación* posterior pero carece doutros fundamentais que só llos poderán aportar as revolucións liberais. Este é o fundamento do que Hobsbawm chama *protonacionalismo*.<sup>1</sup> En todo caso constitúe precedente inmediato e condición previa do nacionalismo contemporáneo, aínda que lle falte un ingrediente decisivo: situar a soberanía lexítima nesa patria. De momento, a soberanía segue correspondendo ao rei.

Pero este patriotismo de novo cuño referido ao Estado coexiste, nunhas relacións complexas e cambiantes, tanto coa lealdade ao titular individual da soberanía como coas identidades e pa-

<sup>1</sup> Eric J. Hobsbawm, *Nations and Nationalism since 1780. Programme, myth, reality*, Cambridge University Press, 1990, pp. 46-79.

triotismos referidos ás vellas unidades etnohistóricas subestatais que formaron orixinariamente o Estado por agregación. Esta tensión entre o vello e o novo ten varias consecuencias no plano ideolóxico. Por un lado, observamos o uso conceptualmente oscilante de certos termos e nomeadamente os de *patria* e *nación*, en particular o segundo.<sup>2</sup> Por outro lado, fronte a formulacións claramente orientadas ao futuro, como o concepto de patria cívica dun Voltaire ou as ideas precursoras da nación liberal dun John Locke ou dun Jean-Jacques Rousseau, xurden discursos máis ou menos reactivos como os de Henri de Boulanvilliers en Francia ou Lord Bolingbroke en Inglaterra. Nestas páxinas exemplificarei este fenómeno dentro da España do século XVIII mediante a análise das ideas que tiña neste eido unha figura clave do que podemos considerar a pre-Ilustración española: o frade bieito Jerónimo Feijóo (1676-1764).<sup>3</sup>

Para entender cabalmente as súas ideas verbo da patria e da nación, e a súa aplicación a España, convén facer previamente algunhas consideracións sobre os caracteres básicos do seu pensamento. Naturalmente, o principal é a súa cosmovisión católica, se ben esta está moderada por ese espírito crítico que el fai campar no título mesmo da súa obra maior e que, como se dixo xa tantas veces, lévao á negación das supersticións, dos prodixios que contradín á razón e as leis da natureza e incluso do valor das tradicións populares. E así, dicía respecto destas últimas en 1733:<sup>4</sup>

“La regla de la creencia del vulgo es la posesión. Sus ascendientes son sus oráculos, y mira con una especie de impiedad no creer lo que creyeron aquellos. No cuida de examinar qué origen tiene la noticia; bástale saber, que es algo antigua para venerarla, á manera de los egipcios, que adoraban el Nilo, ignorando dónde o cómo nacía, y sin otro conocimiento, que el que venía de lejos.  
¡Qué quimeras, qué extravagancias no se conservan en los pueblos a la sombra del vano, pero ostentoso título de tradición!”.

Este distanciamento parcial das cosmovisións tradicionalistas lle permite unha diagnose reformista-ilustrada da sociedade que se traduce na valoración positiva da laboriosidade e o mérito e na correspondente crítica da ociosidade e o parasitismo de boa parte dos poderosos, como deixaba moi claro en 1739:<sup>5</sup>

“Tanto en los oficios como en los sujetos, el aprecio ú desprecio debe reglarse por su conducencia ó inconducencia, para el servicio de Dios en primer lugar, y en segundo, de la república. En mi dictamen, el animal más contemptible del mundo es un hombre,

2 Tanto Montesquieu no seu *L'Esprit des Loix* [1748] como Voltaire no seu *Essai sur les moeurs et l'esprit des nations* [1756] utilizan *nation* cunha polisemia oscilante, ora para designar unidades étnicas, normalmente primitivas, ora para nomear o conxunto dos súbditos dun monarca ou mesmo agrupamentos horizontais de definición socioxurídica. Por exemplo, Montesquieu cualifica nunha ocasión aos estamentos de “nacións dentro da nación”. Unha boa análise desta cuestión para o caso francés en Jean-Yves Guiomar, *L'idéologie nationale. Nation. Représentation. Propriété*, Ed. Champs Libre, Paris, 1974.

3 A edición dos textos de Feijóo que uso aquí, fundamentalmente o *Theatro Critico Universal* (1726-1739) e as *Cartas eruditas* (1742-1760), é: *Obras Escogidas del P. Fray Benito Jerónimo Feijóo y Montenegro*. Biblioteca de Autores Españoles, Madrid, Ed. Atlas. Tomo I *Con una noticia de su vida y juicio crítico de sus escritos por Don Vicente de la Fuente*, BAE nº 56, 1952; Tomos II-IV. Edición preparada por D. Agustín Millares Carlo con un estudio preliminar sobre “Las Ideas Biológicas del Padre Feijoo” por el Excmo Sr D. Gregorio Marañón, BAE, nº 141-143, Madrid, 1961.

4 “Tradiciones populares”, TCU, Tomo V, Discurso XVI. BAE, nº 56, p. 259.

5 “Honra y provecho de la agricultura”, TCU, Tomo VIII, Discurso XII, *Ibidem*, p. 456.

que de nada sirve en el mundo, que sea rico, que sea pobre, que alto, que humilde, que noble, que plebeyo. ¿Qué caso puedo yo hacer de unos nobles fantasmones, que nada hacen toda la vida sino pasear calles, abultar corrillos y comer la hacienda que les dejaron sus mayores? [...]

Al contrario, venero por sí mismo o por su propio mérito, á aquel que sirve útilmente a la república, sea ilustre o humilde su nacimiento; y asimismo venero aquella ocupación con la que sirve, graduando el aprecio por su mayor o menor utilidad, sin atender a si los hombres la tienen por alta o por baja, brillante ú obscura”.

De aquí a súa definición da verdadeira nobreza, que non é a herdada, senón aquela que “se adquire con las acciones ilustres á beneficio de la nación”.<sup>6</sup> Pero estas posturas, moi renovadoras para o seu tempo, combínanse cunha concepción máis tradicional da economía (aínda que trufada de acentos fisiocráticos), que concede primacía ao sector primario sobre todos os demais, pois “apénas hay arte ú ocupación alguna digna de más honra que la agricultura”. Xustifica esta apreciación en que foi a primeira ocupación do ser humano, a única que tivo a súa orixe no estado de inocencia, xa que mentres que “de todas las demás artes fueron autores los hombres, de la agricultura lo fue Dios”.<sup>7</sup>

Estas ideas non exclúen, senón todo o contrario, o progreso técnico nin a mentalidade populacionista, pero gardan un respectuoso silencio no que atinxe aos réximes de propiedade e as estruturas sociais vixentes, por máis que aposte por políticas que melloren as condicións de vida dos labregos. E todo cunha clara motivación, non só filantrópica, senón tamén patriótica, pois “por el poco cuidado que se pone en la agricultura, estuvo [España] próxima a su última ruina”. Y se ben o país conseguiu salvarse dese extremo, a súa situación non é precisamente boa: “gotosa está España”. Tal doenza prodúcelle un sentimento que confesa con palabras moi semellantes as que utilizarán algúns case dous séculos despois: “El descuido de España lloro, porque el descuido de España me duele”.<sup>8</sup>

Sinala a continuación a mísera condición dos labregos, especialmente os de Galicia, Asturias e León, e a necesidade de corrixir a súa situación porque “un labrador, que no saca de su tarea lo preciso para un sustento y abrigo razonables, no trabaja ni aun la mitad que otro bien sustentado y cubierto”. Por iso o poder público debe intervir “para promover sus conveniencias y minorar sus gravámenes”. Propón tamén que se cultive máis trigo e menos viño, “destinar cada terreno a aquel fruto para que es más proporcionado”, incrementar os regadíos, frear as migracións dunhas provincias a outras (con especial mención aos galegos), reforestar e erradicar malas prácticas como arar con mulas no canto de con bois.

Nesta liña de promover un progreso que non atente contra os fundamentos da sociedade do seu tempo, coída que o avance da ciencia e a súa aplicación á actividade económica é fundamental. Por iso acepta as leis de Newton, malia procederem dun herexe, e critica a quen non o fan. E nesa

<sup>6</sup> Vid. a biografía de José María Anchóriz que precedía á edición das *Obras* de 1859. *Ibidem*, p. VIII.

<sup>7</sup> “Honra y provecho de la agricultura”, *op. cit.*, p. 456-457.

<sup>8</sup> *Ibidem*, pp. 460-462.

vea lamenta o atraso de España no coñecemento e no ensino das ciencias da Natureza, e dedica ás súas causas en 1745 unha das súas cartas eruditas.<sup>9</sup> Entre esas causas salienta, á parte do “corto alcance de algunos de nuestros profesores”, dúas moi significativas do seu catolicismo renovador: “la preocupación que reina en España contra toda novedad” y el “celo, pío sí, pero indiscreto y mal fundado; un vano temor de que las doctrinas nuevas en materia de filosofía traigan algún perjuicio a la religion”. E neste contexto é cando afirma que na filosofía do “hereje” Isaac Newton “no se ha hallado hasta ahora cosa que se oponga, ni directa ni indirectamente, a la verdadera creencia”.

Esta arela de procurar a verdade entre as silvas dos prexuízos e as supersticións lévao tamén a defender unha escritura da historia baseada nos feitos reais, no canto da deturpada por intereses espúreos e nomeadamente pola “pasión nacional”:<sup>10</sup>

“Este abuso ha llenado el mundo de mentiras, corrompiendo la fe de casi todas las historias. Cuando se interesa la gloria de la nación propia, apenas se halla un historiador cabalmente sincero. [...] Apenas pueden hacer otra cosa los pobres historiadores, que desfigurar las verdades, que no son ventajosas a sus compatriotas. O han de adular a su nación, o arrimar la pluma; porque si no, los manchan con la nota de desafectos a su patria”.

Pero o patriotismo mal entendido non é o único inimigo da boa historia. Tamén o son o sectarismo relixioso (“El partido de religión no es mucho menos eficaz que el nacional, antes mucho más, para desviar la verdad de la historia”) e a impericia do historiador, polo que “la verdad navega en el mar de la historia siempre entre dos escollos: la ignorancia y la pasión”.

Para evitar estes perigos Feijóo dá algúns consellos moi na liña do que será a historiografía ilustrada de alén os Perineos. Veleiquí, por exemplo, un que nos lembra a famosa máxima volteriana de que non todo o que aconteceu merece ser contado: segundo Feijóo, o historiador debe “separar lo útil de lo inútil”, cousa que non é doada porque “Si quiere decirlo todo, fatigará con superfluidades los ojos y la memoria de los lectores. Si elige, se expone a condenar con lo superfluo algo de lo importante”.<sup>11</sup>

Non obstante, este empirismo filorracionalista ten uns límites moi nidios: o dogma católico e as grandes tradicións da Igrexa, que ás veces poñen en fuga toda a modernidade e o espírito crítico dun Feijóo ben atado polas súas conviccións, trufadas en ocasións de españolismo. Tal acontece, *verbi gratia*, co asunto de Santiago Apóstolo e a súa traída a Compostela:<sup>12</sup>

“Donde veo con más razón doloridos a los españoles de los escritores franceses es, sobre que niegan la venida de Santiago el Mayor a España, y a este reino la posesión de su cadáver. Verdaderamente es muy sensible que nos quieran despojar de dos glorias tan apreciables”.

9 “Causas del atraso que se padece en España en orden a las ciencias naturales”, *Cartas eruditas*, Tomo II, XVI, BAE, nº 56, pp. 540-546

10 “Amor de la Patria y pasión nacional” [1729], TCU, Tomo III, Discurso X, BAE, nº 56, p. 144.

11 Vid. “Reflexiones sobre la historia” [1730], TCU, tomo IV, Discurso VIII, BAE, nº 56, p.160-180.

12 “Amor de la Patria y pasión nacional”, op. cit., p. 145.

Porén, dentro dos límites establecidos polo anterior, o seu cristianismo basal converxe coa idea, central en todo racionalismo ilustrado, de que o ser humano -e por ende os diferentes pobos- son intrinsecamente iguais por natureza e que as desigualdades que hai entre eles son accidentais, pois veñen dadas por procesos históricos diferentes e pola influencia prolongada do medio natural, co que se adianta algo ao determinismo xeográfico dun Montesquieu:<sup>13</sup>

“No es dudable que la diferente temperie de los países induce sensible diversidad en hombres, brutos y plantas.[...] Si no es tanta [como en animales y plantas] la diferencia que la diversidad de países produce en nuestra especie, es por lo menos bastante notable [...]

A las distintas disposiciones del cuerpo se siguen distintas calidades del ánimo; de distinto temperamento resultan distintas inclinaciones, y de distintas inclinaciones distintas costumbres [...] se puede decir con seguridad que en una nación son los hombres más iracundos, en otra más glotones, en otra más lascivos, en otra más perezosos, etc.

No menor, antes mayor, desigualdad que en la parte sensitiva y vegetativa, se juzga comúnmente que hay en la racional entre hombres de distintas regiones [...]

Estoy en esta parte tan distante de la común opinión, que por lo que mira a lo substancial, tengo por casi imperceptible la desigualdad que hay de unas naciones a otras en orden al uso del discurso. Lo cual no de otro modo puedo justificar mejor que mostrando que aquellas naciones que comunmente están reputadas por rudas o bárbaras, no ceden en ingenio, y algunas acaso exceden a las que se juzga más cultas”.

E para demostralo analiza as “naciones” europeas dos alemáns, os holandeses e os moscovitas. Tamén é consecuente no seu rexeitamento dese eurocentrismo polo que “en saliendo de Europa, todo se nos figura barbarie”, erro que rebate describindo os valores culturais das “naciones” turca, persa, india, chinesa e algunhas de África e América. E conclúe:

“En aquellas naciones que están muy remotas de la nuestra, se nos figuran los hombres tan pequeños en línea de hombres, que apenas llegan a racionales. Si los considerásemos de cerca, haríamos otro juicio”.

Segundo o seu relativismo antropolóxico, as diferencias culturais entre os pobos non implican superioridade ou inferioridade (agás cando se mete a relixión polo medio). Por iso, referíndose a lapóns e indios do Canadá, afirma:<sup>14</sup>

“Habitados a los manjares de su país, por más que a nosotros nos parezcan duros y groseros, no solo los experimentan más gratos, pero más saludables. Nacieron entre

<sup>13</sup> “Mapa intelectual y cotejo de naciones” [1728], TCU, Tomo II, Discurso XV, BAE, nº 56, p. 86-91.

<sup>14</sup> “Amor de la Patria y pasión nacional” [1729], op. cit., p.142.

nieves, y viven gustosos entre nieves; como nosotros no podemos sufrir el frío de las regiones septentrionales, ellos no pueden sufrir el calor de las australes. Su modo de gobierno es proporcionado a su temperamento; y aun cuando les sea indiferente, engañados con la costumbre, juzgan que no dicta otro la misma naturaleza. Nuestra política es barbarie para ellos, como la suya para nosotros”.

Estes principios son aplicables también ás linguas, manifestacións maiores das culturas:<sup>15</sup>

“Mas no por eso concederemos, ni es razón, alguna ventaja á la lengua francesa sobre la castellana. Los excesos de una lengua respecto de otra pueden reducirse á tres capítulos: *propiedad, armonía y copia*. Y en ninguna de estas calidades cede la lengua castellana á la francesa.

En la propiedad juzgo, contra el común dictámen, que todas las lenguas son iguales en cuanto á todas aquellas voces que específicamente significan determinados objetos [...]

En cuanto a la armonía, ó grato sonido del idioma, no sé cual de dos cosas diga, ó que no hay exceso de unos idiomas a otros en esta parte, ó que no hay juez capaz de decidir la ventaja. A todos suena bien el idioma nativo, y mal el forastero, hasta que el largo uso le hace propio [...] Dentro de España parece a castellanos y andaluces humilde y plebeya la articulación de la *jota* y la *gn* de portugueses y gallegos. Pero los franceses, que pronuncian del mismo modo, no solo las dos letras dichas, mas tambien la *ch*, escuchan con horror la articulación castellana que resultó en estos reinos del hospedaje de los africanos [...]

De modo que puede asegurarse que los idiomas no son ásperos ó apacibles, sino á proporción que son ó familiares ó extraños[...]

Non puidemos reconstruír nos escritos de Feijóo a formulación dunha teoría da historia minimamente desenvolvida. Pero si aparecen con forza algunhas ideas, ademais do inevitable providencialismo de fondo que, con todo, non parece incidir directamente sobre o resto das súas concepcións históricas e políticas. Observamos nel, como en case todos os autores posteriores da Ilustración española propiamente dita, unha mestura de tradicionalismo político, que considera lexítimo e intocable o absolutismo e o catolicismo de Estado en canto legados do pasado, cun moderado reformismo no económico, no social e no intelectual.<sup>16</sup> E así, “los modernos se deben considerar superiores a los antiguos en la ciencia, pero no en la industria política”, pois a ciencia se comunica polos libros pero a política non. “De esta apenas tiene hombre alguno más caudal que aquel que le reditúa su propio fondo”. De aquí que as circunstancias de cada proceso político

<sup>15</sup> “Paralelo de las lenguas castellana y francesa” [1726], TCU, Tomo I, Discurso XV, BAE, nº 56, pp. 46-47.

<sup>16</sup> En xeral, os ilustrados españois non só non poñían en cuestión os fundamentos políticos do Antigo Réxime senón que, en palabras de Luís Sánchez Agesta [*El pensamiento político del despotismo ilustrado*, Instituto de Estudios Políticos, Madrid, 1953, p. 99], a xeración ilustrada “se apoyó en la autoridad regia, a la que exaltó, como instrumento, hasta los límites”. A consecuencia disto o seu pensamento propiamente político é moi pobre en comparación coas súas ideas económicas e sociais, algo que en 1954 xa fixo notar Jean Sarrailh [*La España Ilustrada de la segunda mitad del siglo XVIII*, FCE, Madrid, 1974, p. 573ss]. Con maior razón podemos predicar isto dun pre-ilustrado como Feijóo.

sexan irrepitibles porque sempre “ha de faltar una, que es la de la persona que obra. Esta circunstancia, en quien nadie hace reparo, es de sumo peso. La misma máquina política, que es utilísima manejada por un sujeto, es inútil y aun nociva puesta en las manos de otro”. E para demostralo pon varios exemplos, entre eles, o de Oliver e Richard Cromwell. Concede, xa que logo, gran importancia á acción dos individuos excepcionais no devir histórico: “Cuantos fundaron las monarquías y las repúblicas fueron dotados de una suprema habilidad política [...] El que poseyendo estas cualidades, tuviere ocasión de obrar y se aplicare a la práctica, será buen político sin abrir libro alguno”.<sup>17</sup>

En todo caso, parece pensar que a dinámica histórica está presidida polos conflitos entre pobos/Estados/nacións, que mesmo configuran as actitudes mentais colectivas. Eses conflitos aliméntanse sobre todo do desexo de maior poder por parte dos príncipes e poderosos:<sup>18</sup>

“Esta ojeriza [entre franceses y españoles] nace de los daños que mutuamente se han hecho en varias guerras, y las guerras de las opuestas pretensiones de los príncipes. Ninguna antipatía más decantada que la de franceses y españoles. Tanto ha ocupado los ánimos la persuasión de la congénita discordia de las dos naciones, que aún cuando dispuso el cielo que la augusta casa de Francia diese rey á España, muchos pronosticaban que nunca se avendrían bien”.

E para demostrar que non hai nada de conxénito nesta aversión aduce as excelentes relacións entre casteláns e franceses na Idade Media. Non obstante, admite que, ademais das guerras, a enemistade entre nacións pode deberse a outras causas, entre as que sinala as diferencias étnicas e, sobre todo, as de relixión. E pon como exemplo a hostilidade mutua de turcos e persas.

En calquera caso, a *nación* é para el, xunto cos grandes líderes, un axente histórico de primeira magnitude. Sen embargo, como acontece durante case todo o século XVIII en España e fóra, Feijóo utiliza, baixo ese termo ou o alternativo de *patria*, dous conceptos moi diferentes. O primeiro, o máis antigo, que nos remite ao uso medieval de *natio*, fai da nación unha unidade etnolingüística estable da que a existencia se remonta a moitos séculos atrás, normalmente ata a Antigüidade. Nesta concepción concédeselle un peso decisivo á lingua,<sup>19</sup> así como ao “genio” ou carácter nacional, idea esta que, como demostrou no seu día Julio Caro Baroja,<sup>20</sup> empezou a adquirir carta de natureza en Europa polo menos dende o século XVI. Pero en Feijóo, contrariamente ao que acontecerá de Herder en adelante, ese carácter nacional é un factor menor á hora de explicar os fenómenos políticos. E así, cando se ocupa das relacións entre franceses e españois di que foi dos conflitos entre príncipes de onde “vino esta oposición nacional, que se reputa ya como característica de españoles y franceses, y en que erradamente se juzga que influye la naturaleza

17 “Libros políticos” [1733], TCU, Tomo V, Discurso X, pp. 227-233.

18 “Antipatía de franceses y españoles” [1728], TCU, Tomo II, Discurso IX, pp. 81-83.

19 “La conservación del idioma patrio es de tanto aprecio en los espíritus amantes de la nación, que el gran juicio de Virgilio tuvo este derecho por digno de capitularse entre dos deidades, Júpiter y Juno, al convenirse en que los latinos admitiesen en su tierra a los troyanos [...] la introducción del lenguaje forastero es nota indeleble de haber sido vencida la nación á quien se despojó de su antiguo idioma. Primero se quita á un reino la libertad que el idioma. Aun cuando se cede a la fuerza de las armas, lo último que se conquista son lenguas y corazones”, en “Paralelo de las lenguas castellana y francesa”, [1726], op. cit., p.48.

20 *El mito del carácter nacional. Meditaciones a contrapelo*, Seminario y Ediciones, Madrid, 1970, pp. 71-135.

de uno y otro país [...] No negaré que hay alguna diversidad de genios en las dos naciones. Los españoles son graves, los franceses festivos. Los españoles misteriosos, los franceses abiertos. Los españoles constantes, los franceses ligeros; pero negaré que esta sea causa bastante para que las dos naciones estén discordes [...].”<sup>21</sup>

Tamén nega que da comparación entre as características dos *genios* nacionais se poida deducir a superioridade duns pobos sobre outros, postura que era previsible despois da súa conclusión semellante respecto das linguas. Incluso dubida de que haxa no mundo unha “nación” que “pueda con justicia ser capitulada de bárbara”, pois “por la experiencia apenas podemos notar desigualdad de ingenio en las naciones.”<sup>22</sup>

O segundo concepto, máis moderno e para o que usa con frecuencia o denotativo *patria*, imaxina a nación como unha unidade política definida por un poder político encarnado no soberano, ou, segundo as súas propias palabras “aquel cuerpo de estado donde, debajo de un gobierno civil, estamos unidos con la coyunda de unas mismas leyes. Así, España es el objeto propio del amor del español, Francia del francés, Polonia del polaco”.<sup>23</sup> A *nación* é agora ante todo un Estado, unha república no sentido orixinario desta verba, aínda que sexa internamente heteroxénea dende o punto de vista etnolingüístico, isto é, aínda que estea constituída por varias *nacións* segundo o outro concepto. Inevitablemente, esta ambivalencia terminolóxica, froito dunha imprecisión conceptual, pode provocar confusións discursivas.<sup>24</sup> Sen embargo, como veremos cando comentemos a súa aplicación a España, á hora da verdade Feijóo fai prevalecer sempre o segundo concepto sobre o primeiro e é isto precisamente o que confire modernidade ao seu pensamento, o que fai del un dos principais precursores do patriotismo protonacionalista, e non só en España.

Pero vexamos antes que idea ten desta. Sen dúbida España é para el unha nación/patria que concibe mesturando elementos dos dous conceptos sinalados. En efecto, por un lado refírese a ela como un grupo humano moi antigo e de definición etnolingüística.<sup>25</sup> Unha España de cultura e lingua basicamente casteláns que, por outra parte, está formada por todos os súbditos brancos, católicos e hispanofalantes do monarca. E así, no presente inclúe nesa nación a metropolitanos e criollos, pero non aos indíxenas americanos. E no pasado, a todos os ancestros menos a musulmáns e xudeus.<sup>26</sup>

Esta patria española esixe o amor e a lealdade dos seus nacionais. Feijóo, consciente de que a España do seu tempo era todo menos unha nación unificada e homoxénea que reinase sen rivais nos corazóns dos súbditos da monarquía, esfórzase por combater as lealdades alternativas (as inspiradas polas *patrias chicas*) predicando as bondades da *patria grande* ou nación española. Por iso, logo de criticar dende a súa temperanza racional e ilustrada o vicio do chovinismo

21 “Antipatía de franceses y españoles” [1728], op. cit., p. 83.

22 “Mapa intelectual y cotejo de naciones” [1728], op. cit., pp.92-93.

23 “Amor de la Patria y pasión nacional” [1729], op. cit., p. 145.

24 Por exemplo, nalgunha ocasión chama patria a Galicia, pero está claro que o fai no sentido de *patria chica*: “Salen muchos millares de gallegos a cavar las viñas y segar las mieses a varias provincias de España. Es justo que cada uno trabaje en su patria hasta donde lleguen sus fuerzas”, en “Honra y provecho de la agricultura”, op. cit., p. 465.

25 “Los antiguos españoles, conquistados por los cartagineses, resistieron constantemente, como prueba Aldrete en sus *Antigüedades de España*, la introducción de la lengua púnica. Dominados después por los romanos, tardaron mucho en sujetarse a la latina. ¿Diremos que son legítimos descendientes de aquellos los que hoy, sin necesidad, estudian en afrancesar la castellana?”, en “Paralelo de las lenguas castellana y francesa” [1726], op. cit., p. 48.

26 Vid. “Españoles americanos” [1730], TCU, Tomo IV, Discurso VI, BAE, nº 56, pp. 155-160 y “Glorias de España”, TCU, tomo IV, Discursos XIII y XIV, *Ibidem*, 194-229.



ou excesiva “pasión nacional”, arremete contra outro aínda peor na súa opinión: “esta peste que llaman paisanismo”:<sup>27</sup>

“Mas la pasión nacional de que hasta aquí hemos hablado es un vicio, si así se puede decir, inocente, en comparación de otra, que así como más común, es también más perniciosa. Hablo de aquel desordenado afecto que no es relativo al todo de la república, sino al propio y particular territorio. No niego que debajo del nombre de patria, no sólo se entiende la república o estado cuyos miembros somos y a quien podemos llamar patria común, mas también la provincia, la diócesis, la ciudad o distrito donde nace cada uno, y a quien llamaremos patria particular [...]

El amor a la patria particular, en vez de ser útil a la república, le es por muchos capítulos nocivo. Ya porque induce alguna división en los ánimos, que debieran estar recíprocamente unidos para hacer más firme y constante la sociedad común; ya porque es un incentivo de guerras civiles y de revueltas contra el soberano, siempre que, considerándose agraviada alguna provincia, juzgan los individuos de ella que es obligación superior a todos los demás respetos el desagravio de la patria ofendida; ya, en fin, porque es un grande estorbo a la recta administración de justicia en todo género de clases y ministerios.

No condeno aquel afecto al suelo natalicio que sea sin perjuicio de tercero.[...] Vuelvo a decir, que no condeno algun afecto inocente y moderado al suelo natalicio. [...] Por conclusión digo, que en caso que por razón del nacimiento contraigamos alguna obligación a la patria particular o suelo que nos sirvió de cuna, esta deuda es inferior a otras cualesquiera obligaciones cristianas o políticas”.

Obrigas que deben ser ante todo para coa patria grande, para coa nación, obxecto colectivo de lealdade que empeza a desprazar do primeiro lugar ao individual do monarca, sen que isto implique que Feijóo predique a insubmisión ou o desafecto ao soberano. Simplemente este pasa a ser unha parte da nación, parte superior pero parte ao cabo. E o todo ten que prevalecer sobre calquera das súas partes.

Pero este patriotismo non debe ser tan pasional que nubre a razón e dificulte o progreso. Por iso Feijóo condea a pasmonería estranxerizante pero tamén o chovinismo e a xenofobia, aínda que significativamente trata con máis dureza a primeira que os segundos:<sup>28</sup>

“Dos extremos, entrambos reprehensibles, noto en nuestros españoles, en órden a las cosas nacionales: unos las engrandecen hasta el cielo; otros las abaten hasta el abismo. Aquellos, que ni con el trato de los extranjeros, ni con la lectura de los libros, espaciaron su espíritu fuera del recinto de su patria, juzgan que cuanto hay de bueno en el mundo está encerrado en ella. De aquí el bárbaro desdén con que miran á las

27 “Amor de la Patria y pasión nacional” [1729], op. cit., p. 145-147.

28 “Paralelo de las lenguas castellana y francesa” [1726], op. cit.p. 45

demás naciones, asquean su idioma, abominan sus costumbres, no quieren escuchar, ó escuchan con irrisión, sus adelantamientos en artes y ciencias [...]

Por el contrario, los que han peregrinado por várias tierras, ó sin salir de la suya, comerciado con extranjeros, si son picados tanto cuanto de la vanidad de espíritus amenos, inclinados á lenguas y noticias, todas las cosas de otras naciones miran con admiración, las de la nuestra con desden. [...] Es cosa graciosa ver a algunos de estos nacionalistas (que tomo por lo mismo que antinacionales) hacer violencia á todos sus miembros para imitar a los extranjeros [...] Hacen todo lo posible por desnaturalizarse, y yo me holgara que lo lograsen enteramente, porque nuestra nación descartase tales figuras”.

Entre eses dous extremos, Feijóo predica algo que bota en falta nos seus coetáneos, “aquel amor a la patria que hallo tan celebrado en los libros; quiero decir, aquel amor justo, debido, noble, virtuoso.” Escéptico, pensa que a maioría dos que loitan ou morren “por la patria” en realidade se moven por outros motivos: polo estipendio e o botín, por mellorar de fortuna, por gañar novos honores, “y los más por obediencia y temor al príncipe o al caudillo. Al que manda las armas le insta su interés y su gloria. El príncipe o magistrado, sobre estar distante del riesgo, obra, no por mantener la república, sí por conservar la dominación”.<sup>29</sup>

Esta escaseza do auténtico patriotismo cívico é para el un motivo máis para esforzarse en defendelo e difundilo. A súa empresa españolizadora empeza, como el mesmo explica, por escribir en castelán a súa obra.<sup>30</sup> Tampouco as súas admonicións contra o chovinismo lle coartan, á hora da verdade, para defender con firmeza as excelencias da nación española. Nunhas ocasións, afirmando que a lingua castelá é mellor que a francesa nalgunhas cousas, aínda que igual noutras. Outras veces refutando con contundencia a mala imaxe dos *españoles* trazada por autores europeos, como ese Juan Zalin, alemán, que nos seus *Specula phisico-mathematico-historica*, facía unha comparación das características físicas, morais e sociais de alemáns, ingleses, franceses, italianos e españois na que estes últimos saían moi malparados. Feijóo xúlgaio “poco verídico en lo que dice de los españoles; pues no son en el cuerpo horrendos, ni en la hermosura demonios, ni en la fidelidad falaces; antes bien en los cuerpos y hermosura son airosos y en la fidelidad firmes”.<sup>31</sup>

E para demostrar a falsidade destas eivas e “desagraviar a la nación”,<sup>32</sup> Feijóo lánzase a cantar sen mesura as excelencias e contribucións de España, mesmo en campos en que foron inexistentes a todas luces. A tan meritorio labor dedica as súas “Glorias de España” (1730)<sup>33</sup> nas que, a forza de rebuscar dende a Hispania romana ata o seu tempo, fornece unha nómina de supostas primeiras figuras “españolas” en Teoloxía Moral, Xurisprudencia, Astronomía, Medicina, Filosofía

<sup>29</sup> “Amor de la Patria y pasión nacional”, op. cit., p. 141.

<sup>30</sup> “Paralelo de las lenguas castellana y francesa” [1726], op. cit., p. 48: “En la forma, pues, que está hoy nuestra lengua, puede pasar sin los socorros de otra alguna. Y uno de los motivos que he tenido para escribir en castellano esta obra, en cuya prosecución apenas habrá género de literatura ó erudición que no se toque, fué mostrar que, para escribir en todas materias, basta por sí solo nuestro idioma sin los subsidios del ajeno, exceptuando empero algunas voces facultativas, cuyo empréstito es indispensable de unas naciones á otras”.

<sup>31</sup> “Mapa intelectual y cotejo de las naciones” [1728], op. cit., p. 93.

<sup>32</sup> “Dedicatoria del autor al serenísimo señor Infante de España don Carlos de Borbón y Farnesio” [1730], TCU, Tomo IV, BAE, nº 142, p. 3.

<sup>33</sup> TCU, Tomo IV, Discursos XIII y XIV, BAE, nº 56, pp. 194-229.

Moral, Xeografía, Historia Natural, Agricultura, Retórica, Poesía, Historia, Letras Humanas, etc. A gran maioría dos nomes que recolle corresponden á Antigüidade e a Idade Media e algúns rozan o ridículo. Por exemplo, o único astrónomo “español” que atopa é “Don Alonso el Sabio”, que sempre serviu para un roto e para un descosido. En Filosofía Moral remite a Séneca, en Retórica a Quintiliano, en Xeografía a Pomponio Mela e en Agricultura a Columela. Coa Poesía e a Historia non ten problemas pero aínda así non se resiste a incluír, xunto a Lope de Vega, Moreto, Ambrosio de Morales ou o Pai Mariana, a Silio Itálico, Lucano, Marcial e Paulo Orosio. Mais hai dous ámbitos nos que nin rebuscando baixo as pedras atopa nada: “es preciso confesar que la física y matemática son casi extranjeras en España.” E en canto á Botánica e á Química ten que conformarse con lembrarnos que Plinio recoñecía a habilidade dos “españoles” na recolección de herbas medicinais. Naturalmente no se lle pasou pola cabeza incluír a Averroes ou Avicena que reforzarían algo un balance obxectivamente tan pobre. Pero nin o musulmán nin o xudeu podían incluírse no español, cuxa exclusividade etnocatólica era indiscutible mesmo para un protoilustrado como Feijóo.

Pero as “Glorias de España” amosan outro aspecto de gran interese para o asunto que nos ocupa. Contradecindo claramente a súa defensa da imparcialidade nacional e relixiosa no historiador, Feijóo avoga nese texto por unha historia pragmática, ao servizo da educación patriótica dos pobos:

“[Cuenta Salustio] que en los antiguos tiempos, cuando la juventud española se preparaba para salir a la guerra, sus madres les recordaban los valerosos hechos de sus padres, para encender sus marciales espíritus a la imitación de sus mayores. Así servían a la defensa de la patria uno y otro sexo, el fuerte con el ejercicio, el débil con el influjo.

Aquel ejemplo me he propuesto seguir en este discurso, cuyo asunto es mostrar a la España moderna la España antigua; a los españoles que viven hoy las glorias de sus progenitores [...] porque estimulados a la imitación, no desdigan las ramas del tronco y la raíz [...] En el mismo clima vivimos, de las mismas influencias gozamos que nuestros antepasados. Luego cuanto es parte de la naturaleza, la misma índole, igual habilidad, iguales fuerzas hay en nosotros que en ellos, y acaso superiores a las de otras naciones. Lástima será que cedamos a estas en el uso, haciendo excesos en la facultad”.<sup>34</sup>

E acto seguido esboza unha historia da nación española que contén case todos os elementos básicos da que será canónica no nacionalismo liberal español do século XIX, incluídas a xénese e as características maiores do pretendido *Volkgeist* propio. Para fundamentar os contidos principais deste apóiase nunha ampla nómina de autores dende Tucídides e Tito Livio a Guicchiardini. O resultado é que os españois son valentes, liberais, benignos, obsequiosos cos forasteiros, aman-

<sup>34</sup> Ibidem, p. 194.

tes da xustiza e a integridade, honrados, celosos da súa independencia, etc. Cualidades ás que Feijóo engade da súa propia colleita a “lealtad” e a “fidelidad en la correspondencia del comercio”. É sorprendente, nun frade coma el, que non inclúa a relixiosidade católica. Se cadra non o fai porque a dá por suposta. Pero en todo caso esta omisión indica que o seu protonacionalismo non ten unha orientación predominantemente tradicionalista.

Ese *Volkgeist* maniféstase a través dos séculos nun devir marcado por unha serie de fitos e heroes que, como acabo de dicir, fornece xa case completa a que será versión nacionalista española do pasado peninsular. Na Antigüidade, aparecen Viriato, Sagunto, Numancia, as guerras cántabras de Augusto, a españolidade dos grandes emperadores Traxano, Adriano e Teodosio e a elección de “España” como terra de predicación por Santiago o Maior e San Paulo. Nos séculos escuros, as luminarias de San Isidoro, San Leandro, San Fulxencio e San Ildefonso. Comeza a Idade Media coa “pérdida de España” a mans dos musulmáns e a súa progresiva recuperación gracias ás xestas de grandes homes como Bernardo do Carpio, El Cid, Fernando III e Afonso o Grande (todos casteláns). A reconquista culmina coa unidade política mediante o matrimonio de Don Fernando (“gran maestro de la política”) y Dona Sabela (“heroína”), a conquista de Granada e a anexión de Navarra. E empeza a expansión imperial en Europa (Italia) e no Novo Mundo, o que dá lugar a unha nova fornada de herois como o Gran Capitán ou Hernán Cortés. Chegado aquí, sinte a necesidade de limpar de toda mácula a acción imperial española, aínda que para isto teña que esquecer as súas ideas ilustradas sobre a igualdade esencial de todos os homes e todos os pobos:<sup>35</sup>

“No pudiendo los ojos mal dispuestos de las demas naciones sufrir el resplandor de gloria tan ilustre, han querido obscurecerla, pintando con los más negros colores los desórdenes que los nuestros cometieron en aquellas conquistas. Pero en vano; porque, sin negar que los desórdenes fueron muchos y grandes, como en otra parte hemos ponderado, subsiste entero el honor, que aquellas felices y heroicas expediciones dieron a nuestras armas [...] Batallaban los españoles con unos hombres, que apenas creían ser en la naturaleza hombres, viéndoles en las acciones tan brutos. Tenía alguna apariencia de razón el que fuesen tratados como fieras los que en todo obraban como fieras[...]

Si otras naciones en los países donde entraron, fueron más benignas con los americanos, que lo dudo, no es de creer que esto dependiese de tener corazón más blando que los españoles, sino de tener mejor estómago para ver tales atrocidades y hediondecas. Puede ser que la mayor delicadeza de los españoles en materia de religion y costumbres los hiciese más intratables para aquellos bárbaros”.

Parece claro, pois, que o españolismo de Feijóo prevalece sobre as súas ideas ilustradas e sobre a súa caridade cristiá sempre que sexa necesario para salvar a honra da nación española.

<sup>35</sup> *Ibidem*, p. 209.

## Algunhas conclusións

Como se ilustra nas páxinas precedentes, Feijóo é un precursor non só do patriotismo protonacionalista español dos ilustrados posteriores senón tamén doutros grandes autores da Ilustración europea. O uso entrelazado e confuso de dúas concepcións dos grupos humanos -unha de base etnolingüística e outra de base político-institucional e histórica- aparecerá case idéntico en *L'Esprit de Lois* (1748) de Montesquieu e no *Essai sur les mœurs...* (1756) de Voltaire. O mesmo cabe afirmar do valor que concede ao determinismo xeográfico e ao *genio* das nacións, precedente inmediato do *Volksgeist*. A súa consideración da lingua como elemento principal na definición das “nacións” adiantase en moitos anos á de Herder. Poren, o máis interesante para nós é cómo subordina esta definición etnolingüística á político-estatal afirmando a supremacía da *patria común* ou Estado-patria, que debe ser a destinataria lexítima das lealdades por riba incluso da fidelidade á persoa do príncipe (elemento clave da teoría do absolutismo político).

En segundo lugar, Feijóo, para cimentar mellor o seu concepto de patria española, refórzaa coa definición obxectiva retrotraendo a existencia de España á máis lonxana antigüidade. A partir desa suposta orixe remota, na que xa existían os *españóis* e se manifestaba o seu carácter nacional distintivo, esboza a traxectoria histórica da nación española cuns trazos grosos que son case idénticos aos que deseñará a historiografía nacionalista española do século XIX. Temos, xa que logo, en Feijóo unha definición da nación española á que só lle falta un elemento (pero decisivo) para constituír o referente ideolóxico central do nacionalismo moderno: facer da nación española o suxeito colectivo da soberanía. Por último, a súa vindicación de España e dos españois para combater a mala imaxe que outros difundían adiantase en moitos anos ás máis coñecidas de Cadalso, Forner e Masdeu no século XVIII ou de Menéndez Pelayo no XIX.

Todo isto convirte a Feijóo nun auténtico pioneiro do protonacionalismo español ilustrado, algo que a historiografía non adoita recoñecerlle debidamente. Por outra parte, a comparación das súas ideas coas de Fr. Martín Sarmiento,<sup>36</sup> que cronoloxicamente é case dunha xeración posterior, revela dúas cousas, ambas de interese. A primeira é que se, por un lado, os avances do Estado, da centralización e da uniformización castelanizante podían inducir un pensamento concorde, como o de Feijóo, no referente á cuestión nacional, por outro lado tamén favorecían a aparición reactiva de argumentos en sentido contrario que pretendían o retorno a unha maior descentralización e ao mantemento e intensificación da diversidade etnolingüística. Xurde, pois, o embrión dun tipo de controversia que, agudizándose cada vez máis, percorrerá sen interrupción os dous últimos séculos da historia de España. O segundo aspecto a sinalar é que esa resistencia aos avances do protonacionalismo, resistencia que aquí personificamos en Sarmiento, á penas ten compoñente expresamente político nas súas formulacións, de modo que non dá lugar a un protonacionalismo alternativo. E isto é, na miña opinión, moi indicativo do vigor adquirido xa polo patriotismo español, vigor capaz de inhibir en gran medida o alcance das reaccións en contra deses avances. Fenómeno este que tamén terá continuidade durante a maior parte do século XIX, aínda que non no XX. 🇵🇹

<sup>36</sup> Sobre as ideas de nación e patria en Sarmiento, vid. J. Beramendi, “Sociedade, nación e política en Sarmiento e nos ilustrados galegos”, in *O Padre Sarmiento e o seu tempo*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega-USC, 1997, vol. I, pp. 265-282.



# A fotografía de Jules Gervais-Courtellemont: un documento para a investigación e a didáctica do patrimonio en Galicia

BEGOÑA BAS

*Facultade de Ciencias da Educación  
Universidade da Coruña  
begona.bas@udc.es*

## **Introdución. A fotografía: documento e recurso**

O valor e interese da fotografía como documento no ámbito da investigación e do ensino das ciencias sociais é hoxe indiscutíbel. Tradicionalmente, os estudos restrinxían as fontes documentais á documentación escrita como primordial e case exclusiva, e o ensino –de todos os niveis– se orientaba ao dominio do texto e todo o seu universo, quedando a fotografía nun segundo lugar como material de apoio para o discurso ou como un material meramente ilustrativo. Esta concepción foise superando e paulatinamente a fotografía pasou a ocupar un lugar importante na epistemoloxía das ciencias sociais, con diferente ritmo e fortuna nas distintas disciplinas que as integran. O seu valor transcende do que supón na historia da técnica e da arte, pois son moitas as funcións e valores que encirra, moitas as lecturas e as olladas que podemos facer nela; o seu valor polisémico é hoxe indiscutíbel (Lara López, 2005; Arias Santos, 2009).

Con este valor estase recoñecendo e aplicando, así mesmo, no eido do ensino, na didáctica das ciencias sociais, onde as fontes iconográficas están demostrando ter un potencial moi importante. Este potencial refírese a todo o proceso de ensino-aprendizaxe, non só para a adquisición de contidos conceptuais senón tamén como recurso didáctico. As posibilidades didácticas da fotografía son tantas como lecturas ten en si mesma e como posibilidades dá o contexto no que se vaia desenvolver a acción educativa (Arqué i Bertran, 2002).

Nesta andaina, os museos tamén teñen un papel activo moi importante, atraendo aos seus fondos a fotografía e sobre todo realizando exposicións nas que a fotografía non só é un soporte senón, e sobre todo, o obxecto das mesmas. Moitas destas exposicións teñen unha finalidade educativa e didáctica, ademais da de difusión, tanto polo contido e orientación das mesmas como polas actividades, obradoiros e materiais que producen. Os museos están cada vez máis implicados na educación con programacións e actividades que coordinan os DEAC que hoxe en día están implantados na maioría deles (Santacana e Serrat, 2007). As exposicións fotográficas, tanto de fotografía documental como fotografía-documento, son un exemplo. As bibliotecas e sobre todo os arquivos tamén participan na definición da fotografía como documento, incluíndoa nos seus fondos como parte do patrimonio documental así definido por lei e recollido na extensa bibliografía de arquivística.

O obxectivo que pretende este artigo é dar a coñecer a obra concreta dun fotógrafo en Galicia e, co seu estudo, reflexionar sobre o seu valor documental e do seu valor didáctico, considerando a fotografía non só como unha forma de linguaxe ou como obra de autor senón transcender a súa ollada: que nos di a fotografía sobre o seu contido e que nos suxire, como nos motiva e que perspectivas nos abre sobre a súa lectura. Son, pois, tres niveis de lectura relacionados entre deles: un fotógrafo que nos deixou imaxes de interese sobre Galicia no primeiro terzo do século XX, a análise dunha destas fotografías como documento de investigación, e a aplicación da mesma como recurso didáctico.

## O descubrimento: unha fotografía de 1931 dun muíño de vento en Galicia

Nun artigo de *International Molinology*<sup>1</sup> (Gibblings 2001: 2-3), atopamos unha imaxe que chamou a nosa atención: unha fotografía dun muíño de vento cun breve texto no que se indica que se trata dunha reprodución da orixinalmente publicada en *The National Geographic Magazine* no ano 1931. No comentario sobre da imaxe, o texto di: “Spain, Galicia. This picture, entitled “North-Western Spain” was published in the National Geographic Magazine of January 1931. (...) I have no idea where they were situated in North-West Spain, but Galicia seems more likely than Asturias. (...)”. Por tanto, o autor do artigo danos a referencia da fotografía e manifesta o seu descoñecemento sobre da localización do muíño, se ben indica a posibilidade de que se trate de Galicia<sup>2</sup>.

Na fotografía (Foto 1) aparece un muíño de vento en perfecto estado, coas velas despregadas, unha persoa na porta, quizabes o muiñeiro, e sen dúbida traballando nese instante. Ademais obsérvase parte das velas doutro e dunha plataforma sobre da que estaría este outro muíño.

O artigo e concretamente a fotografía, sorprendeunos por dúas razóns: a primeira porque se trata dunha imaxe que axiña puidemos identificar e a segunda porque apenas existen referencias aos muíños galegos nas publicacións de *T.I.M.S.*<sup>3</sup> e aínda é máis inusual unha fotografía destas características. Observámola detidamente: trátase dun muíño de torre, localizado nun lugar elevado da costa e que xunto a el hai outro muíño de vento con plataforma. Decatámonos de que tanto polas características construtivas e tipolóxicas do muíño como polo emprazamento e pola paisaxe que se aprecia ao fondo da imaxe, poderíase tratar dos muíños de vento do Barqueiro (Mañón) que a autora deste artigo estudara nos anos '80 (Bas 1991). Mesmo o ángulo dende o que está realizada a fotografía sería practicamente o mesmo que algunha das que nós fixeramos (Foto 2). Mais, daquela, só se conservaba un dos muíños que se presentaba dunha tipoloxía diferente.

Ao interese e sorpresa inicial de ver a foto, sumouse a emoción de pensar que estabamos perante un documento único non só sobre un muíño concreto de Galicia senón probabelmente sobre unha tipoloxía de muíño. Encontrámonos, pois, cun documento de excepción para o coñecemento duns muíños dos que ate o momento non conseguíramos imaxe ningunha e que están clasificados e documentados en base á información recollida no traballo de campo. Así pois, acu-

1 Publicación de *The International Molinological Society [T.I.M.S.]*, asociación que ten como finalidade o fomento das relacións entre investigadores e estudosos dos muíños, a difusión das investigacións e a defensa e recuperación deste patrimonio. O seu ámbito é fundamentalmente Europa e tamén Norteamérica. Fundouse en 1973.

2 Chris Gibblings é un estudoso dos muíños que recorreu varios países recompilando imaxes sobre os mesmos. Da súa visita a Galicia ten publicado un traballo no que dá una breve visión (Gibblings, 1990).

3 Con respecto aos muíños de vento de Galicia cfr. Bas (1990).





**Foto 1.** "Don Quixote did not conquer all Spain's windmills". Fotografía de Jules Gervais-Courtellemont, publicada en *The National Geographic Magazine*, 1931, LIX: 1 [tomada de <http://www.nationalgeographicstock.com> título "A man peers from a large spanish windmill"]



**Foto 2.** O muíño do Barqueiro situado xunto ao fotografado por Gervais-Courtellemont, na década dos '80 (foto de Begoña Bas).

dimos á referencia orixinal que Gibbings nos proporciona: *The National Geographic Society Magazine*.

## O autor: Jules Gervais-Courtellemont

No número correspondente a xaneiro de 1931 de *The National Geographic Magazine* publícase *Color Contrasts in Northern Spain. 14 Natural Color Photographs*, da autoría de Jules Gervais-Courtellemont. Trátase de catorce fotografías das que sete son feitas en Galicia e de temática galega: dúas son de Santiago (unha vista do conxunto monumental dende a Ferradura e outra da porta do antigo Hospital) e as cinco restantes son imaxes de diferentes aspectos da vida cotiá, entre as que se encontra a do muíño.

O autor é Jules Gervais-Courtellemont. Francés, nacido en Seine-et-Marne da rexión parisina en 1863 e morto en 1931, é un fotógrafo, viaxeiro, editor e conferenciante. A súa importancia na historia da fotografía ven dada principalmente por varios feitos ou circunstancias que nel concorren: a utilización pioneira das placas autocromas, a súa paixón polo mundo árabe que o leva a percorrer e fotografar incansabelmente moitos países do norte de África e oriente, a calidade das súas fotografías, e a súa dimensión formadora en relación coa difusión dos temas que fotografara e coa técnica que utilizara. A súa obra transcendeu e tivo unha grande repercusión no primeiro terzo do século XX<sup>4</sup>.

Un feito moi importante para a súa traxectoria foi a adolescencia vivida en Alxeria, que o impactou fortemente e de onde lle veu a súa paixón polo mundo árabe e o oriente, que mes-

<sup>4</sup> Para a súa biografía *vid.* referencias ao final do artigo.

mo o levou a se converter ao islam en 1884. Esta foi sen dúbida unha cuestión determinante pois un ano despois peregrina á Meca e fai unhas fotografías inéditas entón. A partir deste momento inicia unha actividade imparábel viaxando e fotografando dende Marrocos ate China pasando por Tunicia, Exipto, Palestina, Turquía, India e outros países, captando coa súa cámara a cultura árabe. Mais non só explorou estes territorios senón que tamén o fixo por España e Portugal, probabelmente seguindo o seu interese polo coñecemento do mundo árabe, pois semella comprobado que comezou o seu percorrido por Andalucía cando tiña vinte anos<sup>5</sup>. Por todas estas terras, Gervais-Courtellemont fotografou escenas, paisaxes, persoas, monumentos que, baixo a súa óptica, eran temas que reflectían o máis significativo dos países explorados e os seus moradores.

A súa achega á fotografía é de grande importancia, non só polos temas recollidos senón pola súa técnica: desde 1907 traballou coas placas autocromas seguindo o procedemento pioneiro da fotografía a cor que patentaran os irmáns Lumière denominado *Autochromes Lumière* e que comercializaron neste mesmo ano<sup>6</sup>. Esta técnica seduciu axiña ao fotógrafo quen, xa en 1907-1908, viaxou por Turquía, Palestina, Siria e Exipto, onde realizou 1300 autocromas.

Ademais de viaxeiro e fotógrafo, Gervais-Courtellemont exerceu de profesor, conferenciante e editor de moitas publicacións coas súas propias imaxes. En Paris creou o *Palais de l'autochromie*, onde pronunciaba conferencias con proxeccións das súas imaxes, convertendo este nun importante centro de exhibición e laboratorio dunha técnica daquela moi nova e de resultados impactantes. Coas súas primeiras fotografías realizadas nas placas autocromas en 1907-08 encetou esta serie de conferencias ilustradas ás que puxo os títulos de *Visions d'Art* e *Visions d'Orient*. Esta actividade continuou durante toda a súa vida activa de fotógrafo, compaxinando as conferencias-proxeccións coas súas viaxes, dunha maneira incansábel e sen interrupción. Nelas transmitía a súa paixón e coñecemento polo mundo árabe, tanto aos iniciados na fotografía como ao grande público, pois o seu saber e entusiasmo uníanse ao exótico e descoñecido dos temas e á novidade das fotografía a cor dende que el comezara a usala. Por todo isto chega a ser considerado como un “personaje ilustrado que ejerce como profesor y editor de multitud de publicaciones con sus propias instantáneas. En sus autochromes va a registrar su erudita mirada de la otredad a modo de diario de viajes” (Maíllo Cascón, 2010).

As súas obras de conxunto máis coñecidas son as fotografías inéditas da Meca, realizadas en 1896, onde peregrinou logo de se converter ao Islam e sobre todo as realizadas na primeira guerra mundial tomadas nas trincheiras do Marne. Publicou as fotografías e reportaxes en *The National Geographic Magazine* e en *L'Illustration* e editou unha extensa obra *La civilisation. Histoire sociale de l'humanité*, ilustrada coas súas fotografías, publicada en 1923-25.

Na súa vida e na súa obra ocupou un lugar moi importante o novelista, orientalista e tamén fotógrafo Pierre Loti, con quen tivo unha longa e fonda amizade.

As súas placas consérvanse en diferentes arquivos: 3248 na cinemateca Robert-Lynen (Paris), 2291 no *National Geographic Museum (Washington)*, 84 na colección *Archives de la Plànete* do

5 “La Photographie des couleurs. Autochromes Lumière 1907-1935”. Ministère de la Culture et de la Communication. <<http://www.autochromes.culture.fr>>

6 Existe extensa bibliografía sobre das placas *autochromes* e remitimos a <<http://www.autochromes.culture.fr>>

*Musée Départemental Albert-Kahn* (Boulogne-Villancourt) e *76 na Société Française de Photographie* (Paris) (Lefebvre 2004).

Morreu en 1931, ano no que os irmáns Lumière retiran a placa Autochrome da venda para introducir o film a cor e ano tamén no que se publica a fotografía obxecto deste artigo en *The National Geographic Magazine*.

O autor é un exemplo representativo dos fotógrafos que arredor de fins do século XIX e primeiras décadas do XX, movidos por intereses diferentes -pero todos, ou a maior parte deles, cuns resultados excepcionais que nos legaron coa súa obra- realizaron exploracións e viaxes por terras lonxe dos seus países de orixe para recolleren coas súas cámaras e, sobre todo, coas súas olladas, instantes, persoas, paisaxes, obxectos, arquitecturas, etcétera.

Polo que respecta a Galicia, sen dúbida a obra máis completa e, ao tempo, coñecida é a de Ruth Matilda Anderson. O indiscutíbel interese da súa obra deuse a coñecer con ampla difusión na exposición realizada en Galicia en 2009 e a edición do correspondente catálogo. O seu é un traballo de documentación etnográfica excepcional, cun plano de traballo establecido e cuns obxectivos ben definidos que se acadaron cumpridamente (Lenaghan, 2009; Herradón Figueroa, 2006). Incluso contamos cunhas fotografías dun dos muíños de vento de Espasante (Ortigueira), datadas en 1925, (catálogo: Anderson 4190, 4194, 4195 e 4196) nas que recolle a secuencia da posta en funcionamento deste: armando as aspas, aferrando as velas e o muíño traballando, así como unha imaxe do interior. Este é un documento valiosísimo, pois apenas hai fotografías dos muíños de vento traballando (Bas, 1991) o que nos dá a oportunidade unha lectura etnográfica de primeira orde<sup>7</sup>. Ademais dela, outros fotógrafos e viaxeiros, homes e mulleres, viñeron a Galicia e recolleron coas súas cámaras, paisaxes, escenas, instantes ..., que son hoxe documentos imprescindíbeis para o coñecemento de moitos aspectos do noso pasado e da nosa cultura (Seixas Seoane, 2009).

Neste contexto enmárcase a figura de Jules Gervais-Courtellemont, mais non nos consta noticia ningunha de que a súa obra sexa coñecida en Galicia. Nos estudos sobre fotografía en Galicia fanse percorridos ben documentados polos fotógrafos e fotógrafas que viaxaron coas súas cámaras polo noso país (Seixas Seoane, 2009; Acuña e Cabo, 1995), mais non atopamos mención ningunha a Gervais-Courtellemont nin ao seu traballo.

## **A revista: *The National Geographic Magazine***

Gervais-Courtellemont foi fotógrafo da prestixiosa e coñecida revista, órgano de expresión da *National Geographic Society*, da que se publicou o primeiro número en outubro de 1888, nove meses despois da fundación da sociedade. A revista, sempre punteira en temas, calidade e novidades, manifestou moito interese polo fotógrafo a quen contratou durante anos e publicou moitas das fotografías que realizara anos antes. Entre 1924 e 1931 o autor colaborou coa revista, e as súas autocromas publicáronse en diferentes números neste período. A revista tiña moito interese tanto pola calidade das mesmas e os temas recollidos, moi en sintonía coa liña da mesma, como porque

<sup>7</sup> Algúns aspectos do traballo de Ruth Matilda Anderson son estudados nun proxecto que temos actualmente en marcha sobre fotografía, etnografía e recursos didácticos en Galicia, no que tamén se inclúe obra de Jules Gervais-Courtellemont, entre outros.

eran fotografías a cor e naquel momento a cor era para *The National Geographic Magazine* un criterio prioritario na publicación de fotografías.

O conxunto de imaxes publicadas neste número (dúas reproducidas na Foto 3), do que forma parte a fotografía que analizamos neste artigo, preséntansenos como documentos de Galicia na época na que foron realizadas, moi na liña da fotografía sen pretender ser documental –ou non só documental– feita nas primeiras décadas do século XX. Sete recollen escenas e temas galegos e, ao día de hoxe, non contamos con información sobre se estas son as únicas fotografías deste autor realizadas na nosa terra:

–“Ferdinand and Isabella founded the Royal Hospital at Santiago”, a portada do Hospital e dúas figuras femininas co traxe galego.

–“Santiago’s cathedral spires greet the traveler from afar”, vista dende a Ferradura con dúas figuras femininas, probablemente as mesmas que na anterior.

–“Cash and carry in Galicia”, na que unha muller ten no colo un porquiño<sup>8</sup>.

–“Traffic moves slowly in rural Spain”, onde a muller leva no carro de bois ao neno.

–“Storing the season’s harvest”, imaxe dun hórreo, meda, mulleres metendo o millo no hórreo e home con coroza.

–“Hard work distinguishes Galicia women”, catro lavadeiras cos cestos de roupa branca.

–“Don Quixote did not conquer all Spain windmills”, o muíño de vento.

No mesmo número de *The National Geographic Magazine* publícase un artigo dunha viaxe realizada por Harry A. McBride dende Madrid ate Galicia, onde reflicte as impresións que nel produciu a paisaxe tan diferente “(...) on enters a different country, unlike anything else in Spain, but still Spanish” (McBride, 1931:125) e fai unha superficial descrición dos galegos e detense nalgúns aspectos das principais cidades que el visitara. O artigo é continuación do publicado polo mesmo autor con anterioridade no mesmo medio (McBride, 1929); entre as súas páxinas reproducense dúas fotografías sobre Galicia, unha da autoría de Ernest Peterffy das lavadeiras de Vigo e a



**Foto 3.** Reprodución da lámina V de “Color Contrasts in Northern Spain. 14 Natural Color Photographs”. *The National Geographic Magazine*, 1931, LIX, 1.

<sup>8</sup> Esta fotografía é a única difundida en Galicia [en liña] Consulta 15/03/2011 < [http://arqueoloxico.com/cgi-bin/weblog\\_basico/](http://arqueoloxico.com/cgi-bin/weblog_basico/)>

outra de Ángel Rubio na feira de Santiago. Neste mesmo número publícanse 40 fotografías de Gervais-Courtellemont, mais ningunha é de Galicia.

O feito de que nunha primeira aproximación á revista dea estes resultados e que Gervais-Courtellemont publicara fotografías nela dende 1924 ate 1931, abre expectativas da presenza de Galicia nesta publicación, tanto da man do fotógrafo como doutros autores.

## A fotografía: a estética, a técnica e o documento

Analizada a localización e o tema da fotografía, hai tres aspectos que é importante non pasar por alto: a cuestión estética, a técnica e a datación. Sobre da primeira, dicir que as placas autocromas, con ser fotografías a cor (que non coloreadas), confiren a estas un valor estético inconfundíbel. A técnica utilizada<sup>9</sup> dá como resultado uns tons pastel que non reflicten exactamente a realidade e á primeira vista case fai dudar se se trata dunha fotografía ou unha pintura. Mais este efecto estético de delicadeza non só se produce pola técnica autocroma senón pola mestría do autor, quen acadou un resultado excepcional nos temas, ángulos e encadres. Así se reflectía isto, no extracto do programa dunha das sesións das conferencias-proxeccións: “On lui doit cette finesse, cette douceur e cette perfection des images qui ne se trouvent que là et constituent un véritable régal artistique”, ou “Mais c’est avec l’émerveillement provoqué par ses projections d’autochromes qu’il acquiert une renommée auprès du grand public”<sup>10</sup> e nas opinións que se recoñecen en diferentes textos sobre a súa obra, como a do seu coetáneo Coustet (1911): «visions inoubliables où chante l’harmonie de ces colorations étranges et fugitives, si nouvelles à nos yeux d’occidentaux. Il faut ’avoir pas vu cela pour prétendre que la plaque autochrome fournit seulement de la couleur plus ou moins exacte, “mais de l’émotion jamais” et que l’ombre et la pénombre lui sont mortelles”. Cabe supor, pois, o efecto que poderían ter as súas placas proxeccionadas tendo en conta o producido coa contemplación das fotografías impresas.

Con respecto aos datos aportados na publicación da fotografía, o autor non informa sobre a localización do muíño nin na data na que se tomou a imaxe. En relación a esta, os datos apuntan a que se debeu facer probabelmente arredor dos anos ’20, pois algunhas das fotografías realizadas en España están datadas en 1914, 1924 e 1929, estas dúas últimas refírense a dúas das fotografías que forman parte do conxunto publicado en 1931, mais ningunha delas é en Galicia. A foto leva un pé que di: “Don Quixote did not conquer all Spain windmills. However, hydroelectric power is rapidly accomplishing the downfall of those which Cervantes’ hero left untoppled”. Nesta lenda, ademais da evidente referencia na que asocia os muíños de vento a El Quijote, faise unha mención á desaparición destes por seren substituídos pola enerxía hidroeléctrica.

A análise da fotografía como documento complementábase co estudo sobre do autor -Gervais-Courtellemont-, a técnica -as placas autocromas-, o tema -os muíños de vento-, e outros aspectos importantes que darán a información necesaria para o tratamento da foto como documento, pois, como afirma Arqué i Bertran (2002: 277) a fotografía debe someterse a unha interrogación exhaustiva para que sexa posíbel a súa lectura e xerar información que debe ser analizada, con-

9 Vid. apartado dedicado ao autor neste mesmo artigo.

10 “Extrait du programme de la séance des Visions d’Orient du 19 janvier 1909”. Ambas referencias en <<http://www.autochromes.culture.fr/index.php>>



trastada e interpretada. Deste xeito, adquire o tratamento de documento para a investigación.

## O tema: identificación do muíño

Logo de analizar a fotografía detidamente confírmase a nosa primeira impresión de que se trata dos muíños de vento situados no lugar de Muíño de Vento da parroquia de Santa María de Mogor no concello de Mañón. E chegamos a esta conclusión por unha tripla identificación:

-A localización: a paisaxe de costa, a situación dos muíños con respecto a esta e un núcleo de poboación que se observa parcialmente na parte baixa e con seguridade xunto ao mar que ten a mesma situación que o porto do Barqueiro.

-A situación dos muíños nesta localización.

-As características dos muíños: os datos do noso estudo recollidos no traballo de campo por observación directa no único que se conservaba do conxunto, e os datos aportados polos informantes sobre este e os muíños desaparecidos.

Nesta localización do Barqueiro existiron tres, probabelmente catro, muíños de vento moi próximos uns doutros, dos que tamén informaba Dávila Díaz (1931: 233) no mesmo ano en que se publicaron as fotografías: “En el Barquero, en Loiba e en Mañón aun quedan algunos molinos a viento, y en el Barquero, casi rozando las aspas de uno de esos molinos, se estableció otro de fuerza eléctrica”. Gibbings (2001:2), inclínase con acerto, por situar o muíño en Galicia con máis probabilidade que Asturias (as fotografías son do Noroeste de España) aínda que non explica esta súa observación “I have no idea where they were situated in North-West Spain, but Galicia seems more likely than Asturias”, mais engade “There has been no mention of them in Spanish molinological literature”, no que demostra non coñecer a literatura sobre o tema.

Na área comprendida entre Ortigueira e Ribadeo todos respondían ás características de dous tipos principais (Bas, 1991: 173-196):

-Tipo “de torre fixa e cuberta xiratoria”: sobre dunha ampla plataforma circular ergue a torre de grosos muros con fábrica de cachote, diámetro interior que chega aos 5 m e distribuída en dúas plantas; na superior están instaladas as moas e na inferior os mecanismos de distribución do movemento a estas dúas moas. A cuberta, cónica e de madeira, xira sobre do cumio do muro e o eixo do mecanismo motor atravesaa rematando nas aspas nas que se instalaban as velas de lenzo; no extremo oposto, unha longa madeira que encaixa na base da cuberta e chega ate o chan, serve para accionar dende o exterior o sistema xiratorio da cuberta. Deste tipo constatamos 15 muíños na área de Ortigueira a Viveiro.

-Tipo “de torre xiratoria”: carece de plataforma e a torre consta dunha base de fábrica de cachote de 1 m aproximadamente de altura, sobre da que se instala a torre de madeira, ambas do mesmo e reducido diámetro que non excede dos 2 m. A cuberta, cónica e de madeira tamén, está fixa sobre da torre e a que xira é esta por medio dun sistema instalado na súa base. O eixo e as aspas están, polo común, instaladas na cuberta aínda que esta sexa fixa. Son muíños de reducidas dimensións e dunha soa moa. Deste tipo constatamos 10 muíños na área de Ortigueira a Viveiro. Cómpre sinalar que algúns informantes aportaron datos, imprecisos, sobre da posibilidade de que



**Foto 4.** O muíño de Vidal en 2010 (foto de Begoña Bas).

algún destes muíños fosen de torre fixa e cuberta xiratoria, aínda que presentasen as características formais dos xiratorios, información que non se puido constatar.

Volvendo á fotografía, obsérvase que o muíño responde ás características do tipo “de torre xiratoria”: a torre cilíndrica de pedra sobre da que ergue a de madeira, cilíndrica tamén, de proporcións reducidas, cuberta cónica, aspas con catro velas de lenzo e sistema xiratorio de orientación exterior no que incluso se observa o detalle do extremo do longo madeiro para aferrar as velas, o rabo. Ademais, que apareza na foto unha persoa, o home da porta (o muíneiro?) danos a escala para poder calcular as dimensións e, consecuentemente, o número probábel de moas que sería unha única. Por tanto, en principio pertencería a este grupo, mais temos en conta dous aspectos: a posibilidade duns muíños que presentando estas características formais fosen de cuberta xiratoria, segundo datos imprecisos de dous informantes, e o comentario de Gibbings (2001:2) ao reproducir a fotografía: “(...) The mill is a slight exception to the rule, as the conical cap revolves on the top of the circular wooden body and not on the supporting stone tower. (...)”. Nel afirma que o muíño difire da norma pois a tapa cónica xira sobre da parte superior do corpo de madeira circular e non sobre da torre de pedra que servía de soporte. Na cita, non explica o fundamento desta aseveración se ben é preciso deterse na fotografía e observamos o seguinte: polo ángulo de inclinación do rabo semella que está unido ou á cuberta ou á parte máis alta da torre, por tanto estaría unido á altura do sistema xiratorio; se este estivese na base, o rabo estaría unido a esta altura da torre e isto non é o que se observa na fotografía. Por tanto, é posíbel que nos encontremos

perante un exemplo de variante de muíño de torre fixa e cuberta xiratoria de características formais e construtivas semellante aos de torre xiratoria, se ben isto é unha hipótese.

Na fotografía aparecen parcialmente a plataforma e as velas doutro muíño. Cos datos contrastados e comprobados *in situ*, podemos afirmar que se trataría do único que actualmente se conserva. Trátase do “muíño de Vidal”, de torre fixa e cuberta xiratoria, que recuperado na década dos '80 (vid Foto 4) segue en bo estado na actualidade (Foto 5) sendo o único non só do Barqueiro senón da área Ortigueira-Viveiro, pois a práctica totalidade desapareceu e non queda máis que algunha ruína.

## O recurso

Un dos moitos valores recoñecidos ao patrimonio cultural é a capacidade que ten de “emocionar, de evocar, de recordar o de agradar” (Prats e Hernández, 1999:12) e a fotografía engade un alto valor a esta capacidade. Polo que se consideramos o patrimonio cultural unido á fotografía teremos un binomio que cumpre á perfección con esta premisa de emocionar e, por tanto, de motivar na súa utilización como recurso didáctico.

Coñecido o fotógrafo e coñecida unha parte da súa obra, moi reducida pero descoñecida ate o momento e que ademais enriquece tanto a historia da fotografía no país como o coñecemento sobre do noso pasado, preguntámonos que outras aplicacións pode ter? Como pode transcender o seu coñecemento ao público? Que pode aportar no eido da educación? Pode ser un recurso didáctico?

Como o demostran as exposicións de fotografía realizadas nos museos e nas salas doutras institucións e organismos, a capacidade de convocar ao público é unha realidade. As exposicións de fotografías que versan sobre o noso pasado acadan un grande éxito de afluencia e a edición dos catálogos correspondentes ofrecen a posibilidade de coñecer algo máis da autoría das mesmas, así como a posibilidade de “levármonos algún destes records” para, lonxe da exposición, seguirmos lembrando e gozando coas imaxes. Mais, cumprido este primeiro e primordial obxectivo de presentar a exposición (con todo o labor de recompilación, investigación, montaxe, etcétera) quedámonos aquí? ou podemos continuar traballando as fotografías aplicando procedementos didácticos máis específicos? Nalgunhas exposicións realízanse obradoiros, por exemplo, se ben isto ocorre naquelas de carácter máis técnico, en xeral.

Pois, as exposicións son unha das aplicacións que consideramos de carácter didáctico en rela-



**Foto 5.** Jules Gervais-Courtellemont (de Lefebvre, 2004).



ción coa fotografía. O discurso destas, a finalidade e a presentación dependerán das posibilidades ou capacidade das fotografías no que se refire a moitas variábeis, tales como os temas tratados, a repercusión ou coñecemento sobre o/a fotógrafo/a, a convocatoria e difusión, etcétera.

Ademais das exposicións, a fotografía presenta un potencial importante noutros eidos da educación en diferentes contextos. En primeiro lugar, ao ser un documento para a investigación nas ciencias sociais xa leva implícita a aplicación á educación nos contidos e obxectivos destas no ensino-aprendizaxe: o coñecemento e a aplicación da metodoloxía das ciencias sociais no alumnado do ensino obrigatorio: o coñecemento e desenvolvemento epistemolóxico das disciplinas nas diferentes áreas nas que se estrutura o ensino. Ao alumnado preséntaselle a oportunidade de traballar cun documento, a fotografía, sobre do que pode aplicar a metodoloxía científica (Arqué i Bertran, 2002).

En segundo lugar, outras aplicacións como recurso didáctico no ensino son tan variadas como lecturas pode ter a imaxe. A motivación, a significatividade e a valoración son tres calidades que presenta a fotografía e que sentan as bases para a transferencia didáctica. As aproximacións que se poden facer inclúen a fotohistoria (no que se atende aos aspectos técnicos da fotografía como á figura do fotógrafo), a análise da fotografía como documento (co que se está transferindo ao ensino a metodoloxía científica) e a transferencia para accións didácticas (traballando conceptos clave das ciencias sociais e tamén conceptos e procedementos doutras áreas). Os conceptos de espazo e tempo, fundamentais nas ciencias sociais, son de primeira aplicación na utilización da fotografía e, a partires de aquí, todos aqueles conceptos e procedementos que se derivan deles.

Dentro da área de coñecemento do medio, este é un material que posibilita a acción didáctica, xa que os muíños son elementos que forman parte do medio, mostras da arquitectura e da técnica tradicionais que integran o noso patrimonio cultural. Tanto na aula como nos escenarios fóra da aula, tales como saídas escolares para o coñecemento do medio e do patrimonio ou visitas a museos e exposicións, a fotografía é un recurso idóneo que motiva e transfere información.

En resumo, consideramos que a fotografía do muíño de Jules Gervais-Courtellemont ofrécese-nos como un documento de primeira man para o coñecemento dun tema do patrimonio cultural e, como tal, as súas lecturas desenvólense en varios niveis converténdose, así, nun recurso de primeira man non só para a investigación senón tamén para a didáctica. Existe unha relación entre o ámbito do patrimonio, investigación, didáctica e fotografía que conxuntamente dá como resultado un potencial para o estudo de cada un deles. O fotógrafo e viaxeiro Jules Gervais-Courtellemont é unha figura de grande transcendencia na historia da fotografía, concretamente no desenvolvemento da fotografía a cor. E este fotógrafo estivo en Galicia e captou imaxes que hoxe se nos presentan de interese e utilidade como documentos para o estudo de diferentes áreas ou disciplinas das ciencias sociais, dende a xeografía ate o patrimonio, con todas as lecturas e enfoques dende a historia, a antropoloxía e a etnografía. Ademais, como recurso didáctico permite a súa utilización en diferentes ámbitos, tanto nos contidos do ensino a todos os niveis educativos como en contextos que transcenden das aulas. 📍

## Bibliografía

- ACUÑA, X.E., CABO J.L. (1995) *Fotografías de Galicia no Arxivo Mas*. Centro Galego de Artes da Imaxe.
- ARIAS, V.I. e DOS SANTOS, A. G. (2009) “De la imagen a las notas de campo. Algunos apuntes en torno a la antropología y el empleo de fotografías para la producción de conocimiento”. *VIII Reunión de Antropología del Mercosur (RAM). Diversidad y poder en América Latina*. Buenos Aires.
- ARQUÉ i BERTRAN, M. (2002) “Las fuentes documentales fotográficas en la didáctica de las ciencias sociales”. Pilar Amador Carretero, Jesús Robledano Arillo y María Rosario Ruiz Franco (eds.) *Primeras Jornadas Imagen, Cultura y Tecnología*. Madrid, Universidad Carlos III, Editorial Archiviana, pp. 275-283.
- BAS, B. (1990) “Fixed-tower windmills with bi-directional vane systems in Galicia (NW. Spain)”. *News Letter*, nº 40, The International Molinological Society (TIMS), pp. 5-16.
- BAS, B. (1991) *Muñños de marés e de vento en Galicia*. A Coruña: Fundación “Pedro Barrié de la Maza”, pp. 439.
- COUSTET, E. (1911) La photographie des couleurs, *Photo-Revue*, Larousse.
- DÁVILA DÍAZ, J. (1931). *Geografía descriptiva de la comarca de Ortigueira*. A Coruña.
- De PASTRE, B., e DEVOS, E. (eds.) (2002) *Les couleurs du voyage. L'oeuvre photographique de Jules Gervais-Courtellemont*. Paris: Musées Phileas Fogg.
- GERVAIS-COURTELLEMONT, J. (1931) “Color Contrasts in Northern Spain. 14 Natural Color Photographs”. *The National Geographic Magazine*, nº LIX, 1.
- GIBBINGS, C. (1990) “Les moulins de Galice”. *Moulins du Morvan*, nº 20, 15-22.
- GIBBINGS, C. (2011) “Small composite windmills on the coast of Europe”. *International Molinology*, nº 63, pp.2-6.
- HERRADÓN FIGUEROA, M<sup>a</sup>. A. (2007) “Así nos vieron: fotografía y etnografía en España entre 1910 y 1930”. *Actas de las Quintas Jornadas Imagen, Cultura y Tecnología*. Universidad Carlos III, 3-5 de xullo de 2006. Madrid: Editorial Archiviana, pp. 265-274.
- LARA LÓPEZ, E.L. (2005) “La fotografía como documento histórico-artístico y etnográfico: una epistemología”. *Revista de Antropología Experimental*, nº 5. Texto 10.
- LEFEBVRE, Th. (2004) “Un ouvrage consacré à l'oeuvre photographique de Jules Gervais-Courtellemont”. *Bulletin de la Sémia*, nº 4, p. 4.
- LENAGHAN, P. (2009) “As campañas de Anderson”. *Unha mirada de antano. As fotografías de Ruth Matilda Anderson*. Catálogo da exposición. The Hispanic Society of America – Fundación Caixa Galicia, pp. 13-43.
- McBRIDE, H.A. (1929) “On the bypath of Spain”. *The National Geographic Magazine*, nº LV, pp. 311-372.
- McBRIDE, H.A. (1931) “Pursuing Spanish bypath Northwets of Madrid”. *The National Geographic Magazine*, nº LIX, 1, pp. 121-130.
- MAILLO CASCÓN, F. (2010) “De la materia. Mogarraz en la National Geographic”. [en liña] Consulta 19/01/2011 <<http://florenciamaillo.blogspot.com>>

- PRATS, J., HERNÁNDEZ, A. (1999) “Educación para la valoración y conservación del patrimonio”. *IMEB. Por una ciudad comprometida con la educación*. Barcelona: Ajuntament de Barcelona.
- SANTACANA MESTRE, J. e SERRAT ANTOLÍN (coords.) (2007) *Museografía didáctica*. Barcelona: Ariel.
- SEIXAS SEOANE, M.A. (2009) “Ver Galicia. A mirada ferida e a mirada transferida”. *Unha mirada de antano. As fotografías de Ruth Matilda Anderson*. Catálogo da exposición. The Hispanic Society of America – Fundación Caixa Galicia, pp. 45-67.

## Páxinas web

<http://www.autochromes.culture.fr>

<http://www.nationalgeographicstock.com>

<http://www.stevenkasher.com/html/ArtistResults.asp?artist=394&offset=18>

<http://www.verfotografias.com/2010/10/14/la-espana-de-principios-del-siglo-xx-a-color-natural/>



# Catro mulleres, catrocentos pareceres\*

ESTEFANÍA A. LODEIRO PAZ

## 1. Refráns, valores sociais e discriminación de xénero

Dende que nacemos, as persoas estamos inmersas nun proceso de socialización, onde diferentes axentes e institucións modelan as nosas actitudes e no que se aprenden diferentes roles. Polo feito de ser mulleres ou homes, aprendemos e levamos a cabo unha serie de comportamentos aceptados como femininos e/ou masculinos, que serán considerados como apropiados ou non favorecendo ou dificultando a nosa integración na sociedade. Ese proceso socializador ten lugar de forma diferenciada, por sexos, e un (as mulleres) é discriminado respecto do outro (os homes).

Só moi recentemente a sociedade en que vivimos empezou a defender as relacións de xénero simétricas e a perseguir a desigualdade e unha das súas peores consecuencias: a violencia de xénero. O primeiro en que pensamos ao falar de violencia de xénero é no maltrato físico, pero existen outras formas de violencia contra as mulleres máis sutís que pasan desapercibidas e seguen presentes na vida cotiá en multitude de ámbitos e situacións, amparadas en prácticas que non se revisan nin contestan, inscritas na cultura popular. Fernández Poncela (1996:44) considera que “a violencia e o desprezo exercidos contra a poboación feminina, que dunha ou outra forma xustifican a discriminación- ou á inversa-, están presentes non só nas prácticas e comportamentos sociais senón que se inscriben no xeito de concibir, representar e narrar a sociedade, nas formas de comunicarse e expresarse e tamén no mesmo exercicio de falar”.

No *Diccionario de Filosofía (Larousse, 2003: 63)* a definición de cultura inclúe “unha serie de trazos bastante consensuados: 1) a cultura é unha conduta aprendida, que basea a súa aprendizaxe na exclusiva capacidade humana de utilizar símbolos (...); 2) é un modo de interpretar a realidade (...); 3) é simbólica, por transmitirse a través de símbolos (...); 4) está estruturada e pautada (...); 5) é compartida, pero de modo diferencial polo que é internamente diverso (...); e 6) é un modo de adaptación (... a cambios do medio natural e social...) [o que] posibilita o cambio cultural”. Esta definición resulta moi interesante á hora de adoptar un enfoque de xénero na sociedade. En canto manifestación cultural, o xénero é unha conduta aprendida que descansa na aprendizaxe que recibimos, coa que se pon de manifesto a relación entre homes e mulleres na sociedade, que se transmite a través de símbolos e entre eles e fundamentalmente a través da linguaxe; este presenta dende sempre diferenzas dentro da súa aceptación, aínda que no proceso histórico só

\* Agradezo as achegas de Clodio González Pérez, Concha Losada Vázquez e Encarna Otero Cepeda, e a colaboración de Rosa Méndez García.

se visualice o modelo imposto dende o poder e, ante todo, debe responder aos anxeios sociais ao tempo que fomentar os cambios para acadar unha sociedade máis xusta.

A linguaxe, dende un enfoque etnolingüístico, constitúe un produto cultural que mostra e recolle na súa elaboración as formas de organización social, os valores e normas que rexen entre os membros do grupo e que conforman a súa tradición cultural. Entre as manifestacións da linguaxe está o refraneiro, no que conviven xunto con sentenzas que descansan na evidencia empiricamente contrastada ao longo do tempo, como poden ser os refráns sobre fenómenos atmosféricos ou naturais, outras sentenzas que tan só se fundamentan nos prexuízos dos que os utilizan, en especial nos refráns sobre comportamentos humanos.

O recurso a refráns descansa na súa aceptación, ou cando menos, na súa pretendida certeza, no seu valor como depósito da sabedoría popular e canon dos modelos e patróns de conduta asumidos na sociedade que os define e utiliza. Esta visión positiva do refrán incorpora un perigo en canto que os valores que recolle a tradición poden estar lonxe dos valores actuais. Non son sentenzas xudiciais que poñen fin ao proceso, senón que son meros adaxios que descansan nun concepto moral, e a moral é voluble, depende de cada persoa, e mesmo pode ser inxusta, indesexable e arbitraria.

Para Xesús Taboada Chivite (1972: 169-170): “os refráns constitúen fórmulas de fin didáctico ou moral, nadas anonimamente e que se transmiten de xeración en xeración. (...) Como concreción normativa de comportamento humano e contido de sabedoría e conduta alcanza destacada importancia”. A súa forma de breves versos facilita a aprendizaxe e transmisión das formas de pensar dun grupo social ou dun sistema sociocultural aínda cando o seu contido literal resulte desfasado<sup>1</sup>. Esta condición didáctica abrangue “unha temática tan ampla como a vida mesma”, pero debemos ser conscientes de que os refráns morais responden aos valores do momento en que foron creados, de igual forma que o seu emprego actual responde á pervivencia deses valores entre quen os seguen utilizando e os transmiten.

Se a sociedade evolucionou cara outras posicións debemos estar á espreita ante o perigo do emprego dun refrán anticuado como argumento fidedigno dun prexuízo que debería ser erradicado. Neste sentido, os refráns sobre a muller son un indicador dos estereotipos que rexían na sociedade no momento da súa elaboración, reflicten a consideración subordinada que historicamente tivo a muller en relación ao home, pero poden estar moi lonxe dos modelos actuais, aínda máis se pensamos que o refrán xorde non tanto da visión da realidade do pobo como da visión que pretenden manter os grupos predominantes. E ademais, en canto o refraneiro constitúe unha manifestación da cultura popular máis tradicional, debemos ser conscientes de que ás veces mostran unha visión anquilosada, que recolle os prexuízos caducos de mentalidades que non se corresponden coa visión actual.

Hai máis de medio século afirmaba Martínez Kleiser (1953: xxvii) “xa non se idean refráns. (...) A filosofía do pobo non comentou nos seus ditos a radio, nin o cinematógrafo, nin o avión, nin

<sup>1</sup> Matia non quedar cregos usando bonete, o refrán “*onde hai bonete non falta zoquete*” segue conservando o seu valor para referirse a un lugar onde hai comida. A pesar do seu anacronismo, poderíamos empregalo para referirnos á presenza de indicios con que identificar bos lugares onde comer sen coñecelos previamente, como os camións no aparcamento dun restaurante de estrada.

o ferrocarril. As súas formas antigas subsisten como pezas lingüísticas de museo”<sup>2</sup>. Esta queixa ten maior vixencia no momento actual das viaxes ao espazo e as tecnoloxías da información e a comunicación, de aí que o papel do refraneiro para ver os valores imperantes no pasado, mostra tamén a súa escasa adaptación aos cambios producidos na nosa sociedade. Este é o obxectivo deste artigo, destacar a visión da muller no refraneiro galego, como elaboración tradicional que ás veces está anquilosada e non cabe o seu emprego como modelo de conduta.

## 2. Tópica da muller no refraneiro galego

O refraneiro galego foi, e mesmo é, usado, creado e difundido polo pobo, na nosa propia lingua, aquela que utilizamos para expresar sentimentos, opinións e crenzas. Segundo Montaña (1999:16), o emprego dos refráns na sociedade galega foi abandonado polas clases medias urbanas para diferenciarse do mundo rural, e quedou relegado ao ámbito familiar e ás persoas de maior idade, pero a súa recollida en coleccións, o seu emprego na literatura, e mesmo na fala cotiá mostran a súa pervivencia no noso patrimonio cultural inmaterial<sup>3</sup>. *Como se proban os ditos é cos feitos*, e estudar o papel da muller no refraneiro galego axudaranos a entender quen somos, de onde vimos e cara onde imos.

Os refráns galegos sobre a muller están por suposto incluídos na inmensa maioría das recompilacións da paremioloxía galega<sup>4</sup>, e de organizarse por temas, incorporan de forma específica tópicos sobre a muller<sup>5</sup>: Existen ademais dúas recompilacións paremiolóxicas específicas, as realizadas por Sesto López (1976) e Moreiras Santiso (1973). A súa estrutura temática interna mostra en gran parte os tópicos e estereotipos da muller no refraneiro galego, e resultan máis relevantes por seren publicados moito antes da incorporación do discurso de xénero na nosa sociedade. A portada do segundo está ilustrada cun debuxo humorístico a partir do refrán “*Deus tamén fixo a muller e dixo... Eí queda iso!* “. Na portada do dedicado a refráns do home (Moreiras Santiso 1977) hai o debuxo dun ancián coa cara surcada de engurras, sobran máis comentarios.

Unha primeira aproximación á imaxe da muller no refraneiro galego atopámola nos cualificativos que utiliza Ferro Ruibal (1987) na clasificación temática do seu refraneiro<sup>6</sup> destacando aqueles que atribúen á muller características negativas (barbuda, brava, faladora, falsa, fea, ingrata, ociosa, pedichona, perigosa, vaidosa, voluble, porca) sobre os que, en principio, parece que lle outorgan calidades positivas (fermosa, laboriosa, limpa).

De forma parecida, Moreiras Santiso (1973) utiliza as seguintes temáticas para agrupar os mil e un refráns galegos da muller:

2 Con algunha excepción que confirma a regra como o refrán *muller ao volante, pouco consolante ou muller moza e con coche na facenda fai esmoche* (González Reboredo e Loureiro Lamas 1997: 478) que non puideron aparecer antes da xeneralización da muller como condutora de automóviles.

3 Destacamos que Montaña (1999) recolle o traballo realizado pola *Asociación Cultural Galega de Formación Permanente de Adultos* a través do seu programa *Terceira Idade e Recuperación Cultural*, desenvolvido en Aulas de Terceira Idade de distintas cidades galegas, co fin de recompilar o testemuño e a sabedoría das persoas de máis idade, verdadeiros arquivos de información para os estudosos e interesados no patrimonio cultural inmaterial.

4 Para unha historia da paremioloxía galega ver González Pérez (1987:7 e ss.), Ferro Ruibal et al. (2000) e Ferro Ruibal e Vidal Castiñeira (2002).

5 Coa excepción de Taboada Chivite (2000), que ao ser un ficheiro de refráns se limita á súa edición alfabética sen ningunha orde temática, podemos velos en Ferro Ruibal (1987: 405-417), González Reboredo e Loureiro Lamas (1997: 476-479), Montaña (1999: 73-104), Quintáns Suárez (1992: 23-28), Quintáns Suárez (2009: 41-45) e Vázquez Saco (2003: 566-586, 563,669-670, 743 e 840)..

6 Referímonos só aos adxectivos cualificativos; a súa clasificación inclúe outras temáticas, tamén significativas: [abundancia], [adornos da], [bondade da], [burla da], [como tratada], [conduta da], [cualidades físicas], [leloxió da], [estatura], [fraxilidade], [garda da boa], [lidade da], [imperfección na], [incomodo da], [livandade da], [menosprezo da], [poder da], [relixiosidade da], [sabenza da], [sona da].



- Do poder e influencia do diñeiro que é menos que o da muller...
- ¿Cales son as boas mulleres? Das súas gracias e desgracias...
- Do corpo, ben ou mal feito da muller...
- Ai, a língua das mulleres...¡espelexan a un!
- Sorte das mulleres limpas, goberneiras, facendosas, compostas..., etc...
- Sorte das mulleres envexosas, meigas, porcas e demais cousas polo mesmo xeito...
- Sorte das famentas, larpeiras, tacañas, lambeteiras, etc...
- ¡Dúbidas: unha cousa ou outra!...
- Non te fíes...¡pois vai ti saber!...
- Da loucura e as súas consecuencias...

Esta selección non é arbitraria, se ben é certo que existen tamén refráns nos que se valora positivamente a muller<sup>7</sup>, a súa proporción é escandalosamente menor, ademais, moitos dos refráns presuntamente favorables ás mulleres o que en realidade fan é gabar as virtudes dun modelo de muller reflexo de aquilo que os homes, a sociedade patriarcal, espera delas.

<sup>7</sup> Quintáns Suárez [2009b: 41-45] inclúe no epígrafe adicado á muller, ademais de vicios/defectos, o tópicos calidades/virtudes.



Analizamos tres aspectos respecto da inclusión da muller na tradición paremiolóxica galega<sup>8</sup>:

1. A imaxe que presenta da muller, en especial, se predominan os refráns que destacan as súas calidades e a súa capacidade dende unha concepción igualitaria ou se, pola contra, son máis frecuentes aqueles que presentan unha imaxe negativa da muller, ou mesmo o perigo que poden representar para o home e para a sociedade patriarcal.
2. As características e virtudes que debe reunir a muller ideal á vista do refraneiro, o que permite coñecer cal é o rol que ten asignado na sociedade tradicional.
3. A lexitimación da violencia de xénero para garantir a continuidade dos roles atribuídos ao sexo feminino e perpetuar, así, o sistema dominante, o patriarcado.

### 3. Características e capacidades da muller

O refraneiro galego outorga á muller unha morea de características negativas, identificándoa coa estupidez, a equivocación, a mentira, a indiscreción, a desconfianza, a maldade, a manipulación. Culpabilízase das condutas dos homes, compárase co demo, cousifícase ao equiparalas aos animais, ao asociala con froitas, ao relacionala con obxectos, bens, todos eles, que integran o patrimonio do home, podendo exercer sobre eles os dereitos que lle confire a súa condición de propietario.

Ridiculízase a muller que imita comportamentos masculinos ou que reproduce as súas características físicas, advertíndonos que hai que fuxir delas como da peste. Menosprézase e estigmatiza ás mulleres que polo seu estado civil ou a súa idade (solteiras, viúvas, mulleres maiores) non son fértiles, resultando pouco útiles para os fins que persegue a cultura dominante, ademais de perigosas, por non ter dono, escapando do “*dominium*”<sup>9</sup> ao que se quere sometelas.

Criticase, minusvalórase e burlase de todas as mulleres, nos seus distintos roles: mozas baixo sospeita, madrastas de conto, sogras e noras odiosas, odiadas e enfrontadas polo amor ou poder dun home, fillas como obxecto de inversión, esposas fiscalizadas. A excepción das nais, dentro do seu papel de esposas e amas de casa, rol social do que as paremias teñen mellor opinión.

Ser faladoras (*larapeteiras, lareteiras, paroleiras, lingoreteiras, lerchas*) é un dos trazos que máis se asocian coa muller nos refráns galegos:

- Muller lareteira, para quen (barata) a queira.
- O fume, a goteira e a muller paroleira, bota ó home da casa, queira ou non queira.
- Val máis unha muller guisando que cen latricando.

Asóciase á muller faladora con animais, remarcando o que nela se considera un vicio:

- Ó can que mexar e a muller que falar, nunca lles ha faltar.

<sup>8</sup> Por motivos de espazo e simplificación non indicamos en que obra está recollido cada un dos refráns citados. Tamén optamos por transcribilos na súa redacción orixinal, respectando as distintas variantes dialectais en función da súa procedencia xeográfica, tal e como os recollen os recompiladores.

<sup>9</sup> D’Ors y Pérez-Peix (1989: 185) comenta que o termo *dominium* ou señorío aparece na Xurisprudencia romana de fins da República; nel maniféstase que a identidade da relación dominical non está no contido, senón no suxeito, é dicir, no comportamento deste como señor (*dominus*) da *domus* (fogar) e de todo o *patrimonium* persoal: compórtase como dono das cousas que lle pertencen.

- Pola boca morre o peixe e a muller pérdese.
- A muller e a troita préndense pola boca.

Repítase a imaxe de mulleres que se pasan o día enteiro falando, asomadas á ventá (ventaneiras), criticando tanto a muller faladora, como a súa ociosidade nas tarefas relacionadas co ámbito doméstico, asignadas e consideradas “propias” do seu sexo:

- A muller á ventana perde máis que gaña.
- A muller e o raposo, se perden a mañá, perden o día todo.
- Muller ventaneira ¡fuxe dela á carreira!
- Muller ventaneira, puta ou paroleira.

Mediante estas mensaxes invítase as mulleres ao silencio, ao mutismo. Fernández Poncela (2002: 41) considera que o silencio non só é mostra de dominación, tamén é principio de poder. Trátase dunha estratexia de desvalorización das mensaxes emitidas por mulleres, de dificultar o intercambio de información entre elas, de confiscar o uso de espazos e relacións de e entre as mulleres:

- Muller fiandeira e lareteira, mellor na casa que na eira.

Non só se induce á muller ao silencio, senón que ademais, non debe ser instruída. Calero Fernández (1991: 119-120) comenta ao respecto que o refraneiro aconsella fuxir das mulleres latinas, isto é, as que son cultas<sup>10</sup>. Saber podería levar ao sexo feminino a rebelarse para saír do seu estado de prostración no que inxustamente estivo e está sometida:

- A muller que máis sabe, máis precisa que a garden.
- Mula que fai ¡hin! e muller que charla latín, non se fixeron para mín.

Esta asociación entre animais (mulas) e mulleres supón, ademais, unha noción de propiedade sobre ambos os dous, á vez que unha atribución de características de comportamento que se poden relacionar.

Da imaxe de faladoras deriva a súa falta de discreción, por iso recoméndase que non se lles confíe ningún segredo<sup>11</sup>:

- Segredo i en muller...non pode ser!
- A lingua da muller di todo o que quer e o que non quer.

<sup>10</sup> Lembremos que o latín era o principal medio para acceder á literatura de todas as ciencias e artes, e era o mellor representante do grao de cultura asumido.

<sup>11</sup> Colectivo Manuel Leiras Pulpeiro (2000: 29) aparece a expresión “*Ter a boca coma unha rabada*”: utilizada para designar a quen fala demasiado, charlatán/a, que non sabe gardar un segredo. Alude a unha muller no exemplo que utiliza: “*Esa ten unha boca como unha rabada, coidado co que lle contas*”

- Negocio en que perigas, nin á túa muller llo digas.

Se as mulleres pecan de faladoras, hai que desconfiar do que poidan dicir, xa que quen fala moito tende a contar o que descoñece. De aí que non sexan de fiar<sup>12</sup>:

- Da muller e do mar non hai que fiar.
- Non te fíes de mulleres nin emprestes a parentes.
- O que colle a anguía polo rabo e á muller pola palabra, faga de conta que non colleu nada.

E mesmo peor, non só fala do que non sabe, senón que inventa. Hai que previrse ante a súa disposición ao engano, acúsase a muller de ser falsa:

- A muller na igrexa, santa; e na casa, cabra.
- A muller sen mestre sabe mentir e chorar.

Como norma xeral, minusvalórase a intelixencia da muller fronte á do home:

- A muller é a metade do home.
- A cabeza da muller é o home.
- O home pensa, a muller da que pensar.

Acorde con esta falta de intelixencia, as mulleres cometen erros, equivócanse, sobre todo ao “escoller parella”:

- A muller sempre erra no escoller.
- A muller e a loba do máis feo se namoran<sup>13</sup>.

Tamén se considera que as mulleres son volubles, cambian de opinión e parecer repentinamente reproducindo o estereotipo feminino de inestabilidade emocional:

- A muller e ou vento cambian nun momento.
- A muller é antolladiza, e a cabra é espantadiza.
- Catro mulleres, catrocentos pareceres.

Por ser volubles, son imprevisibles, por iso, difíciles de coñecer e entender:

12 Colectivo Manuel Leiras Pulpeiro (2000: 46): contempla a expresión “*Non vai non meu carro á misa*”, utilizada para designar a quen non é de fiar. Tamén fai referencia a unha muller a xeito de exemplo: “*A señora Xosefa díxome que os ovos eran frescos máis eu non llos compreí. Esa no meu carro non vai á misa*”.

13 Apenas existen refráns galegos que aludan ao aspecto físico do home, e aqueles que o fan, atribúenlles normalmente características positivas: *home peludo, home forzado; ou home e o burro, canto máis pequenos, máis agudos*.

- Nunca lle falta en qué entender ao que ten carro e muller.
- A muller e o melón son malos de coñecer.
- Sogra, cuñada e muller son malas de coñecer.

Pero persisten nas súas ideas aínda “sabendo que están equivocadas”:

- Catro cousas hai que son testarudas: as cabras, as ovellas, as mulleres e as mulas.

En canto á súa conduta, presentan sentimentos egoístas e actúan para alcanzar algún proveito e utilidade:

- A muller e máis o can non ladran cando lles dan<sup>14</sup>.
- Se queres muller que te queira, afrouxa a carteira.
- A muller sempre algo ha querer.

Mesmo hai refráns que afirman que o fin último de calquera muller é casarse e vivir como “mantidas”, a conta do traballo do esposo<sup>15</sup>:

- O menor erro que pode facer, é casar, a muller.
- Casar, casar, calquera se casa! Calquera burro é casado; manter muller e fillos...a porca retorce o rabo.
- Quen ten muller, ten que manter.

Se ben, unha vez cumpre de forma satisfactoria o seu papel, recoñécese o seu valor para o home á hora de ter facenda e benestar, polo que a esposa recibe nalgúns casos un trato máis benigno no refraneiro:

- Quen boa muller ten, seguro vai e seguro vén.
- Casa sen muller nunca rica pode ser.
- Na casa sen muller, que goberno pode haber?

O concepto favorable da esposa está asimilado ao que recibe a nai, a personaxe feminina mellor tratada e único valorada:

- Amor o da nai, que outro mellor non hai.
- Non hai nai como a que pare<sup>16</sup>.

<sup>14</sup> Resulta significativo o dobre sentido deste refrán. Por unha parte, mulleres e cans non protestan cando lles dan algo que lles interesa, por outra, non protestan cando lles dan unha zorra, un exemplo máis da xustificación da violencia que veremos no epígrafe 5.

<sup>15</sup> Os roles de xénero masculinos están asociados ás tarefas que teñen que ver co produtivo, o mantemento e sustento económico, desenvolvidas principalmente no ámbito público, fronte aos roles femininos relacionados con todas as tarefas asociadas á reprodución, crianza, cuidados, sustento emocional... e están inscritos, fundamentalmente, no ámbito doméstico.

<sup>16</sup> En relación a que nai só é a que concibiu, xestou e pariu.

Malia o predominio do tópico favorable, tamén é obxecto de críticas cando non segue, ou non pode seguir, os canons establecidos:

- A muller que cría do seu seo é máis nai que a que dá o fillo a peito alleo.

Moi negativa é a visión da madrasta, que non é nai e ocupa o lugar da verdadeira nai, e ademais é a esposa do pai, presupoñéndose que o seduciou e se apoderou del:

- A madrasta, nin de cera, nin de boa pasta.
- Á madrasta, o nome lle basta.
- A madrasta, aínda de sucre amarga.

Á nai preséntase ás veces en contraposición da sogra, co que esta ten garantida xa unha pési-ma imaxe:

- Nai e filla cabe nunha camisa; nora e sogra non caben na tea toda.
- Amor de sogra, acariños do demo.
- Folla de millo, para durmir é boa; frouma de piñeiro, déixaa pra túa sogra.

E aparecen como dominantes na relación coas súas noras<sup>17</sup>:

- Barre a nora o que ve a sogra.
- A nora rogada é ben recibida na casa.

De tódolos xeitos, as noras, dende o punto de vista das sogras, tamén deixan moito que desexar:

- Acórdate, nora, de que serás sogra.
- Tan limpa é a miña nora que hastra os allos lava.
- En canto foi nora, nunca tivo boa sogra; en canto foi sogra, nunca tivo boa nora.

Segundo Fernández Poncela (2002: 102) dende a cultura popular hexemónica intentase dividir as posibles amizades ou alianzas entre as mulleres, como é o caso de sogras e noras, e ata as madrastas e cuñadas:

- ¿Onde vas, neniña, ben casada? Onde non haxa sogra nin cuñada.

<sup>17</sup> González Reboredo e Mariño Ferro (2010: 448-449) no termo *xénero* inclúen o subepígrafe *propiedade e poder*, e comentan: "A mellora patrilíneal e a residencia patrilocal deixa á nora, que vive nunha casa estraña, nunha posición difícil, con escasos dereitos e grandes obrigas. Deberá someterse á sogra, que será quen governe os asuntos domésticos ata a vellez, aínda que, se a relación marcha ben, irá cedendo mando paulatinamente. valoran a nora capaz de adaptarse rápido á casa do marido e de querela como propia. Pero case inevitablemente xorden problemas e "a de fóra" sempre carga coas culpas". Así pois, os tópicos sobre as desavenencias entre sogras e noras responden á realidade.

Como resulta habitual aínda hoxe nas sociedades menos avanzadas, e en contraposición aos fillos varóns, considérase a filla obxecto de cambio ou inversión:

- A filla dala a quen a pida; o fillo hase mirar a quen se da.
- Co bo veciño casarás á túa filla e venderás o teu viño.
- De bos e mellores, véñanlle a miña filla rondadores.

Cando a filla non ten valor para o mercado matrimonial, convértese nun investimento falido do que hai que desfacerse aínda que sexa pagando:

- Á filla mala, diñeiros e casala.
- Cando á túa filla lle viñera o fado, cása de contado.

Son moitos os refráns que desprezan e se burlan de certas mulleres en determinados estados civís e idades, ben por consideralas inútiles, ao non poder concibir<sup>18</sup>, ben porque son libres e controlan as súas propias vidas<sup>19</sup>. Tal sucede coas solteiras, as viúvas e as mulleres maiores.

- Media moza está na tenda e outra media anda de xeira<sup>20</sup>.
- Deus te garde de dianteira de viúva e de traseira de mula!
- De vella, gaiteira<sup>21</sup>.

A muller tamén ten que estar economicamente sometida ao marido, quen para conservar a patria potestade debe evitar ás mulleres ricas:

- Na casa de muller rica, o home cala i ela repica.
- Na casa de muller rica, ela manda i ela grita
- A muller, se é fermosa, gustarache; se é fea, cansarate; se é pobre, animarate; e, se é rica, mangonearate.

Hai refráns que representan ás mulleres como as que realmente teñen o poder, ou como manipuladoras de pobres homes inxenuos, cuestionando a subordinación da muller ao home<sup>22</sup>:

18 No famoso conxuro da *queimada* co que se pretende afastar os malos espíritos e as bruxas que pretenden causar mal a homes e mulleres, faise referencia á *barriga inútil da muller solteira*. Este conxuro hoxe tan estendido foi escrito fai pouco máis de corenta anos, e mostra a pervivencia do tópico.

19 Fernández Poncela [2002: 113-115]. Esta autora afirma que no caso das solteiras, viúvas e mulleres maiores, non contempla no refraneiro a cara positiva do seu estado: a liberdade. "E cando se advirte ocúltase baixo a burla e o desprezo, para desmoralizar, facer crer que se trata dunha situación horrible e desgraciada, inmovilizar e coartar a toma de decisións e accións destas mulleres. [...] Seguramente pola súa soidade-liberdade, sen home que as manteña nin que as suxeite e controle, a linguaxe popular verque sobre elas estereotipos negativos".

20 *Andar de xeira*, era traballar nos labores dos veciños, sen cobrar xornal por reciprocidade. Constituía tamén un lugar para relacionarse e falar, xa que o traballo se facía no mesmo período en todos os casais, de aí que *andar de xeira* significa figuradamente estar de palique e simular que se está a traballar.

21 Connotación despectiva do termo *gaiteira*, toda vez que tocar a gaita se reservaba os homes, así como a *pandeireta* ás mulleres

22 Fronte a: *onde hai galo, non canta galiña; triste é a casa, onde a galiña canta e o galo cala*. Significativa resulta o epígrafe do refraneiro da muller (Moreiras Santiso 1973: 29): *do poder e influencia do diñeiro que é menos que o dá muller*.

- O que non alcanzan barbas, consígueno faldras.
- Con mulleres entrarás cando quixeres e sairás cando puideres.
- Hai tres clases de matrimonio: Varón, Varela e Varicunda; Varón: manda el i ela non; Varela: el non manda e manda ela; Varicunda: manda ela e el nunca; e este é o que máis abunda.

Pero son propiedade do home:

- A muller e a besta a ninguén se empresta.
- Á muller e ó souto abóndalles con un dono.

E son perigosas:

- Pola muller entrou o mal no mundo.
- Coa muller e o diñeiro non te mofes, compañeiro.
- O mar e a muller de lonxe se han de ver.

A muller é a orixe de todas as desgrazas dos homes, e responsable das súas condutas. Fernández Poncela (2002: 46) comenta ao respecto que as mulleres son consideradas culpables de todo mal e “as responsables, en última instancia, ata dos comportamentos ou actitudes negativas dos mesmos homes. Forma tradicional de caracterizar indirectamente estes últimos como bondadosos e mesmo inxenuos, e cando chegan a ser malos ou a cometer actos reprobatorios socialmente, sempre é pola mala influencia dunha muller”:

- O máis sesudo varón, a muller bótao ó fondón.
- Mulleres e viño sacan ó home do bo camiño<sup>23</sup>.
- Mulleres e malas noites matan os homes.

Por ser perigosas, son identificadas co mesmo demo:

- Ao demo e á muller nunca lles falta que facer.
- Tres fillas e unha nai, catro díaños pra un pai.
- Á muller bailar e ó burro ornear, o díaño debeullo ensinar.

Non debe estrañarnos que, polo perigo que pode representar para o home, se opte por aconsellar que non debe escollerse unha muller con carácter, senón que é suficiente cunha medianía aínda que careza de garantías relevantes:

<sup>23</sup> Aínda que tamén *a muller e a viña dan ao home alegría*.

- Con media muller abunda.

Sitúase as mulleres no mesmo nivel que moitos animais, asociándoas a características negativas ou a comportamentos “inadecuados” nelas, similares aos dos animais cos que as relaciona:

- A muller e a sardiña canto máis salada máis dañina.
- Mulleres e mulas, haiche poucas sen zunas.
- A muller e a galiña, por andar, pérdese axiña.

De aí que se aconselle ao home como escoller muller, mesmo mirándolles a boca (os dentes) igual que se fai ao escoller un animal:

- Pola cara, escóllese a dama.
- Á muller e á mula pola boca éntralle-la fermosura.
- Á muller, ó cabalo e á mula pola boca lles entra a fermosura.

A ser posible, aconsella fuxir das que teñan certas características físicas:

- A muller e a cabra é mala, sendo fraca.
- A muller pequena non presta<sup>24</sup>.
- Muller enclenque, muller para sempre.

Por último, hai que apartarse daquelas que teñen aspecto ou calidades masculinas, ou que imitan os varóns no seu comportamento:

- Á muller afeitada, víralle a cara.
- A muller con bigote, e a casa sen dote.
- Muller de botas os cans ás paredes.
- Muller que asubía e fía de pé, nunca boa é<sup>25</sup>.

No caso de escoller unha muller fermosa, o home deberá desconfiar dela e vixiar, xa que están constantemente axexadas por outros varóns, e acaban rendéndose:

- A muller fermosa quítalle o nome ó seu home.
- As que ó muíño van, se son bonitas, logo as moerán.
- Moza garrida, ou ben gañada ou ben perdida.

<sup>24</sup> Fronte a *A muller e a sardiña, pequeniña; a muller pequeniña sempre é mocíña*

<sup>25</sup> Asubiar é cousa de homes, e como sinala Taboada Chivite (1972: 29), “nas *fiadas*, reunión nocturna de mozos e mozas na que as mulleres fían o liño ou a lá sentadas en longos bancos i en dúas ringleiras postas, contando contos de bruxas, turra que turra na roca” polo que fiar de pé tampouco é un comportamento propio dunha boa moza (ben porque está perdendo o tempo e non fía, ben porque non sabe facelo). Este aspecto resulta especialmente relevante, xa que as *fiadas* eran lugares apropiados para dar boa imaxe aos mozos e así arranxar un bo matrimonio, de aí os refráns *a que fía e tece, ben parece, e quen ten fillas por casar merque rocas para fiar*, co dobre sentido de telas entretidas para vixiar a súa sexualidade.



Tampouco compre buscala guapa para segundo que fins:

- De noite, non hai muller fea.

Non falta no refraneiro á referencia ás mulleres de mala vida. Segundo Fernández Poncela (2002: 90-91) todas as mulleres poden ser chamadas putas por unha infinidade de razóns a xeito de insulto, considerado como un dos máis pexorativos. As prostitutas, dun lado, reciben o menosprezo da sociedade, pero doutro non se pode descartar o medo que espertan nos homes xa que son relativamente e en certo sentido libres, sen home nin obriga co poder de seducir e provocar desexo; ademais de ser consideradas moitas veces como un mal necesario:

- Puta, probe e boa muller, non pode ser.

#### 4. Características e virtudes da muller ideal

Os estereotipos de xénero son crenzas impostas e aceptadas na sociedade acerca das características, actitudes e aptitudes de mulleres e homes, e determinan o que socialmente se ha de esperar dunhas e outros. Os estereotipos femininos están relacionados coas actividades de coidado, co espazo doméstico, coa carencia de reflexión e de control, como os seguintes: tenrura, pasividade, obediencia, submisión, medo, inestabilidade emocional, falta de control, dependencia, debilidade, aptitude para as letras, etc. Os estereotipos masculinos están vinculados a actividades profesionais, ao espazo público, ao poder e asociados cos trazos de actividade, autoridade, dotes de mando, valentía, competitividade, agresividade, capacidade de abstracción e xeneralización, aptitude para as ciencias, etc.

Os estereotipos cumpren a función de xustificar o mantemento dunha determinada orde social e, xunto cos roles, forman o código de xénero no que nos socializamos, marcando unhas pautas de comportamento, unhas expectativas sociais do que debemos chegar a ser. Impoñen por tanto, uns modelos e uns valores que se interiorizan e se desenvolven, facéndose verdade a forza de repetirse, estigmatizando e sancionando socialmente aos que se apartan deles. Na nosa sociedade non é igual ser home ou ser muller, os estereotipos máis valorados son os que se refiren ao sexo masculino, e mesmo cando poden non ser positivos aparecen como bos ou necesarios (exemplo, a competitividade).

O prototipo de muller ideal do refraneiro é o que propugna o modelo cultural patriarcal e androcéntrico. Gábase a muller que segue fielmente o código social de conduta imposto, aquela que cumpre cos roles que se lle adxudican e que reproduce a imaxe que se lle asigna, sancionándose, como quedou reflectido anteriormente, á que se aparta do modelo cultural establecido polo poder dominante. Este prototipo é afín ás necesidades da sociedade, xa que mediante o control do comportamento das mulleres, se manteñen e perpetúan os privilexios dos homes.

As mulleres deben ser caladas e discretas, que non falen e que non dean que falar<sup>26</sup>.

<sup>26</sup> De aí a seguinte recomendación: *non collas por dona muller respotona*

- A pera e a muller, a que cala boa é.
- A muller ha de falar cando a galiña queira mexar<sup>27</sup>.
- A muller boa é a que non soa.

En relación a isto, Fernández Poncela (2002: 61) afirma “o silencio é a expresión máis destacada da subordinación, a falta de voz e non poder nomear, sumado á inexistencia ou falta de presenza e acción, para non ser nin sequera nomeada. A anulación e autoinmolación total. Ese non ser, o silencio, a pasividade, son características consideradas como virtudes estimadas na poboación feminina, nunha rotunda negación do dereito a ser e expresarse. Poderíase mesmo dicir que se trata dunha violación dos dereitos máis básicos. Non obstante, dende unha perspectiva máis aguda, o silencio tamén denota poder, pois máis alá do dito “quen cala, outorga”, está outra realidade, o silencio como asentimento para logo facer o que a un ou a unha “lle dea a gana””.

Porque xa se sabe que quen fala moito, traballa pouco, sendo a modelo ideal a muller laboriosa e experta nos labores do fogar, comprometida coas tarefas domésticas e o coidado da familia, desprestixiándose á muller ociosa e á que non realiza satisfactoriamente “os seus labores”<sup>28</sup>. Así, é boa a que é limpa<sup>29</sup>, a que é laboriosa, a que é coidadosa, a que é honrada, a que cuida á súa descendencia:

- A muller de bo aliño cría, fía, devana e vende o liño.
- A muller aliñada, antes de vestir fai a cama.
- A muller facendosa ten o pé no berce e as mans na roca.
- Muller fiadeira fai boa casadeira.
- A muller aseada, o berce feito e ela peiteada, tan logo está levantada.
- O amor da muller, na roupa do seu home tense que ver.
- A muller que é coidadosa deixa a gaita<sup>30</sup> e colle a roca.
- A muller gobernadora, cría o seu fillo e fía a súa tea<sup>31</sup>.

Os refraneiros reflicten fielmente a división sexual do traballo: traballo produtivo versus traballo reprodutivo, que non se valora; mostra diso é a grande cantidade de refráns relativos a oficios considerados dende sempre masculinos: alcalde, médico, avogado, bacharel, escribán, mestre, albardeiro, carreteiro, carpinteiro, cazador, comerciante, taberneiro, xaboeiro, muiñeiro, panadeiro, practicante, ferreiro, xastre, zapateiro, mariñeiro, pescador, labrador, gaiteiro. En relación aos oficios que podían desempeñar as mulleres, só aparecen mencionados os de tecelá, costureira e lavandeira, tarefas estas dúas últimas, que de tódolos xeitos tiña que saber levar a cabo necesaria-

<sup>27</sup> É dicir, nunca.

<sup>28</sup> Así temos: *a muller que non sabe cociñar é coma gata que non sabe ratear; a moza que mal lava, sete veces ferve a auga; muller preguiceira, para quen a queira; á mala fiadeira, a roca faille denteira; antes abre a porta que fai a cama a muller malamañada; a muller que pouco fía, sempre trae ruín camisa*

<sup>29</sup> A limpeza ha de reflectirse tanto no aseo persoal coma no fogar. Fronte a *tan limpa e tan recachada e cada mes pon camisa lavada. Recachar é remangar a saia (ou outra prenda de roupa), significando aquí que é laboriosa, porque se remanga para limpar, pero non cuida a súa hixiene, polo menos no que a cambiarse de roupa se refire.*

<sup>30</sup> [Vid. nota 21].

<sup>31</sup> Fronte a: *muller que moito pasea, non tece a súa tea.*

mente no seu papel de “ama de casa”. A muller ideal é a que non sae de casa, xa que o seu espazo se limita ao ámbito privado, doméstico, para que desempeñe o rol reprodutivo asignado (ser dos outros e para os outros: ama de casa, esposa de, nai de, filla de, irmanda de...), aínda que isto signifique ausencia de liberdade, illamento, incomunicación e, sobre todo, obediencia, xa que se non cumpren o patrón da orde establecida, lexitímase o maltrato, como veremos no apartado seguinte.

Seguindo o título dun dos epígrafes do refraneiro da muller de Moreiras Santiso (1973: 40), *Cada cousa non seu tempo e no seu posto*, vexamos onde e cando ten que estar a boa muller:

- A muller e a cabra, de día ceibalas e de noite gardalas.
- A muller e a ovella con día na cortella.
- Muller caseira, a filla primeira<sup>32</sup>.
- Ben está a porta pechada e a dona dentro de casa.
- A dona, na casa; o home, no traballo<sup>33</sup>.
- As pallas á palleira e ás donas á lareira<sup>34</sup>.
- A moza trouleira, súa nai á beira<sup>35</sup>.

Ademais de gabar as mulleres que se consagran aos labores domésticos, elóxiase aquelas que se engalanan:

- Se vas á feira a feirearte, tes que comporte e amañarte.
- O andar ben vestida fai á moza garrida.
- A muller casada non viva descoidada.

Se ben deben facelo se non queren que o seu marido sexa infiel<sup>36</sup>:

- A muller composta o seu home arreda doutra porta.
- A casada ben composta quita o seu home doutra porta.

Pero desconfíase dalgunhas:

- A muller do cego ¿para quén se compón?

32 Fernández Oxea (1965: 22) considera que este refrán *refírese a que, por ser a primeira filla, tivo que coidar ós seus irmaus e adeprende a ser caseira*.

33 González Pérez (1987: 63), dedica o capítulo V do seu refraneiro do mar a *os que viven do mar*, resultando moi significativa a súa recompilación de varios refráns baixo o título *a muller do mariñeiro*, fronte á escasa presenza de refráns correspondentes a mariscadoras: *choqueiro e choqueira sempre fan feira* (curiosamente nun sentido moi distinto ao do traballo), así como tamén a inexistencia de refráns relativos á muller redeira ou atadora, traballos dos que se encargan maioritariamente as mulleres (hoxe en día son empregos, aínda que se siga loitando para que os seus salarios sexan proporcionais ao duro labor desempeñado). Apunta García Negro (2009: 124) *“a revolución na participación feminina na creación do PIB español non veu acompañada dunha visualización da presenza do traballo feminino na economía formal coñecida”*

34 *A lareira é a cociña habitual nas casas rústicas, o lugar por antonomasia adxudicado á muller.*

35 Responsabilízase ás nais da conduta das fillas, como neste: *Á filla máis lista, non a perdas de vista*.

36 González Reborado e Mariño Ferro (2010: 451) afirman: *“considérase o adulterio, sobre todo da muller, unha falta de extrema gravidade. O home que non expulsa a esposa infiel perde o crédito da xente e convértese nun “fandelo”*. Ata 1981, coa aprobación do divorcio, no Código Civil o adulterio da esposa sempre constituía causa lexitima de separación para o home, mentres o do esposo, só cando existise escándalo público ou menosprezo para a muller. Pola súa banda, o Código Penal incluía ata 1961 o delito de uxoricidio, polo que a morte da esposa sorprendida cometendo adulterio por parte do marido só se castigaba coa pena de desterro, e se as lesións eran doutro tipo, non se establecía pena ningunha.

- Muller do cego que se compón moito ¿non se compón para que a vexan outros?
- Muller composta, na rúa posta, a todo malo está disposta.

Aínda que se pasan demasiado tempo acicalándose, recrimínaselles, xa que imposibilita que sexan traballadoras:

- A muller que moito se mira a cara, pouco atende á casa.

Tamén debe ser recatada e honesta. A maior das virtudes da muller é a súa honestidade<sup>37</sup>:

- A honra da muller moito coidadiño quer.
- A muller e o vidro sempre están en perigo.
- Á muller casada e casta, ó seu home lle abasta.

A muller solteira debe ser casta e pura, *para asegurar a procreación e a liñaxe do futuro cabeza de familia a través do cal se reproduce a estirpe*<sup>38</sup>, e garantir así a lexitimidade da paternidade. De aí que se aconselle a vixilancia da súa sexualidade:

- Mozas tolas e por casar é mal gando de gardar.
- Quen ten fillas pra casar merque rocas pra fiar.
- A doncela debe ter a súa nai cabo dela.

Aínda que non podían faltar refráns que mostran desconfianza, ou fagan advertencias:

- A que é doncela, sábeo Díos e máis ela.
- A muller tola e a camisa rota, logo saen pola porta.
- Filla deshonrada, nin viúda, nin casada<sup>39</sup>.

De non ser así, non chegará a casar, e xa sabemos o que lles acontece ás solteiras<sup>40</sup>:

- Vállame Deus! nesta terra, a muller que está sen home todo o mundo fala dela.

<sup>37</sup> Porque a vergonza e a honra, *cando unha muller as perde, enxamais as atopa, e muller probada, anque teña venda non val nada*. González Reboredo e Mariño Ferro (2010: 450) din que "os campesiños galegos valoran a virxindade da muller. Non sucede o mesmo coa dos varóns. Se a severidade das normas que prohiben o adulterio e as relacións prematrimoniais están, como parece, relacionadas coa transmisión da herdanza, resulta entendible que a esixencia de fidelidade e de pureza céntrase na muller que é, en definitiva, quen pare. Pero tamén hai nesa desigualdade un reflexo das relacións de poder. Por iso, non todos xulgan a perda da virxindade co mesmo rigor. En xeral non é ben vista, pero non supón un inconveniente insuperable á hora de contraer matrimonio, especialmente entre os menos favorecidos, para os cales a herdanza non é decisiva."

<sup>38</sup> Fernández Poncela (2002: 86). *Cando ás cousas andan ao revés, hastra a muller empreña de outro e os fillos parécense a un*.

<sup>39</sup> González Reboredo e Mariño Ferro (2010: 450), afirman que "no campo galego se dá unha relativa tolerancia coas nais solteiras, que cabe relacionar coa "mellora", coa alta taxa de solteiría e co matrimonio tardío. As mulleres que non logran casar cun "vinculeiro" e os fillos segundóns deben elixir entre fundar unha familia pobre ou quedar solteiros. A sociedade prefire esta última solución, como recorda o romance de Xan Quintán, e a cambio do sacrificio imposto a tantas persoas obrigadas á solteiría, móstrase lixeiramente tolerante coas faltas, mesmo cos embarazos. (...) Unha nai solteira cun fillo ou dous do mesmo pai non sofre unha condena severa. Pola contra, a solteira de varios fillos de homes distintos é duramente reprobada".

<sup>40</sup> González Reboredo e Mariño Ferro (2010: 450) comentan que "das mulleres entradas en anos que permanecen solteiras dise que quedan "para vestir santos", porque con frecuencia empregan parte do tempo en asuntos de igrexa".

- A que ós trinta non ten noivo, ten un xenio de demonio<sup>41</sup>.
- Á que non casa, moitas cousas lle pasan.

Debe controlar a súa necesidade sexual<sup>42</sup>, mesmo no matrimonio, onde tamén se lle esixe que sexa recatada, a diferenza do varón<sup>43</sup>:

- Cando a galiña pica no galo ¡malo, malo! e cando o galo pica na galiña ¡aínda, aínda!.

O refraneiro aconsella mulleres caladas e discretas, iletradas e ignorantes; mulleres traballadoras, laboriosas, expertas nos labores do fogar, onde deben permanecer para realizar con esmero e dilixencia as tarefas domésticas, sen descoidar, ademais, o seu aspecto persoal; castas e puras as solteiras, recatadas e honradas as esposas, abnegadas as nais, provedoras do benestar que a súa descendencia require. En fin, mulleres obedientes que manteñan e perpetúen os privilexios dos homes.

A continuación veremos a que mecanismos recorre o refraneiro para conseguir que as mulleres non se aparten deste “deber ser”, o que o leva a xustificar ou mesmo, ás veces, a propoñer o uso da violencia para que cumpran co rol que deben asumir.

## 5. Lexitimación da violencia de xénero

A orixe da violencia contra as mulleres remóntase á existencia dun sistema de relacións de xénero que, dende sempre, promulgou que os homes son superiores ás mulleres, que teñen calidades distintas e que exercen diferentes roles. Estes roles estereotipados asignaban (e asignan) poder, control e dominación aos homes e dependencia, submisión e aceptación incuestionable da autoridade masculina ás mulleres. Neste contexto, tolerábase socialmente que os homes utilizasen a violencia, sobre todo na familia, para afianzar a súa autoridade, tolerancia que, como veremos a continuación, subxace no refraneiro galego.

Colócase a muller ao mesmo nivel que os animais, atribuíndolle características negativas e comportamentos inadecuados, similares aos daqueles cos que lla/llela compara, xa que ao igual que as bestas, son testanas, rebeldes e carentes de intelixencia, polo tanto, incapaces de decidir por si mesmas. Baseándose nisto, e a que lla/llela considera, ao igual que os animais, propiedade do home, debe seguir o comportamento que se lles asigna, para o que hai que domesticala, ben deixándolle marxe para que aprenda:

- Á muller brava dálle corda larga.
- Á muller e á cabra, corda larga.
- Á muller e á sogra dálles corda.

<sup>41</sup> Fronte a *solteirón e corentón*: ¡ que sorte tés, ladrón!.

<sup>42</sup> González Reboredo e Mariño Ferro (2010: 450) din que “o ritual erótico impón que a muller ofrezca resistencia, aínda querendo manter relacións sexuais, pois non se considera correcto que consintan de inmediato. Os costumes prohibenlles, pois, tomar a iniciativa e mostrar interese polo sexo”.

<sup>43</sup> Se ben: *o mozo non ten culpa cando a moza o busca*.

Ben, de forma preventiva, para poñela no “seu sitio”, porque xa se sabe, *ao marido temelo, querele e obedecelo*:

- Á burra e á muller a paus hainas que tanguer.
- Á muller e á galiña, tórcelle o pescozo verás como queda mansiña.
- Á muller e ao can, o pan nunha mau e noutra o pau.
- Á muller e á mula, cada día súa zurra.
- Fixéraas quen quixer; págueas a miña muller.

Ou, se é o caso, de forma correctora, a posteriori, cando se saíron do marco establecido pola sociedade:

- Se ten manía Rosiña, quítalla axiña; e se non abonda coa mau, quítalla co pau.

Fernández Poncela (2002: 54) considera que, “en todo caso, se é necesario domesticalas e necesitan ser castigadas, é que non sempre cumpriron ou cumpren co seu rol e estereotipo tradicional, o seu deber ser. Por outra banda, significa que elas non o consideran, pensan e senten como normal e natural e que intentan ou intentaron exercer o seu dereito á liberdade. De aí que para evitalo é necesario animalizalas e castigalas”.

As mulleres han de encargarse das tarefas domésticas, segundo o seu rol de ama de casa, esposa e nai, polo que se fai necesario limitar a súa mobilidade e liberdade, afastándoa dos mecanismos de poder e de decisión, e confinándoa ao fogar, recorrendo á violencia física, como así o aconsellan:

- Á muller festeira, créballe a perna.
- A muller honrada, a perna crebada e na casa.
- A muller casada e honrada, a perna crebada para que non saia da casa.

Non só se indica cal é “o seu sitio”, senón que tamén establece o “seu horario”, similar ao dalgúns animais de granxa:

- A muller e a cabra, de día ceibalas e de noite gardalas.
- A muller e a vaca, con día para a casa.
- A muller e a galiña, na casa con día.

Ademais chégase a límites insospeitados, lexitimando mesmo a morte:

- Muller morta, non fala.
- Por San Andrés quen non ten porco mata á muller.
- A muller que ruín sexa, dúas tundas: unha para que Deus vaia vela, outra para que a ver a Deus vaia ela.

Porque a morte da muller non causa gran pena:

- Dor de muller morta dura ata a porta.
- Quen ten muller boa e a perde, non sabe o que gaña.
- Esta labor feita vai, dixo o que enterraba á muller.

A muller tamén é un obxecto sexual, e como tal hai que tratala:

- Horta, muller e muíño queren uso continuo.
- Todo quer uso, e a muller quer roca e fuso.
- As que ó muíño van, se son bonitas, logo as moerán.

Ademais, debe estar disposta a dar pracer ao home cando a este lle apeteza<sup>44</sup>:

- Está feita a mitá, pois anque ela non queira, eu quero xa.
- Cando á muller lle apunta a teta, adiante caralleta.
- Muller que corre, seguida quere ser.
- A muller e a sardiña, pequeniña i escanchadiña<sup>45</sup>.

O refraneiro galego lexitima a violencia psicolóxica, humillando á muller, cousificándoa, desvalorizando ou ridiculizando as súas opinións, insultándoa, esixíndolle obediencia, controlando os seus espazos e os seus tempos. Aconséllase a violencia sexual, debéndose pregar ao consentimento e estar disposta a satisfacer ao home cando este o requira. Xustifícase a violencia física, golpeando ou castigando a muller como ás bestas, para domesticala, chegando mesmo á morte, sen que a súa perda comporte ningunha dor. A finalidade de toda esta violencia non é outra que manter o sistema patriarcal.

## 6. Conclusión

Todas as mensaxes que nos transmite o refraneiro galego acerca da muller, totalmente intencionadas, aínda que reproducidas ás veces de forma espontánea e inconsciente, se constitúen como un modelo de conduta, destinado non só á interiorización e aceptación do sistema patriarcal, senón á súa perpetuación, como mecanismo para controlar ao sexo feminino, e deste xeito, manter a subordinación da muller para que siga o servizo do home.

A xeito de conclusión, podemos destacar os seguintes aspectos:

1. Establécese un modelo de muller acorde cos intereses e pretensións dos homes, aconsellando determinadas actitudes e censurando as contrarias.
2. Rodéase a imaxe da muller de características negativas, minusvalorando a súa intelixencia, e polo mesmo, outorgándolle ao home a capacidade de decidir por ela.

<sup>44</sup> Fernández Poncela (2002: 56) expón que “os homes han de demostrar o seu carácter de machos sempre e en todo momento: violando, golpeando; e na outra cara da moeda, ser inocentes e temerosos do maligno poder feminino (é a muller quen o tenta). A dobre moral aparece claramente; mentres se condena a libre sexualidade feminina, dáse renda solta, aplaude e enxalza a masculina”.

<sup>45</sup> *Escanchar* é abrir as sardiñas ao medio para quitarlles a tripa e cociñalas; respecto da muller significa aberta de pernas.

3. Limitábase a liberdade e mobilidade da muller, para afastala dos mecanismos de decisión e de poder, confinándoa ao espazo doméstico.
4. Permítese a agresión ao seu corpo, lexitimando, xustificando e mesmo, aconsellando o recurso á violencia tanto física como sexual.

Mediante estas máximas de experiencia, consideradas, ás veces, verdades irrefutables por quen as utilizan, e que aprendemos e difundimos de xeración en xeración, se nos advirte ou aconsella como son e como debe tratarse ás mulleres. Herdamos así a tradición cultural do modelo dominante, que xustifica e lexitima a subordinación da muller.

Estes patróns de conduta non resultan beneficiosos para ninguén, pero como toda herdanza, non se adquire ata a súa aceptación, e pode repudiarse ou, mesmo se aceptar a beneficio de inventario, suposto para o que habería que implicar a todos os axentes que participan no proceso de socialización e lograr poñer en marcha unha dobre estratexia que permitise, por un lado, a deconstrución de todo o instaurado dende a posición patriarcal e, por outro, a construción dun paradigma baseado na igualdade, capaz de establecer novos valores e referencias, e de fixar novas pautas de conduta. Só así poderemos cambiar a realidade en que vivimos e facer posible a igualdade real entre homes e mulleres e o pleno desenvolvemento das persoas, avanzando cara á erradicación da violencia de xénero, sexa cal sexa a forma en que esta se manifieste. 🗣️

## Bibliografía

- CALERO FERNÁNDEZ, M<sup>a</sup> A. (1991) *La imagen de la mujer a través de la tradición paremiológica española (lengua y cultura)*. Tese de Doutoramento, Universitat de Barcelona.
- COLECTIVO MANUEL LEIRAS PULPEIRO (2000) *Diccionario fraseolóxico galego*. Vigo: Edicións A Nosa Terra.
- D'ORS Y PÉREZ-PEIX, A. (1989) *Derecho privado romano*. Pamplona: Ediciones Universidad de Navarra, 7<sup>a</sup> edición.
- FERNÁNDEZ PONCELA, A. M<sup>a</sup>. (1996) “Estereotipos de género en el refranero popular. De la mujer mala te has de guardar y de la buena no fiar”. *Política y Cultura*, nº 6. México: Universidad Autónoma Metropolitana-Xochimilco, pp. 43-61.
- FERNÁNDEZ PONCELA, Anna M<sup>a</sup>. (2002) *Estereotipos y roles de género en el refranero popular: Charlatanas, mentirosas, malvadas y peligrosas. Proveedores, maltratadores, machos y cornudos*. Barcelona: Antrhops.
- FERRO RUIBAL, X. (1987) *Refraneiro Galego Básico*. Vigo: Galaxia.
- FERRO RUIBAL, X., VALIÑO FERRÍN, I. e VEIGA DÍAZ, M. (2000) “O Refraneiro Galego: sinfonía incompleta de Taboada Chivite”. En Taboada Chivite. *Refraneiro galego*. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro, pp. 25-45.
- FERRO RUIBAL, X. e VIDAL CASTIÑEIRA, A. (2002) “Notas para unha bibliografía paremiológica galega”. *Cadernos de fraseoloxía galega*, 4, Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro, pp. 35-58.
- GARCÍA NEGRO, M<sup>a</sup>. do C. (2009) “Xénero, economía e traballo”. En González Paz, C. A. (ed.) *As*



- voces de Clío: a palabra e a memoria da muller na Galicia*. Santiago de Compostela: Instituto de Estudios Gallegos “Padre Sarmiento”, CSIC.
- GONZÁLEZ PÉREZ, C. (1987) *O refraneiro do mar*. Pontevedra: Diputación Provincial.
- GONZÁLEZ REBOREDO, X. M. e LOUREIRO LAMAS, C. (1997) “Antoloxía”. González Reboredo, X. M. (Coord.) *Galicia. Antropoloxía. Imaxinario. Literatura popular*, T. XXVIII, A Coruña: Hércules de Ediciones.
- GONZÁLEZ REBOREDO, Xosé M., e MARIÑO FERRO, Xosé R. (2010) *Diccionario de etnografía e antropoloxía de Galiza*. Vigo: Edicións Nigratea.
- LAROUSSE (2003) *Diccionario de Filosofía*. Barcelona: Spes Editorial.
- MARTÍNEZ KLEISER, Luis (1999) [1953] *Refranero general ideológico español*. Madrid: Editorial Hernando, Ed. facs.
- MONTAÑA, María (1999) *A tradición oral en Galicia. Os refráns na fala popular galega*. Santiago de Compostela: Asociación Cultural Galega de Formación Permanente de Adultos.
- MOREIRAS SANTISO, José (1973) *Os mil e un refráns galegos da muller*. Lugo: Editorial Celta.
- MOREIRAS SANTISO, Xosé (1977) *Os mil e un refras galegos do home*. Lugo: Reprografía Alvarrellos.
- PENA ROMAY, Xosé A. (2001) *Diccionario Cumio de expresións e frases feitas*. Vigo: Edicións do Cumio.
- QUINTÁNS SUÁREZ, Manuel (1992) *Refraneiro Galego*. Santiago de Compostela: El Correo Gallego.
- QUINTÁNS SUÁREZ, Manuel (2009) *O noso refraneiro; estudo e clasificación temática*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco, vol. I.
- QUINTÁNS SUÁREZ, Manuel (2009b) *O noso refraneiro do Fisterra galego e de Celanova*, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco, vol. II.
- RAMÓN E FERNÁNDEZ OXEA, José (1965) “A muller no refraneiro galego”, *Actas do Congreso Internacional de Etnografía*, Santo Tirso, 1963. Lisboa: Junta de Investigações do Ultramar.
- SACO Y ARCE, Juan A. (1987) *Literatura popular de Galicia. Colección de coplas, villancicos, diálogos, romances, cuentos y refranes gallegos*. Ourense: Diputación de Ourense.
- SESTO LÓPEZ, Xosé (1976) *Refraneiro da muller*. Vigo: Ed. Castrelos.
- SOTO ARIAS, María do R. (2003) *Achegas a un diccionario de refrans galego-castelán, castelán-galego*. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro.
- TABOADA CHIVITE, Xesús (1972). *Etnografía galega. Cultura espiritual*. Vigo: Galaxia.
- TABOADA CHIVITE, Xesús (2000) *Refraneiro galego*. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro.
- VÁZQUEZ SACO, Francisco (2003) *Refraneiro galego*. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro.



# Unha achega á cultura da auga II. Infraestruturas e acordos para o uso da auga no lugar de Bon, Parroquia de Beluso\*

MANUEL ALDAO PORTAS  
SALVADOR CASTRO OTERO

*Fui, eu madre, a San Mamede ú me cuidéi  
que viesse o meu amigo, e non foi í;  
por mui fremosa e triste me en partí,  
e dixeu como vos agora diréi:  
–Pois í non ven, sei unha ren:  
por mí se perdéu, que nunca lle fiz ben;  
Quando eu a San Mamede fui e non ví  
meu amigo, con qué quixera falar  
a moi gran sabor nas ribeiras do mar,  
sospiréi no corazón e dixeu así:  
–Pois í non ven, sei unha ren:  
por mí se perdéu, que nunca lle fiz ben.*

Johan de Cangas

## Introdución

Cando a amiga do poema de Johan de Cangas se laiaba da ausencia do amigo en San Mamede, xa sabía que hai lugares cheos de maxia; cando suspiraba por “falar a moi gran sabor nas ribeiras do mar”, xa coñecía os solpores únicos, na noite única, no mar do cabo Preguntoiro<sup>1</sup>, xa sabía das augas menciñeiras do santo e das augas fertilizantes do regato de Nocedo e das ducias de mananciais de todo o coto de Bon, ela sabía... Cando, despois de séculos escuros, ninguén a lembraba, algúns dos seus descendentes levaron a auga ao rego; aqueles novos devotos do patrón do gando ceibe comezaron a domar a natureza e crearon vínculos e diálogos fecundos coa Nai Terra. Dese falar cordial

\* O noso artigo pretende ser unha continuación do publicado en Adra, nº 5; nel pretendíamos compoñer un canto á capacidade dos nosos devanceiros para adaptarse ás dificultades da natureza e á súa intelixencia para resolver, dende a cooperación e o compartir, uns recursos escasos. Para brindar este tributo analizabamos as infraestruturas de rego e os acordos consuetudinarios na ladeira leste da Parroquia de San Martiño de Bueu. Nesta nova achega desprazámonos á parroquia veciña de Beluso, máis concretamente ao lugar de Bon, para afondar nos procedementos, novidosos ou non, con que os veciños deste lugar resolvían o problema da escaseza de auga na época estival. Como ao longo do texto faremos referencia ao anterior, aconsellamos unha relectura.


<sup>1</sup> O cabo Preguntoiro, o máis importante deste lugar, está situado no extremo norte da Praia de Area de Bon. A noite da festa de San Mamede do mar, prodúcese un anoitecer moi singular, o sol cae entre as illas de Ons e Onza.

trata este artigo, e de como os habitantes deste lugar foron quen de compartir unha marabillosa riqueza, por veces escasa: a auga.

A parroquia de Santa María de Beluso é, aínda hoxe, moi abundante en terras de cultivo, as leiras de Sar, de Montemogos, de Vilar, de Bon, mesmo as máis achegadas ao mar como o lugar de Saraibas<sup>2</sup>, son aproveitadas para o uso agrícola. Dada a extensión e a variedade de características de cada lugar, pareceunos prudente circunscribir o estudo a unha zona concreta, o lugar de Bon.

A grande extensión de superficie cultivada e a riqueza da mesma, como proban os numerosos e amplos canastros, como o de Sanamedio, contrasta cunha rede de regatos moi pobre en número e caudal. Isto fai que os muíños da parroquia sexan moi escasos, apenas media ducia todos eles no río Noceo, en Bon<sup>3</sup>. O pobre aporte de auga, provoca ademais que estas construcións presenten características moi singulares, así non é de estrañar que o Muíño de Avical (Bon), cunha longa canle de pedra, cun cubo circular de oito metros de altitude (importante para adquirir a presión suficiente e imprimir velocidade ao rodicio) e as esculturas de dúas caras moi ben labradas na parede exterior oeste, acabe por se converter nunha verdadeira e fermosa xoia arquitectónica.

Aínda que nos afastemos lixeiramente do tema cómpre dicir que a carencia destas máquinas hidráulicos obrigou aos veciños a resolver o problema da moenda. Unha das solucións foi a construción, no lugar de Cabalo, dun muíño de vento, o único da bisbarra. Pouco sabemos del, José María Estévez (1996) afirma que foi construído polos irmáns Agustín e Ramón Pla Avalue (curiosamente ambos foron alcaldes



Muíño de vento



Capela de Sanamedio

<sup>2</sup> A palabra saraiba significa, no uso da zona (c.f. *Unha maré de palabras*), 'auga do mar que cae sobre un terreo', o que mostra ás claras a proximidade ao mar deste lugar dedicado ao cultivo de coles e patacas

<sup>3</sup> Téñase en conta que no río Bispo moían 38, na parroquia de Cela, 64 e no, un pouco máis afastado, río Loira, máis de 50.

da Vila). De ser certo este dato, o muíño tivo que estar rematado antes de 1862, ano no que fina Ramón. Tamén en Estévez (1996) podemos observar unha fotografía do ano 1926 co muíño en ruínas o que nos leva a pensar que a súa vida activa non se prolongou máis alá dos 50 anos. Outra solución foi levar o millo a moer a outros lugares como Bueu ou Loira. A finais do s.XIX unha muiñeira de Bueu, Xosefa Regueira Ferradás, puxo en funcionamento un servizo diario de transporte de millo e fariña con burros, logo se sumarían outros (chegaron a ser cinco nos anos 1950). En Bon tiñan como punto de contacto as tabernas de Xosé Pereira e Xosé Estevez Pousa. Recollían os sacos de millo e, segundo a cantidade e a época do ano, era devolto feito fariña nun prazo que ía de un a catro días. Normalmente os labregos pagaban en especie, “maquiando o saco”, é dicir, retirábase unha parte da fariña, unha cunca (aproximadamente dous quilos) por cada ferrado (equivalente a dezaseis cuncas). As tabernas preferían pagar con diñeiro sendo a tarifa un real por quilogramo. Coa chegada das muiñeiras eléctricas todo este negocio acabou.

A paraxe de Bon recibe, dende antigo, un tratamento diferente do resto da fregresía, non en balde, xa na primeira mención documental de Beluso, a doazón de a metade da “Villa de Belluz” coa súa igrexa que no 1108 os condes D. Ramón e Dona Urraca fan ao mosteiro de Poio, podemos ler que, ademais desta “vila”, existía o couto chamado de Bon e Vilar, baixo o señorío civil da Casa Torre de Aldán. No catastro do Marqués de Ensenada (1752) refírese a existencia, en Bon, de plantacións de cañamón, de lino, millo e pastos (senalando tres calidades de terreo segundo a produción), menciona tamén a existencia de castiñeiros, estipulando un décimo por eles, e tamén a crianza de porcos e de cordeiros.

Aínda que a advocación a San Mamede<sup>4</sup>, patrón do gando ceibe, remite a un pasado gandeiro do lugar<sup>5</sup>, a principal ocupación económica da contorna foi a agrícola. A convivencia da superficie sementada (uns 967 ferrados divididos en 1964 parcelas)<sup>6</sup> coa de pradería, coa de carballeira e coa de monte,<sup>7</sup> e a consecuente necesidade de conxeniarse todo os intereses; a presenza do regato máis importante da parroquia cos seus muíños e a existencia de numerosos lagos fan desta paraxe un lugar ideal para o desenvolvemento dun estudo como este.

Outra razón que nos levou a elixir Bon foi a existencia dun arquivo completo e unitario, formado polos seguintes documentos: Do Ouro (1944), Lavandeira (1944), Curral (1945), Castiñeira (1946), Forqueiros (1946), Lavandeira e Curral (1946), Pumadelo ou Tomadelo (1946)<sup>8</sup>, Rabelo (1950) e Casal de Arriba (1951). A maioría das “roldas de auga”<sup>9</sup> especifican que van permanecer

4 O lugar de San Mamede (Sanamedio) segue a ser un referente na cultura e nos costumes das xentes. Á auga da súa fonte atribúenselle propiedades curativas e o día 7 de agosto celébrase unha romaría de grande sona. Máis recentemente erixiuse un monumento a Johan de Cangas, xograr do século XIII, que escribiu unhas cantigas de amigo na que a amada agardaba ao seu amor nesta ermida de Bon e co que encabezabamos este artigo. O 17 de maio réndeselle homenaxe e celébranse distintos actos en defensa da lingua galega.

O actual emprazamento da capela non é a mesma que no século XIII, daquela estaba a uns 500 metros, no interesante lugar de Sanamedio, onde se conservan como lembranza daquel pasado, unha cruz, unha fonte e un canastro. As casas velhas, as construcións populares, algunhas aproveitando os desniveis do terreo, retrótranos a outro tempo.

5 Durante a nosa investigación puidemos comprobar ata que punto ese diálogo coa natureza ese compartir vai moito máis alá do aproveitamento da auga. Existía, neste lugar, un sistema comunitario para o pastoreo do gando, varias familias (o traballo era fundamentalmente desenvolvido por nenos e mulleres) establecían quendas para levar a pastar as ovellas. Un dos nosos interlocutores referiu unha simpática anécdota que non nos resistimos a contar: “A primeira vez que levei as ovellas, pensei que non sabería distinguilas e que no podería deixar a cada unha no seu lugar, pero as ovellas demostráronme que non eran parvas e, ao chegar de volta, cada unha volvíaa a súa corte sen que tivese que apartalas”.

6 Equivalen a 45h. 61 a. e 14 ca. Nótese a enorme partición da terra.

7 Pode sorprendere ao lector actual que os documentos distinguan as carballeiras dos montes, sucede que a palabra monte designaba, sobre todo, ao monte baixo, poboado de toxos, fentos e xestas. Así no documento de Castiñeira(1946) di: “no podrán sacar agua del molino [...] para regar fincas que están sin cultivo que son viñas, campos, robleadas y montes”.

8 E curioso porque nos documentos citase como Pumadelo e as testemuñas o denominan Tomadelo.

9 É de destacar que os documentos reciben este nome. En Bueu reciben o nome de “tandos”, castelanismo procedente da forma “tanda”. En Beluso, en cambio, aínda que os documentos están redactados en castelán, conservan a forma galega “roldas de auga”.




Roldas de auga

baixo a custodia do regador de maior superficie pero, ao final todos eles foron depositados na taberna de Xosé Estévez Pousa<sup>10</sup>. A importancia desta unidade de arquivo ben dada, sobre todo, porque algúns dos acordos afectan a máis dun lago, o que nos permite observar as interrelacións entre eles.

Cómpre dicir que, ao contrario dos textos analizados no artigo anterior<sup>11</sup>, estes pertencen a unha mesma época, entre 1944 e 1951, pero isto non implica a inexistencia de acordos anteriores, nos documentos insístese en que as roldas se distribúen como “desde antigo”, “desde tempo inmemorial”. Se esta non se considerase proba dabondo sobre a antigüidade do procedemento, o propio documento do Ouro (1944)

expresa que: “anteriormente, se compuñan las tres Roldas de sesenta días llevando cada Rolda veinte días y dos ferrados y medio de terreno...” o que implica a existencia de acordos anteriores adaptados, como veremos, ás circunstancias de cada momento. Por outra banda temos constancia da celebración no ano 1871, no xulgado de Bueu, dun acto de conciliación para a pro rata das augas de Lavandeira.

Os escritos aportan ademais interesantes datos para a comprensión da sociedade rural da época. Como xa apuntabamos antes, o texto fundamental quedaba en depósito na casa do propietario de maior superficie e a cada un dos regadores se lle entregaba un recibo, ás veces, unha simple folla de papel, noutras un caderno completo. Estes “recibos” conteñen, ás veces, informacións de grande va-



Recibo de Secortes



Mapa das presas

<sup>10</sup> Era frecuente que estes establecementos non fosen só lugares de ocio senón verdadeiros locais sociais pois funcionaban como carterías, depósitos, etc.

<sup>11</sup> c.fr. Adra nº5, pp.102-103



lía pois algún empregaban as páxinas baleiras para outro tipo de anotacións como podería ser o día en que levaban a vaca a cubrir, pasaba pois a ser un rexistro da memoria agrogandeira da familia.

Outro aspecto moi salientable é que nos atopamos no momento de cambio dunha sociedade ordenada polo sol a outra rexida polo reloxo. As roldas de auga, deste arquivo, seguen a mencionar a saída e a posta do sol como momentos para tapar a auga pero os nosos entrevistados xa mencionan horas concretas e sinalan que estas variaban polos cambios horarios impostos polas distintas administracións, por exemplo de doce da mañá a unha da tarde. Existen ademais documentos de lugares próximos que son máis explícitos, así nun recibo de Socortes pódese ler a seguinte nota: “Esta copia es de años anteriores, es combeniente cerciorarse si rige estos orarios actualmente”. Na rolda de augas do Lago de Xaraboa (Motemogos) di que as horas para empezar a regar son as seis da mañá e as oito da noite, “tomadas por el sol y no por las oficiales que establece el Estado para las oficinas públicas, transportes y fábricas”.

Pero acaso o máis destacado sexa o respecto polos maiores, non é insignificante que na maioría das comisións redactoras, ademais dos alcaldes de barrio<sup>12</sup>, participasen os cinco veciños máis vellos de entre os levadores, eles eran so posuidores da sabedoría herdada dos devanceiros.

## 1.- Infraestruturas

### 1.1.- *Os lagos*<sup>13</sup>

Os lagos de Bon non son exactamente uns simples depósitos de auga senón unha rede perfectamente estruturada. Sucede que a un principal se asocian un ou máis secundarios, chamados “estancos”. Estes teñen a función de almacenar unha auga suplementaria que permita reencher o principal unha vez baleirado. Ademais, nalgúns casos, dispuñan doutro estanque terciario, a medio camiño entre o principal e as leiras; tiña unha función reguladora e permitía que o outro se enchese para a segunda lagarada. Estamos pois ante un rico conxunto que permite un óptimo aproveitamento do recurso.

Algunhas destas infraestruturas, as situadas no Nocedo, forman unha verdadeira unidade, como analizaremos máis adiante.

Se atendemos a súa construción son máis ben pobres, aproveitan un ensanchamento do terreo, ás veces ampliado de xeito artificial, e levantan unha fronte de terra compactada ou de perpiño. Curiosamente son os lagos dos mananciais e non do regato os de mellor factura.

### 1.2.- *Os regos*

En todo o percorrido, son uns sucos máis ou menos profundos practicados no propio terreo de xeito que a auga correse polo desnivel, os informantes aínda lembraban con fastío o traballo desenvolvido nalgúns lugares a causa do escaso declive.

<sup>12</sup> Queremos explicar que o lugar de Bon estaba dividido en dúas partes denominadas Bon de Arriba e Bon de Abaixo. Na actual nomenclátor denominábase Sanamedio (Bon de Arriba) e Bon (Bon de Abaixo).

<sup>13</sup> Convén deixar constancia, aínda que non formen parte do noso estudo por non estar sometidos a ningún tipo de acordo comunitario, da existencia de dúcias de pequenos lagos, diminutas construcións para almacenar a auga dun pequeno manancial que brota nunha leira e serve para fertilizar a mesma.




Ilustración 1




Ilustración 2

Existía unha arteria principal e infinidade de ramificacións que a súa vez volvían a dividirse para conseguir que chegase o líquido a todas as plantacións. En ocasións atravesaban fincas privadas e, como veremos, daban lugar á existencia dalgún tipo de compensación.


Ás veces, debido ao longo recorrido, cursos de distintos mananciais compartían algún tramo, como ocorría na Gonciña. Como as augas non chegaban ao mesmo tempo ao tramo compartido, o primeiro en recibila colocaba unha medida, unha pedra ou cana, no lugar de separación do curso común para poder comprobar a altura do líquido (Ilustración 1). Logo do novo aporte de auga e da desviación para o segundo regante, a medida servía para comprobar que o nivel seguía a ser o mesmo (Ilustración 2). Para conseguir esta regulación pechaban parcialmente unha ou outra das saídas particulares, normalmente con terróns. Aínda que en ocasións acontecían pequenos intentos de pillaxe, o xeral era a harmonía no funcionamento do sistema.

É importante sinalar que, ao contrario do que sucedía en Bueu<sup>14</sup>, estas canles non tiñan función de desaugue, xa que para as avenidas pluviais utilizaban outras chamadas levadas. Estas, en certos tramos, eran utilizadas como cursos de regadío.

Como curiosidade cómpre mencionar que para superar algúns vaos, improvisaban canles de madeira para no momento de pasar a auga, pois doutro xeito o líquido embalsábase e perdíase ao non poder superar o desnivel.

<sup>14</sup> c.fr. Adra nº5, pp.105.





Documento de Casal de Arriba

## 2.- O reparto da auga

### 2.1.- A auga libre

Ao igual que en Bueu, a maior parte do ano a auga era libre, libre non quere dicir exenta de norma. Era de quen a collía pero había que conducila e permanecer na leira ata rematar de regar, doutro xeito, calquera podía levala.

### 2.2.- A pillaxe

Cando o tempo empezaba a ser seco, normalmente polo mes de Maio, e a auga aínda non estaba en quenda, funcionaba o sistema da pillaxe<sup>15</sup>. Os levadores acudían a un punto e repartían a auga pola orde de chegada.

### 2.3.- As roldas

Sen ningunha dúbida o concepto máis novidoso do reparto da auga en Bon é o de lagarada. Entendíase por lagarada a cantidade de auga almacenada nun lago durante un período de tempo. Por extensión, pasou a definir

o tempo de almacenaxe da auga nos encoros.

Pois ben, o reparto en Bon (agás no caso de Casal de Arriba do que nos ocuparemos máis adiante) non é, como en Bueu, unha asignación de horas a cada propietario senón de lagaradas a pagos. Este sistema pode resultar sorprendente pois, se temos en conta que cada día consta de dúas lagaradas, de posta do sol a saída do sol e de saída do sol a posta do sol, e como pola noite non se regaba parecería que os regadores da tarde, invariablemente sempre os mesmos, saírían moi prexudicados pero é aquí onde a sabedoría dos nosos devanceiros vólvenos dar unha lección. Vexámolo polo miúdo:

Unha primeira cuestión a considerar é a do tempo. É evidente que, no verán, a posta de sol é tardía e o abreinte é temperán de xeito que, aínda que sabemos que varía de día a día, poderíamos atoparnos con noites de oito horas e días de 16 o que xa en si mesmo constituiría unha compensación pola evaporación e a dificultade de almacenaxe. Con todo algúns documentos tenden a fixar horarios de 12 horas, probablemente remitindo a un costume anterior. Como solucionaban pois o problema?

Acontece que os regadores da mañá abrían os lagos todos e, en canto os estancos se baleiraban, o que sucedía moi pronto segundo as testemuñas entrevistadas, tapábanse e xa non podían

<sup>15</sup> En Bueu este sistema chamábase da apañota, [pañota] na fala local, en Aldán repañota ou rapañota, en Beluso chámase pillaxe, [pillás], unha forma léxica afastada das da contorna. Olo porque esta palabra serve para designar un sistema regulado e ao mesmo tempo para expresar a picaresca de quen quere aproveitar a ocasión, por exemplo trucando a altura dun aporte de auga cando conflúen dúas presas.



Lago de Macela



Muíño de Avical

ser abertos senón para regar os da segunda lagarada, ademais sobre ás doce da mañá pechábase tamén o principal<sup>16</sup>. Pola tarde, en cambio, tanto este como os estancos estaban abertos permanentemente, dende o momento de empezar a faena, co que o tempo de aporte do líquido era moi equivalente.

As “roldas de auga” coinciden en indicar que a fertilización se fai a rego corrido, é dicir, empezando pola presa máis próxima ao manancial, logo pola contigua e así sucesivamente ata a máis afastada, e isto, de xeito invariable; insisten en sinalar que así se consegue un mellor aproveitamento. Tamén aquí nos dan unha lección pois para compensar a perda de líquido causada pola permeabilidade do terreo e pola evaporación sobre o cómputo referencia<sup>17</sup> auméntase a superficie por lagarada nas leiras máis próximas ao lago e diminúese nas afastadas. Este afán de xustiza distributiva lévaos a compensar a unhas fincas polo mal estado das infraestruturas, así en Rabelo (1950) lemos: “a los terrenos del Cascallal darle algunas varas menos por estar el curso de riego en malas condiciones”.

Aínda que a filosofía do documento xa impón a obriga de compartir a auga entre os levadores dun pago na mesma lagarada, non son nada explícitos na forma do reparto, tan só sinalan que comezará a regar o máis próximo ao nacemento do manancial de modo que podería interpretarse, erroneamente, que este tiña dereito a usar todo o líquido que precisase sen ter en conta as necesidades alleas. Nada máis lonxe da realidade, cando a escaseza era grande apañábanse para repartir o líquido sempre con respecto á proporcionalidade. Os nosos entrevistados expresábanse con claridade e firmeza: “se ti regas tanto, eu rego cuanto, non vas regar ti todo e eu nada”. O compartir como forma de superar as necesidades.

Falabamos anteriormente da escaseza de muíños e da importancia destes para a transformación dos produtos. No río Bispo<sup>18</sup> os muíños moían de noite e polo día regábase; para o río Nocado os documentos establecen que, entre o 6 de Xuño e o 11 de Xullo, os regadores non

<sup>16</sup> Os levadores, mentres tanto, podían baleirar o principal ben directamente para regar ben para ese terceiro lago regulador.

<sup>17</sup> Veremos máis adiante que nos documentos se asigna sempre un cómputo de superficie e lagarada que funciona como referente para o reparto.

<sup>18</sup> c.fr. Adra nº 5, pp.106-107.



Lago de Castiñeiras

Empezaremos polo conxunto asentados nas beiras do río Nocedo e logo aqueles alleos a este regato.

### 3.1.- Os lagos do río Nocedo

Os seus catro encoros<sup>19</sup> forman unha verdadeira unidade funcional. Situados, para poder gañar a maior cantidade de terras, na parte alta, están apenas separados uns dos outros por 500 metros. Malia ao escaso caudal do río chegan a poder encherse porque ao longo do leito existen unha man chea de pequenos mananciais. Como veremos detalladamente nas descricións concretas, estes lagos, ás veces, regan conxuntamente algunhas paraxes (Cultas, Viñas e Covas), outras comparten pequenos cursos das súas presas (Gonciña) e, nalgún caso, mesmo chegan a traspasar-se superficies a fertilizar (Castiñeira e Do Ouro), sen dúbida unha precisa engrenaxe.

#### 3.1.1.- O lago de Castiñeiras

Situado na paraxe do mesmo nome, moi próximo ao nacemento do regato, na actualidade está completamente recheo polos sedimentos arrastrados polas propias augas do río así como polas avenidas. Si se aprecia o ensanche pero non a fronte feita de terra compactada. O mesmo ocorre cos estancos, en estado ruinoso; un deles fornecía-se do propio regato e o outro dun manancial próximo.

A auga deste encoro regaba os pagos de Castiñeiras, Nocedo, Cernada, Carrascal, Goda, Bousiñas, Almuíñas, Redondelo, Casas de Bon, Circo, Bendella, A Hicho, Covelo, Rexeiriña, Cabanas e Chan, unha superficie de 261 ferrados e 8 varas que esta distribuída en 473 parcelas<sup>20</sup>.

O documento de pro rata foi redactado en 1946, "como se venia haciendo desde tiempos anteriores", "como se venia haciendo de tiempo inmemorial". A súa elaboración foi encargada a unha

podían utilizar a auga do regato para terras incultas e montes.

Correspondíalle tapar os lagos ou ben ao primeiro en regar ou ben ao que posuía máis superficie, segundo constase no documento.

Tamén establecen a obriga dos propietarios de reunirse, normalmente o día anterior, para limpar as cales comúns e as propias co fin de facilitar o paso axeitado da auga e das persoas.

## 3.- Descrición dos lagos

Neste apartado daremos conta das estruturas, dos documentos e das normas de funcionamento dos lagos desta paraxe.

<sup>19</sup> Existe un quinto encoro, o do Cido, situado no leito baixo do río. Ten un funcionamento un tanto autónomo e a súa documentación non aparece no corpus que nós analizamos.

<sup>20</sup> Equivalentes a 12 ha. 31 a. 67 ca.

comisión presidida polos dous alcaldes de barrio, o de Bon de Arriba, e o de Bon de Abaixo, e a cinco veciños, os máis vellos do lugar e coa conformidade dos demais. O escrito queda na custodia do maior propietario<sup>21</sup> e cada un deles leva un recibo onde se especifica día, lagarada e finca que lle corresponde regar.

Establecen tres roldas de 30 días cada unha que, a 12 horas por lagarada, totalizan 60 por rolda. Calculaban regar 4 ferrados e medio por cada unha, aínda que, en realidade, non se axustan matematicamente a este número,

porque nos acordos asígnanlles máis varas ao pagos máis próximos e menos aos afastados para compensar a filtración e a evaporación da auga.

Comeza a primeira rolda o 6 de xuño coa posta do sol e remata o 6 de xullo a mesma hora, a segunda rolda o 11 de xullo a posta do sol, ata o 10 de agosto cando comeza a terceira e que dura ata o 9 de setembro. Do 6 ao 11 de xullo, a auga pasa a regar os terreos de Cultos e Viñas.

Acordan “regar por rego seguido”, comezando polos terreos máis pretos ao lago e seguir nese orde para o mellor aproveitamento da auga. Responsabilizan de tapar os lagos o que lle corresponda regar primeiro de cada lagarada. Como restrición impoñen que durante a primeira rolda, 6 de xuño a 11 de xullo, non se pode quitar a auga aos muíños para regar terreos que están a pasto, viñas, carballeiras ou montes, a auga é para os que teñen froitos ou para terreos moi secos que se queiran sementar.

Todos os regadores están obrigados, o día 5 de xuño, a limpar os lagos e tamén os cursos comúns e os da propia testeira.

### 3.1.2.- O Lago do Ouro

É o segundo da serie dos estanques asentados ao longo do curso do regato de Nocedo. Rega os lugares de Sereixido. Nocedo, Agro, Cernada, Cociña, Redondelo, Isqueiros do Valo, Viñas, Silval, Veigas Dantes, Arnosa, Villeiro e Cascallal, que totalizan 122 ferrados de terreo en 237 parcelas<sup>22</sup>.



Documento de Castiñeiras


<sup>21</sup> Como xa dixemos antes, en todos os documentos se sinala esta responsabilidade de custodia pero finalmente todos foron depositados na taberna de Xosé Estévez Pousa.

<sup>22</sup> Equivalentes a 5 ha. 78 a. 40 ca.





Lago do Ouro



Documento do Ouro

Como todos os deste regato, foi construído aproveitando a conca que se anchea convenientemente, ten unha fronte de perpiaño. Uns metros máis arriba, no lugar ocupado agora por un lavadoiro, estaba o estanco.

Ao igual que nos outros encoros créase, para a elaboración dos documentos, “como se facía de tempo inmemorial”, unha comisión formada polos alcaldes de Barrio e polos cinco levadores máis vellos.

Reparten a auga en 3 roldas de 60 lagaradas de 12 horas cada unha, dende a posta do sol a saída, e outra de saída a posta. Concretan no documento que cada lagarada fertiliza 2 ferrados de terreo, aínda que a realidade é distinta porque, como sucede noutros encoros, ás leiras pretas ao lago asígnalles máis terreo e as máis afastadas menos.

Neste documento, probablemente o máis rico en matices de todo o conxunto, podemos ler o seguinte parágrafo:

“Anteriormente se componían las tres Roldas de sesenta días llevando cada rolda veinte días y dos y medio ferrados de terreno en cada Lagarada. Pero en este nuevo Prorrato como se le aumentó algún terreno de la presa de Castiñeira resultan las Lagaradas a tres ferrados...”.

O texto citado ten un grande interese por varios motivos, o primeiro é que mostra ás claras que os encoros do río Nocado forman un conxunto, pois doutro xeito non sería posible traspasar a auga dun rego ao outro, en segundo lugar este cambio implica que os levadores de ambos pagos teñen que chegar a acordos solidarios pois, se ben moitos deles son os mesmos, hai outros que teñen que renunciar a un acordo mellor; en terceiro lugar amosa que os procedementos son os tradicionais pero que son quen de adaptalos ás novas necesidades e aplicar os cambios precisos.

Empezaba a primeira rolda o 6 de xuño á posta do sol e remataba o 6 de xullo tamén á posta do sol, comezaba a segunda o 11 de xullo pola tarde e dura ata o 10 de agosto, cando empezaba a terceira rolda ata a finalización o 9 de setembro. Así mesmo acordárase que entre o seis e o once de xullo a auga pasa a regar os predios de Cultos e Viñas<sup>23</sup>.

Determinan que procederán a fertilizar por rego seguido para un mellor aproveitamento da auga e que será responsable de tapar o lago o primeiro regador ben da mañá ou da tarde.

Nas paraxes regadas por este encoro prodúcese un feito xa anticipado cando falabamos das infraestruturas, unha das presas ten que pasar, en cano tapado, polo medio de dous predios pertencentes ao territorio doutro lago. Conviñeron que, en pago, os donos destas fincas gozarían do uso da auga en algunhas varas, en contraprestación os propietarios das mesmas comprométense a non impedir o paso da auga en ningún tempo, e a que, se nalgún momento o caño se derruba ou se atranca, procederán a reparalo ou limpalo ata deixalo en perfectas condicións.

Establecen, ademais, que durante a primeira rolda non se pode quitar a auga aos muíños para regar terreos que estean a pasto ou sen froito, xa que esta debía ir destinada aos terreos cultivados



Lago de Lavandeira



Lago de Curreal

<sup>23</sup> Cómpre subliñar, pois son unha proba da perfecta sincronización e harmonía no funcionamento destes lagos, que estes pagos e datas son as mesmas reservadas no lago de Castiñeira antes mencionado.

e a aqueles outros que se ían sementar na procura dun maior grao de humidade. Todos os regadores, o cinco de xuño pola mañá, tiñan a obriga de se xuntar para a limpeza dos lagos e quenllas e, aqueles a quen o curso lles pase pola súa testeira, tiñan que deixalo en condicións.

### 3.1.3.- *Lago de Lavandeira*

Deste conxunto de encoros do regato de Nocado é o terceiro curso abaixo, rega os pagos de: Lavandeira, Toneceiro ou Toneiro, Cociña, Avical, Areciro ou Areciso, Macela, Arceiso, Prado, Cabanas, Curral, Abilleira, Abilleira do monte, Outeiral, Encourados, Cachopas, Fontenla, Vispeira, Fardán, Cascallal, Cova, con unha superficie de 64 ferrados e 21 varas repartidas en 296 parcelas<sup>24</sup>.

Como o de Castiñeira, está completamente recheo de terra e distínguese con dificultade a fronte de perpiaño, un dos seus dous estancos está destruído e o outro consérvase aceptablemente. A súa rede de canles non presenta particularidades salientables.

O documento de pro rata que estudamos data de 1944. Para a elaboración do mesmo nomearon unha comisión composta polos alcaldes de barrio e os cinco veciños máis vellos do lugar, co beneplácito dos demais levadores. Como nos casos anteriores non temos constancia doutros escritos previos, pero as consabidas formulas de: “como se venia regando desde tempos anteriores” e “como se venia facendo de tempo inmemorial”, confírmannos que este sistema se viña rexendo por normas “amigables e extraxudiciais” dende antigo. O texto orixinal queda en poder do regador con maior extensión de terreo e os demais implicados reciben un recibo cos días e lagaradas que lle son asignados.

Distribúen o rego en tres roldas de 30 días e de 60 lagaradas cada rolda, correspondíalle a cada lagarada 3 ferrados e medio de terreo, que ao igual que nos lagos anteriores resulta ser un cálculo medio de referencia, pois, como establecen regar a presa seguida, utilizan os consabidos sistemas de compensación aos lugares máis afastados con menos varas de rego: así aos terreos de Avical, Macela, Curral e Abilleira adxudicábanlles unhas varas máis, e aos de Outeiral, Encourados, Fontenla, Vispeira e Cascallal unhas menos.

As lagaradas establécese de posta do sol a saída do sol a primeira, e de saída a posta a segunda.

A primeira rolda comeza o 7 de xuño á noite e dura ata o 7 de xullo á mesma hora, a segunda comeza o día 11 xullo á noite e remata o 10 de agosto, e a terceira vai do 10 de agosto ao 9 de setembro. Do 7 ao 11 de xullo, as augas están destinadas a regar os terreos da paraxe de Covas.

Neste documento comprometéase ao regador con máis tempo asignado a ser o responsable de estancar os lagos. Ademais establece a obriga de acudir a limpeza dos lagos e cursos un día antes de comezar a primeira rolda e a prohibición de sacarlle a auga aos muíños para terreos sen cultivar.

### 3.1.4.- *Lago do Curral*

É o cuarto da serie de encoros asentados no Nocado, rega os pagos de Freán, Prado, Curral, Avical, Regato, Abilleira, Sidreiros, Cachopas, Muíñovedro, Encourados, Barroncas, Roteas, Monfardo, Abruñido e Vespeira, cunha superficie cultivable de 271 ferrados e 8 varas que comprendían 447 parcelas<sup>25</sup>.

<sup>24</sup> Equivalentes a 9 ha. 26 a. 4 ca.

<sup>25</sup> Equivalentes a 12 ha. 78 a. 84 ca.



O lago principal, en bo estado de conservación, ten unha estrutura simple, construíuse ancheando a conca do regato para aumentar a capacidade e pechouse cunha fronte de perpiños; os dous estancos, de pequeno tamaño, feitos con terra compactada, están hoxe practicamente desaparecidos.

O documento data de 1945 e foi redactado por unha comisión encabezada polos alcaldes de barrio e persoas máis vellas do lugar de forma amigable e extraxudicial. Quedou na custodia do maior regador e a cada participante déuselle un recibo coa información correspondente as súas propiedades.

Reparten por lagaradas asignándolle a cada unha 4,5 ferrados de terreo; como acordan regar por rego seguido, pónenlle, como compensación, unhas varas máis aos pagos de Prado, Freatn e Avical polo feito de estar preto do lago, e a Roteas, Volta do Monte e Abruñidos unhas varas menos por estar afastadas. Estancan á posta de sol e ao abreinte.


A primeira rolda comezaba o 7 de xuño á noite e duraba ata o 7 de xullo, a segunda estaba comprendida entre o 11 de xullo e o 10 de agosto e a terceira do 10 de agosto ao 9 de setembro. Entre 7 e o 11 de xullo a auga pasa a regar os terreos de Covas, como ocorría en Lavandeira 1944.

Por último, estableceron que fose o regador con máis terreo de cada lagarada o responsable de estancar os lagos. Impuxeron a obriga de reunirse para a limpeza de lagos e cursos, e prohibiron sacarlle a auga os muíños durante a primeira rolda para os terreos incultos.

### 3.1.5.- O lago de Lavandeira-Curral

Nos documentos de Lavandeira (1944) e de Curral (1945) establecen que, ao finalizar a primeira rolda, se destinaba a auga de ámbolos dous lagos, do 7 ao 11 de xullo, a regar os pagos das Covas, sen especificar ningunha distribución, toda vez que sería recollida noutro documento que agora pasamos analizar<sup>26</sup>.

Para a elaboración do documento forman unha comisión composta polos Alcaldes de Barrio



Documento Lavandeira-Curral

<sup>26</sup> Un caso parecido, e que, pola súa similitude, incluímos neste apartado, é o que aparece en Castiñeira (1946) e Ouro (1944), pois tamén ao rematar a primeira rolda de rega en ambos lagos se reservan os días do 6 a 11 de xullo para fertilizar outros predios: os pagos de Cultas e Viñas. Do reparto destes días de auga non atopamos documentación, os entrevistados comentáronos que, ao xuntar a auga dos dous tramos do regato, reunían caudal suficiente para regar sen necesidade de encorar, o que os liberaría da distribución das lagaradas.





Para a redacción do documento deste manancial datado en 1946, do mesmo xeito que nos lagos do Nocedo, nomean unha comisión formada polos alcaldes de barrio e cinco veciños dos máis vellos do lugar que, de acordo cos demais levadores, proceden a pro rata desta auga de xeito amigable e extraxudicialmente. O documento queda en poder do propietario con máis superficie.


Seguen o método de reparto por lagaradas sobre un cálculo de 100 varas por cada unha, aínda que aos terreos máis pretos do manancial como Forqueiros, Chanciños, Hermidas e Nocedos, asígnanlle unhas varas máis sobre a media, e aos de San Mamede, Goda e Fabas unhas varas menos por estar afastados. Acordan como en todos os demais casos regar a presa seguida.

Distribúen en 3 roldas de 30 días e de dúas lagaradas, estancando os lagos á posta e á saída do sol. Comezaba a primeira rolda o día 7 de xuño a noite e remataba o 7 de xullo a noite, cando empezaba a segunda para acabar o 6 de agosto á noite, de seguido iniciábase a terceira e finalizaban as roldas o 5 de setembro.

Establecen a obriga de tapar os lagos ao régante con máis superficie en cada lagarada, igualmente impoñen tamén a obriga de acudir, o día antes de comezar as roldas, á limpeza de lagos, presas, valados e testeiras para que non haxa ningún impedimento para o paso das augas e persoas.



Lago de Rabelo



Documento de Rabelo

### 3.2.2.- O lago de Rabelo

O manancial e lago do Rabelo, tamén coñecido como Billeiro polos veciños, esta construído totalmente con perpiaños e a conservación é boa. Situado a beira da estrada que vai a praia de Area de Bon, rega os pagos de O Rabelo, Cascallal, Fontenla e Cepo, unha superficie total de 58

ferrados e 24 varas distribuídas en 88 parcelas<sup>29</sup>.

Para redactar, de xeito amigable e extraxudicial, o documento, de 1950, forman unha comisión de cinco levadores<sup>30</sup>, sen especificar ningunha característica, e co acordo de todos os demais.

Acordan a repartición por lagaradas, dúas por día, de posta do sol á saída, e viceversa, “como se venia regando desde tempos anteriores”. O documento queda en poder do que ten máis superficie, e todos levan un recibo con cadanseus días e lagaradas.

Concordan enregar a presa seguida para un mellor aproveitamento. Asígnanlle como referencia 50 varas de terreo a cada lagarada e, como sempre, compénsase en varas a perda pola distancia. Chama a atención pola singularidade do caso que aos terreos do Cascallal se lle concedan unhas varas menos por recoñecer que a presa está en malas condicións, outro claro exemplo da capacidade para resolver calquera problema ocorrido de modo xusto.

A primeira rolda comeza o 10 de xuño á mañá e remata o 9 de xullo á noite, iníciase a rolda o mesmo día e vai ata o 8 de agosto á noite, e de seguido iníciase a terceira que dura ata o 7 de setembro. Quedan responsables de tapar o lago, tanto a noite como a mañá os propietarios con máis superficie.

Establecen reunirse o día anterior ao comezo das quendas para a limpeza dos lagos, cursos, testeiras e valados, de xeito que puidesen pasar libremente e sen ningún impedimento a auga a cada leira.

Quizás o máis salientable deste documento sexa un acordo que paga a pena transcribir literalmente porque mostra o espírito de cooperación, de concordia e de capacidade para a renuncia no beneficio común:

“Todos los regadores llevadores de terreno que riegan con el Agua de este Manantial, acordaron que el agua del nacimiento de Isqueiro de Valo, no sea intervenida por los regadores que tienen fincas en el Circo, durante el 10 de Junio al 7 de Septiembre, ya que las del Circo pertenecen al Manantial de Castiñeiras.”

Como podemos observar, uns levadores renuncian a posibilidade de empregar unha auga á que fisicamente poderían ter acceso, simplemente, porque é un ben común e escaso e que outras paraxes precisan de xeito máis perentorio.

### 3.2.3.- O lago de Pumadelo

O lago de Pumadelo ou Tomadelo, como lle chaman os veciños, forma un harmonioso conxunto cunha fonte e un lavadoiro, construídos todos con perpiaño. Por estar ao lado dun manancial con moito caudal carece de lagos estancos. Rega as paraxes de Pumadelo, Laranxos, Río da Vila, Pedrosa e Cochiños, unha superficie cultivable de 29 ferrados e 44 varas distribuídas en 102 parcelas<sup>31</sup>.

<sup>29</sup> Equivalentes a 2 ha.42 a.33 ca.

<sup>30</sup> Nótese que aquí non participan os alcaldes de barrio.

<sup>31</sup> Equivalentes a 1 ha. 39 a. 74 ca.





Lago de Pumadelo



Lago de Casal de Arriba



Auga

O documento foi redactado, “de forma amigable e extraxudicial”, polo alcalde de barrio<sup>32</sup> e por unha comisión de veciños dos que non se especifica ningunha característica especial. O escrito queda en poder do regador coa maior superficie, e os demais levan cadanseu recibo cos días e lagaradas asignados.

Reparten a 40 varas por lagarada, cálculo que, como en todos os casos anteriores, resulta aproximado, pois ao regar por presa seguida, impóñenlle aos terreos de Pumadelo, os máis achegados ao lago, unhas varas máis por lagarada, e aos de Pedrosa e Cochiños unhas menos por estar afastados.

<sup>32</sup> Nótese que só intervén o alcalde de barrio de Bon, pois o terreo que rega é tan pequeno que só afecta aos veciños de Bon e non aos de Sanamedio.

Establecen roldas de 21,5 días<sup>33</sup>. Comeza a primeira o 26 de xuño á noite e remata o 18 de xullo á mañá, nesa mesma data iníciase a segunda para acabar o 9 de agosto, de seguido empeza a terceira que remata o 31 de agosto.

En canto ás obrigas establécese que é responsable de tapar o lago, á noite e á mañá, quen posúa máis cantidade de terreo en cada lagarada, e que todos os veciños teñen a obriga de participar, un día antes de comezar as roldas, nas tarefas de limpeza do lago, dos cursos xerais, valados e testeiras para que non haxa impedimento de ningún tipo na conducción da auga nin ao paso das persoas.

### 3.2.4. - Lago de Casal de Arriba

Este pequeno lago, tamén chamado do Barronco, está situado entre as primeiras casas de baixada á praia de Area de Bon. Está construído aproveitando unha depresión do terreo cunha fronte de perpiaño, posúe un estanco de construción similar (convén recordar que, en xeral, estes encoros auxiliares tiñan a fronte de terra compacta). Rega o pago de Casal de Arriba cunha superficie de 5 ferrados e 7 varas, distribuídas en 10 parcelas<sup>34</sup>.

Nos lagos anteriores, para a redacción do documento de pro rata constituían unha comisión, neste caso como os levadores son soamente oito, reúnense todos para decidir o reparto. Como curiosidade diremos que é o primeiro caso no que unha muller participa nesta responsabilidade; nos casos anteriores, aínda que existen mulleres propietarias, non forman parte do grupo redactor. O documento como en todos, queda en poder do principal regador, e todos os demais levan unha nota cos días e horas en que lle corresponde regar en cada rolda.

Quizás a particularidade máis significativa deste documento é que fan o reparto por horas e non por lagaradas, así asignan a cada vara de terreo unha hora de tempo. Este reparto novidoso<sup>35</sup> fala ás claras da flexibilidade e da capacidade creativa de atopar as mellores solucións para cada situación concreta.

Fan unha distribución en cinco roldas de oito días; comezaban a primeira o 30 de xuño ás nove da noite e remataba a quinta rolda o 29 de agosto tamén ás nove da noite. No documento queda explícito o día, hora de comezo e de remate de cada propietario. Como exemplo transcribimos dúas reparticións contiguas tal como figuran:

“Balbina Ferradas Cerviño. Tapa el día 6 de julio a la una de la tarde hasta el 7 a las seis de la mañana para regar 18 varas”.

“Agustín Otero Estevez. Tapa el día 7 de julio a las 6 de la mañana hasta el 10 a las cinco de la tarde para regar 86 varas”

Non establecen a obriga de ir a limpar os lagos, cursos e testeiras, probablemente porque por ser poucos os implicados, dan por sentado que todos asumirán directamente os labores de limpeza e as realizarán por propio interese.

<sup>33</sup> O que proba por unha banda a riqueza do manancial e por outra a escaseza de terreo, nótese que nos demais casos eran trinta días.

<sup>34</sup> Equivalentes a 24 a. 10 ca.

<sup>35</sup> Novidoso polo que respecta aos acordos recollidos neste arquivo, pois en Bueu (c.fr. *Adra nº 5* px. 107) era o habitual e tamén nos lagos de Xaraboa e Secortes, entre outros, na Parroquia de Beluso.

## A modo de conclusión

*“Os camiños son semellantes aos sucos, i eisi como as leiras dan o pan, os camiños dan as xentes, as pousadas, as falas, os países.”*

Álvaro Cunqueiro

Sucedede que, en Bon, os sucos son camiños, os sucos dan pan pero tamén dan persoas, palabras...Os sucos gardan a memoria palpitante dunha xeración capaz de multiplicar as augas a forza de acoller os mananciais case inapreciables e de buscar solucións, case malabares, para deixalas xurdir e permanecer; dunha xeración capaz de compartir recursos, de ser flexibles nos acordos e nas construcións.

Os sucos conservan a lección moral dunhas xentes para quen o ben común era a forma máis perfecta de acadar o ben propio, por iso eran comunitarios os traballos do pastoreo ou do rego e por iso estaban atentos a percibir as dificultades do afastamento ou das malas infraestruturas para compensalas con xustiza.

Os sucos aínda escoitan o eco das xentes en diálogo coa natureza, xa tivese esta a forma dunha ovella, correse como a auga ou quecese como o sol...Os sucos saben que podemos esquecerlo todo, menos o desexo dun mundo mellor (aquele non o era, malia ter, nalgunhas xentes, a lembranza do futuro) quizás porque, parafraseando a Cortázar, poderíamos dicir que a levamos na cor dos ollos, nunha bágoa, nun sorriso, en cada amor...en todo o que profundamente nos desata. ☺

## Bibliografía

- ALDAO PORTAS, M. e outros (2004) *A pedra labrada. Monumentos do Morrazo, Bueu, Cangas e Moaña*. Vigo: Faro de Vigo.
- ALDAO PORTAS, M. e CASTRO OTERO, S. (2006) “A cultura da auga no río Bispo”. *A lingua do corvo*, nº 4, Bueu, pp.25-27.
- ALDAO PORTAS, M. e CASTRO OTERO, S. (2010) “Unha achega a cultura da auga (Infraestruturas e acordos para o uso da auga na ladeira leste da Parroquia de San Martiño de Bueu”. *Adra*, nº 5, Museo do Pobo Galego, Santiago de Compostela, pp. 101-117.
- ÁLVAREZ PÉREZ, J. R. e MILLÁN OTERO, X. M. (1997) *A sociedade de agricultores “El Progreso” de Beluso (1931-1936)*. Bueu, A.VV de Beluso.
- CHAO REGO, X. (1995) *O libro da auga*. Sada: Ed. do Castro
- CORTÁZAR, J. (1984) *Rayuela*, Barcelona: Seix Barral.
- CUNQUEIRO, A. (1982) *Obra en galego completa. Narrativa II*. Vigo: Galaxia.
- ESTÉVEZ CASTRO, J. M<sup>a</sup>. (1996) *Reconocer Bueu*. Pontevedra: Deputación Provincial.
- LANDEIRA YRAGO, Xosé (1995) *Antoloxía da poesía galega. Dos devanceiros ao dezaioito*. Vigo: Galaxia.
- SÁNCHEZ CIDRÁS, A. (1996) “Apuntes de toponimia”. *O Candil*, nº 9, Bueu: Colexio da Pedra.
- VV.AA. (2004) *A pedra labrada. Monumentos do Morrazo, Bueu, Cangas e Moaña*. Vigo: Faro de Vigo.
- VV.AA. (2005) *Unha maré de palabras. Contribución ao léxico do Morrazo*. Bueu: Museo Massó.

VV.AA.(2008) *O Morrazo é arte (DVD interactivo)*. Pontevedra: Diario de Pontevedra.

## Documentos

*Caderno de rego de dona Josefa Ferradás Martínez*. Bon.

*Caderno de rego de dona Carmen Freire Pousa*. Bon.

ESTÉVEZ COMESAÑA, Aurelio (1951) *Prorrateo individual del agua del manantial denominado Casal de Arriba*. Bon.

ESTÉVEZ POUSA, Avelino e outros (1944) *Prorrateo individual del agua del manantial denominado Lavandeira*. Bon.

ESTÉVEZ POUSA, Avelino e outros (1944) *Prorrateo individual del agua del manantial denominado do Ouro*. Bon.

ESTÉVEZ POUSA, Avelino e outros (1945) *Prorrateo individual del agua del manantial denominado Curral*. Bon.

ESTÉVEZ POUSA, Avelino e outros (1946) *Prorrateo del manantial del agua de Castiñeiras*. Bon.

ESTÉVEZ POUSA, Avelino e outros (1946) *Prorrateo individual del agua del manantial denominado Pumadelo*. Bon.

ESTÉVEZ POUSA, Avelino e outros (1946) *Prorrateo individual del agua del manantial denominado Lavandeira e Curral*. Bon.

ESTÉVEZ POUSA, Avelino e outros (1946) *Prorrateo individual del agua del manantial denominado Forqueiros*. Bon.

PIÑEIRO, José. *Agua de Secortes (Recibo)*.

POUSA REGUEIRA, Andrés e outros (1950) *Prorrateo individual del agua del manantial denominado Rabelo*. Bon.

REGUEIRA FERRADÁS, Francisco e outros (1944) *Prorrateo del agua del manantial denominado de Garaboa*. Montemogos.

## Entrevistas

Josefa Ferradás Martínez, Carmen Freire Pousa, Xosé Piñeiro Martínez, Maria Pousa Ferradás e Alejandro Vidal Acuña.

## Agradecementos

A Xosé Estévez Estévez (Checho), Mónica Porto González e Arturo Sánchez Cidrás pola documentación que nos cederon, a Xosé Martínez García polos seus esclarecedores comentarios ao orixinal e a Daniel Abal Aldao pola elaboración do esquema.





# As casetas de pescadores do concello de Carnota. Actuación de recuperación na punta de Caldebarcos

ELISA GALLEGO PICARD


As casetas de pescadores son alpendres de trebellos de pesca e embarcacións e danse alí onde existindo vida mariñeira non hai instalacións portuarias básicas. Así coma nas Illas Baleares ou na costa sur da península ibérica adoitan ser de táboa de madeira, polo que adquiren un carácter provisional, é en Galicia, concretamente en Carnota, onde acadan maior significado de permanencia sendo construcións de pedra.

Estas casetas de pescadores eran noutros tempos pequenas factorías para a pesca de baixura, acollendo no seu interior caldeiras de encascar as redes feitas de fibra natural. Hoxe a maioría, mantén a pegada destas caldeiras cos restos da pedra circular que sostiña os caldeiros de cobre onde se impermeabilizaba a rede coa resina da casca das árbores. Esta arquitectura singular probablemente xurdiu ao redor dos almacéns de salga que poboaban

e poboan, hoxe sen uso, aínda esta zona (o almacén de salga de Fontevella, os de Porto de Quilmas, o do Fornelo, de Portocubelo, de Insuela, etc), ao redor dun pobo, en definitiva, que vivía do mar. Ilustración 1.

A actividade mariñeira en Galicia tivo a súa **ORIXE** na necesidade dos campesiños que non posuían terras ou das clases desfavorecidas do litoral, de buscar, ben un complemento de vida a súa alimentación ou como medio de vida. No século XVI a actividade mariñeira acadou un gran desenvolvemento e expórtase peixe salgado e curado a varios lugares da península ibérica e á Europa atlántica. A chegada dos fomentadores cataláns a partir do 1750 trae novas técnicas de pesca e de salga, así como os medios de produción, innovacións mal acollidas polos mariñeiros, producíndose conflitos sociais por tódalas rías. Máis ao poder conserva-la sardiña máis tempo, propicia que se renove a actividade e se inicie unha época de florecemento da pesca. Dos 400 almacéns de salga existentes no ano 1808 en todo o litoral, o 80% estaba en mans dos fomentadores cataláns. No Porto de Quilmas, existe a maior agrupación de almacéns de salga do Concello de Carnota e en Caldebarcos a edificación mellor conservada.

Os almacéns de salga son edificacións encravadas estratexicamente no litoral, hoxe espazo marítimo-terrestre protexido e sensible ás transformacións, sensible a actuacións non desexadas, non acordes coa paisaxe na que están. É por iso que esixen unha valoración do seu entorno, ambiental e patrimonial, para conservar a súa pegada na memoria, quizais recuperándoas, quizais deixándoas



**Ilustración 1.** Sección do territorio de dúas casetas rehabilitadas

coma testemuña do paso do tempo. Dende mediados do século XVIII ate principios do século XX, a actividade dos almacéns de salga resiste en Galicia. As casetas de pescadores xurdiron con eles. No concello de Carnota danse unha serie de circunstancias que completan o **VALOR** destas construcións litorais. Trátase dun concello costeiro aínda non desfigurado pola presión inmobiliaria; probablemente debido a un acceso “difícil” dende as urbes próximas, xa sexa Coruña ou Santiago de Compostela. Quen quere ir necesita de tempo e de intención. É un concello que non sofre o turismo masivo de áreas costeiras próximas e similares; o que lle deu ata nestes tempos un valor engadido, unha oportunidade de desenvolverse con criterios de sustentabilidade.

O concello de Carnota está volcado ao oeste, ao mar, case na súa totalidade, aínda que ten os seus límites en aldeas de interior, tras a fronteira visual de eólicos do alto de Adraño. A estrada comarcal C-550, é practicamente o límite do gran humedal que o caracteriza. Hoxe as zonas portuarias, xa forman parte das aldeas que teñen os seus núcleos retirados da costa.

O **valor paisaxístico e ambiental** do concello de Carnota queda recoñecido por espazos salientables coma o Monte Pindo ou as praias e marismas de Carnota-Caldebarcos, habitats de flora e aves en réxime de protección, ou pola punta de Os Remedios, montes de Lariñocosta, todos eles pertencentes os dous espazos declarados Rede Natura, Lugares de Interese Comunitario, do concello. A todos eles, súmase a Reserva Mariña de Os Miñarzos, primeira reserva de protección dunha área mariña de Galicia.

O valor etnográfico das casetas de pescadores e dos almacéns de salga é indudable como conxunto de construcións vinculadas a unha actividade tradicional. Actividade de pesca primaria para o sustento da familia, e de forte carácter “primitivo” polo feito de servir para tratar un alimento básico e gardar o aparello imprescindible para a súa captura. Son a resposta tanxible a un modo de vida. Tal e como recoñece a Lei de Patrimonio Cultural de Galicia (lei 8/1995; art. 64): “constitúen os lugares e os bens mobles e inmoebles así como as actividades e coñecementos de formas relevantes da expresión da cultura e modos de vida tradicionais e propios do pobo galego, nos seus aspectos materiais e inmateriais”. Foto 1.

O **valor arquitectónico** está reflectido pola extraordinaria humanización desta paisaxe a través da transformación do territorio cos materiais do lugar para dar uso ao requirimento da pesca



Foto 1. Casetas de pescadores de Caldebarcos

e para afrontar un clima e unha topografía específica. Pola sabia intuición construtiva dos anónimos autores que fai que cada pedra atope o seu lugar na construción. Na actualidade, a valía arquitectónica está recoñecida puntualmente pola presenza neste ámbito, de bens culturais cun grado de protección non integral e/ou integral.

Tras a constatación de certo **deterioro** actual, xorde a necesidade de realizar estudos en detalle e analizar o seu entorno. Debida a presión urbana polo crecemento dos núcleos de poboación próximos, como son Caldebarcos, Lira e Quilmas e así mesmo debido á perda do uso tradicional, polos cambios económicos e sociais ou simplemente ao esquecemento, cómpre tomar medidas de protección coherentes para a salvagarda deste patrimonio (territorio e construcións). Ante esta situación xorde o problema máis delicado de pór en valor as casetas, conservar as construcións e as relacións co entorno permitindo unha certa transformación, aceptando o cambio continuo do territorio. Como delimitar e como acadar unha protección “activa” destes elementos patrimoniais, desta paisaxe cultural onde existen diferentes normativas, foi un dos intereses dun estudo (Gallego Picard 2009) redactado tras facer a actuación de rehabilitación (Gallego Picard 2008). De pouco serve actuar para recuperar espazos que logo quedan abandonados, sen uso, esquecidos. Tras un primeiro inventario focalizado na punta de Caldebarcos (Gallego Picard 2006) fíxose un inventariado máis completo da totalidade do concello, para ter unha visión global e para establecer unhas directrices, unhas conexións físicas, lúdicas e culturais.


A **estrutura da edificación** chamada “casetas de pescador” máis característica é de aparello de pedra labrado e soe conservar os ocos pequenos e altos característicos da saída do mastro da embarcación no muro piñón e os buratos nas portas -gateiras- para favorecer a limpeza dos restos de peixe polos gatos. A estrutura interna entrecruza travesas horizontais sen outro fin que levantar do solo e da humidade da auga os aparellos, quedando apoiados ou colgados. Algunha mantén a cheminea para a saída da fume da caldeira, e outras, as menos, eran habitadas e tiñan

fiestras ademais das contras. Na zona de Porto de Quilmas, dispoñían no entorno inmediato de pozos de auga doce para limpar as embarcacións e os trebellos. Os ocos que existen na construción son, os da porta, extremadamente pequena sobre todo cando esta da paso a unha embarcación, e un ou dous ocos de fiestras pechadas unicamente con contras. Toda a carpintería era de madeira, táboa pintada coa pintura das embarcacións ou calafateada con brea. A cubrición era polo xeral de tella cerámica curva. Ilustración 2.


Hai casetas de bloque de formigón de recente construción, que foron intencionadamente recollidas como elementos patrimoniais pertencentes ao inventario por ser reflexo da necesidade e da continuidade dunha actividade tradicional que trata de manterse no tempo. Resolven cos materiais actuais o espazo de acollida do alpendre e a garda dos aparellos. O uso está en concordancia co ámbito onde aparecen e en continuidade urbana coas casetas de pedra existentes. Tódalas casetas que se usan como tal, carecen de instalacións.

Segundo a topografía do terreo dispóñense en agrupacións de xeito máis ou menos ordenado, unhas veces ao redor de espazos comúns a modo de praza e outras, máis dispersas no territorio seguindo unha distribución lineal no contorno da costa, sempre cosidas por un sendeiro que as conecta co núcleo rural. En casos excepcionais atópanse casos illados, fóra da área de influencia dun almacén de salga. Forman así grupos de especial interese, no Porto de Quilmas e en Caldebarcos, e os casos illados situados en espazos de interese natural, están por exemplo na costa de coídos de Lariño ou ao pé do Monte Pindo, na beira do Ézaro.

As casetas xorden polo tanto na punta de Caldebarcos, á beira do mar pola necesidade de gardar os aparellos de pesca tradicional e as veces a propia embarcación e ademais porque non hai un porto (instalación portuaria que si existe nos núcleos veciños de Lira ou O Pindo). Non sorprende así que nos duros invernos se garden as embarcacións dentro das propias casetas; o que abraia ao visitante é a pericia destes mariñeiros para chegar coa embarcación á caseta, tanto pola escasa dimensión da



**Ilustración 2.** Sección dunha caseta de pescador "tipo"



**Ilustración 3.** Caseta de pedra tipo A

porta coma pola extrema inaccesibilidade. Este tramo da costa acolle ademais diversos amarres de ferro repartidos polas pedras onde atar as embarcacións, pedras desgastadas polo uso, pequenas superficies onde arranxar a barca así como diversos muretes de pedra, bancos, etc no entorno inmediato de cada caseta. O almacén de salga de Fontevella provee á zona do único varadoiro de pedra de execución exemplar, con espazo para tres ou catro bucetas é o espazo máis amplo de protección de Caldebarcos.

A raíz do primeiro traballo de inventariado (Gallego Picard 2009), que se centraba na punta de Caldebarcos e Panchés, fíxose unha investigación da TIPOLOXÍA das casetas de pescadores posto que non existía referencia escrita nin ningunha análise destas edificacións. Segundo o material da construción, situación do acceso e tipo de cuberta, distínguense dous grandes grupos:

-De **pedra**, construción tradicional de pedra rectangular.

A.- Cuberta a dúas augas e acceso no muro piñón, coa fiestra no lado rectangular e oco no muro piñón oposto. As variantes construtivas deste tipo non teñen o oco para a fiestra. Ilustración 3.

B.- Cuberta a dúas augas e acceso no muro de configuración rectangular con oco/s para fiestra do mesmo lado (caso concreto de ter unha situación xeográfica “interior”). A porta pode estar centrada no pano ou non. Ten variantes construtivas: con oco/s para fiestra na parede oposta (cando xeograficamente está en primeira liña de mar), ou cunha fiestra no muro piñón. Pódense encontrar exemplos de edificacións adosadas tipo B sucesivamente, e/ou rematar cun tipo A. Ilustracións 4 e 5.




Ilustración 4. Caseta de pedra tipo B




Ilustración 5. Variantes tipolóxicas de pedra




Ilustración 6. Caseta de pedra tipo C

C.- Cuberta a unha auga, acceso no muro de remate triangular e fiestra na parede rectangular. Ilustración 6.

-De **bloque de formigón**, construción rectangular (de proporción alongada), coa cuberta a unha auga.

A.- Acceso no muro de configuración rectangular cunha porta e unha fiestra. Atópanse diferentes variantes construtivas, coma pode ser a de ter unha porta e non ter fiestra, ter unha porta con dúas fiestras, ter no muro oposto outra porta ou unha porta e unha fiestra. Este tipo de casetas poden estar tamén adosadas. Ilustracións 7 e 8.

B.- Construción de bloque de formigón coa tipoloxía de construción de pedra tipo B e unha cuberta a dúas augas. Ilustración 9.

C.- Construción de bloque de formigón cun acceso no muro de remate triangular, cuberta a unha auga e sen fiestra. A variante construtiva deste tipo ten un oco de fiestra na parede rectangular. Ilustración 10.

No que respecta **ós materiais** empregados na súa construción, os ocos das fiestras péchanse con contras de carpintería de madeira (a carpintería orixinal) ou carpintería metálica (chapas grecadas, lisas, pintadas ou sen pintar). Dependendo da situación xeográfica, máis ou menos batida polo vento e o mar, a contra está á cara exterior do muro de pedra enrasada, ou ao interior tras a fiestra. As contras, cando adoitan estar soas, abren cara a fóra. Neste caso soen ser dunha folla, aínda que tamén hai algunha de dúas. Ás veces están retranqueadas ao interior, abrindo ao interior.

Os ocos das portas están abrindo ao interior




Ilustración 7. Caseta de bloque tipo A




Ilustración 8. Variantes tipolóxicas de bloque de hormigón




Ilustración 9. Caseta de bloque tipo B






Ilustración 10. Caseta de bloque tipo B



Foto 2. Casetas de pescadores de Gándara de Caldebarcos

que se funde na paisaxe.


Non é común facer o que se fixo, levar a cabo unha **ACTUACIÓN** pública, para uns espazos de tan simple descrición coma son estes alpendres de aparellos de pesca. A arquitectura sen uso, non

con pechadura de chave e diversos tipos de tiradores. Ás veces, a xamba do lado do tirador ten unha pequena fenda para facilitar a apertura da porta. Soe aparecer un buraco na parte inferior das mesmas duns 12 cm. de diámetro para os gatos (gateiras), coa función de manter limpo de ratos e dos restos de peixe os alpendres. Hainas de táboa de madeira tratada con brea ou pintadas de cores en tons primarios, como as bucetas e embarcacións da zona. Existen tamén as portas tradicionais de dúas partes ou de dúas follas (habitual no caso das casetas de bloque de formigón) e portas cunha apertura dobre tipo fiestra, dentro do marco da porta.

Fíxose unha relación (Gallego Picard 2009) do número de casetas que aínda conservan materias tradicionais (un 36%), dos tipos e das cores identificadas nestes. Contáronse 130 propiedades, que en edificacións son 107, dado que algunhas delas están adosadas. De tódalas casetas de pescadores do concello de Carnota, 23 son de bloque de formigón e tan só 16 teñen unha difícil recuperación.

Aínda se pode salvar este patrimonio, se hai interese e intención. Non chega cunha simple catalogación. Existen catro das seis casetas catalogadas nas Normas Subsidiarias, vixentes hoxe no concello de Carnota, unha delas a chamada *caseta grande* e outras situadas na liña da praia baixo a tutela de costas e ademais en Rede Natura, que son as máis alteradas. Son as máis “apetecibles”. E constatan a dificultade no control da ordenación existente. Pola

súa escala e disposición estratéxica no lugar, nunha costa de coídos e penedos de granito, de areais, son un exemplo de construción



**Ilustración 11.** Localización de casetas de pescadores e almacéns de salga no entorno da punta de Caldebarcos

ten contido. O valor etnográfico son as tradicións dunha comunidade e dunha arquitectura vencellada a súa vida. O normal é rehabilitar e protexer aquelas arquitecturas con interese histórico ou artístico que teñen perdido o uso e están a piques de desaparecer. Ilustración 11.

A actuación de rehabilitación (Gallego Picard 2008) polo tanto neste caso, pretende protexer cunha arquitectura modesta, con gran interese etnográfico, o que aínda ten uso e que está ameazado polo cambio e a especulación -a transformación en uso habitacional-. Preténdese pór en valor elementos necesarios para entender a nosa cultura. A modestia da actuación únese a ambición de ser exemplo de actuacións similares, de valorar o desapercibido e así, protexendo estas arquitecturas, facelo tamén do seu entorno e da paisaxe.

O proxecto de rehabilitación enmárcase dentro do proxecto Mar de Lira. Fíxose o primeiro inventario no ano 2006 (Gallego Picard 2006) detallado con planos e fotografías, dende a Gándara de Caldebarcos ata o núcleo da praia de Insuela, en Panchés, encadrando unha primeira área de protección, ampliada un par de anos máis tarde (ano 2008-2009), (Gallego Picard 2008) ao litoral do concello de Carnota e que arrastra a nomenclatura das casetas no proxecto. O proxecto de rehabilitación fíxose entre os anos 2007-2008, como actuación de revalorización (Gallego Picard 2009) escollendo un grupo accesible, en uso e co imprescindible acordo dos propietarios. Ilustración 12.

Por tanto, tras a recollida de datos para unha primeira valoración dun dos conxuntos máis nu-





**Ilustración 12.** Casetas de pescadores rehabilitadas no entorno do Almacén de Casais, punta de Caldebarcos

meroso e activo, detectouse un estado fráxil na súa conservación. Esbozáronse liñas de salvagarda como a idea de conexión, incluíndo as casetas de bloque de formigón en uso que se atopaban mesturadas coas casetas de pedra, valorando unha arquitectura útil, respectuosa co entorno e creadora de relacións; inventariando os sendeiros tradicionais que recollen o percorrido polas casetas (algún deles recuperado hoxe en parte, cunha rampla de madeira), camiños tradicionais de pescadores e pedras, fitos naturais –miradoiros dos que agardan o retorno dos mariñeiros-, referencias e puntos visuais

para ver outras agrupacións, sinais do territorio que hai que ler tamén no contexto das casetas. Tan só tendo esta perspectiva xeral da problemática e dos valores a protexer debíase actuar.

Propúxose a actuación puntual de rehabilitación mentres se esbozaba un documento que reflicta un espazo de protección da totalidade do litoral do concello de Carnota, que unise a arquitectura vencellada ao auga (casetas de pescadores, salgadoiros, ramplas, muíños, pontes, sinais marítimos, fontes, etc) e dera sentido, quizais, a maior concentración de casetas e almacéns de salga de Galicia. Completado este inventariado detalladamente, delimitáronse áreas de protección e respecto nas contornas dos elementos patrimoniais e se prantexaron propostas de figuras de protección que dean unidade aos conxuntos de casetas de Caldebarcos e Porto de Quilmas e os muíños do Pindo e Mallou. Propuxéronse novos usos compatibles coa conservación, con especial atención naquelas casetas de pescadores merecedoras de seguir en pé, valorando as que son ruínas e que deben seguir séndoo e formuláronse ferramentas orientativas para os elementos inventariados, para axudar ao desenvolvemento dos enclaves de especial valor ecolóxico onde se sitúan, e que singularizan o valor natural excepcional da oferta territorial galega. Todo isto sen esquecer aos habitantes cos que se tiveron diversas reunións, representados por diversas asociacións locais para informar e coñecer as necesidades, carencias e proxectos de desenvolvemento e estratexias futuras.

A actuación de rehabilitación levouse a cabo na agrupación de casetas de Caldebarcos-In-

suela, que conta co maior número de casetas de pescadores en uso activo (unhas 50) ademais do almacén de salga e da rampla de pedra de imponente labra. Estas pequenas arquitecturas son moi simples. As casetas teñen unha superficie media de 30-35m<sup>2</sup>. Trátase a súa valoración, con criterios “non académicos”, senón vitais, como instrumentos -“aparells”- de uso e dunha extraordinaria beleza e harmonía co territorio.

Empregan na súa construción materiais do terreo circundante, como xa dixen, e teñen as mínimas instalacións necesarias, por non dicir ningunha (non teñen electricidade nin auga). O mantemento do uso consérvaa en pé. Por sorte as iniciativas culturais das Confrarías, tanto de Lira coma do Pindo, os pescadores de Caldebarcos, aproveitan o seu patrimonio marítimo cun programa de actividades culturais que hoxe é meritorio de salientar e axudar. Existe unha caseta-museo (caseta de Pepe do Cuco) como caseta interpretativa, roteiros, charlas e outras actividades, ademais de publicacións que enchen de significado esta pequena actuación.

Para levar a cabo a rehabilitación escóllese con carácter exemplarizante, o pequeno agrupamento de casetas máis occidental, encravado nos arredores do almacén de salga, chamado Almacén de Casais e antiga salga dedicada ao congro, e o seu porto coñecido como porto de Fontevella. A accesibilidade e a actividade diaria son os factores decisivos para seren elixidos. A proposta tivo o permiso previo da Demarcación de costas de Galicia e da Dirección Xeral de Patrimonio da Consellería de Cultura.

**Os criterios fundamentais da actuación** foron consolidar ou substituír elementos construtivos racionais e non só tradicionais por outros que alonguen a vida da caseta e faciliten o seu uso. Acéptanse a incorporación de materiais novos, funcionais, que se lle foron incorporando, como son as placas onduladas nas cubertas; se ben recupéranse no posible materiais tradicionais máis duradeiros, tales como a madeira pintada con cores tradicionais. As cubertas de uralita, estrutura de viguetas de formigón e chapas metálicas de carpintería foron substituídas por materiais non contaminantes e resistentes a salinidade e aos fortes temporais que nos invernos azoutan a costa; pero conservando o criterio co que foron feitos, agora racionalizado, e que mostra os cambios sociais e culturais. As trabes de sostén de aparello e viguetas, son de madeira tratada e pintada e as cubertas granonda están pintadas para agochar a subxección das trabes fronte ao vento e para evitar o impacto visual que dende a praia afecta a estas casetas. Foto 3.

Era imprescindible resolver a inevitable entrada de auga ligada o uso intrínseco da caseta e a súa propia construción e favorecer a entrada de luz natural, engadindo fiestras polo interior das contras para permitir o paso da luz nas condicións de tempo adversas. Trátanse con especial atención as portas, como elemento definidor e determinante da caseta. Consolidar e limpar os muros de pedra, prestando especial atención ao encintado e ao estado delicado destes pola humidade presente, foi a primeira das actuacións. Na cara interior encaláronse ao xeito tradicional, distinguindo a pedra do terreo da cantería labrada.

A área total de actuación abrangue uns 2600m<sup>2</sup>, da que ocúpense uns 100m<sup>2</sup> de entorno inmediato (superficie empedrada, solainas e chanzos) para crear un percorrido de paseo que axude a pór en valor o existente do xeito máis respectuoso. A actuación valora fundamentalmente a paisaxe. O proxecto pretende con pequenos sinais e sempre coa intención de pasar desapercibido



**Foto 3.** Acceso ao almacén de Casais

e non ser protagonista, explicar onde se pode sentar e mirar –bancos-, onde ir a andar –marcas no inicio dos sendeiros existentes, pequenos muretes imperceptibles, sinais lumínicas-, e onde parar, cambiar o ritmo con pequenos

espazos pavimentados como alfombras. O entorno inmediato da caseta nº38 ten un empedrado de granito que nos límites da caseta e no contacto coa vexetación é de xunta aberta, coa función de frear o tránsito de vehículos, marcar a chegada a un ámbito distinto e ser unha opción de pavimento futuro.

Resólvese a carencia de visibilidade mínima necesaria para levar a cabo a actividade de pesca tradicional a través dun balizamento solar. Unha luminaria baixa sinala os sendeiros e outra de tipo “bolardo” os límites físicos. Isto permite cunha mínima intensidade de luz sinalar os accidentes xeográficos e “non contaminar” un entorno declarado espazo Rede Natura 2000. Ademais constitúen unha referencia temporal, ao solpor, coa chegada da escuridade acéndense como vagalumes.

Substitúense as soleiras de formigón de acceso ás casetas por lousas de granito, preparadas para soportar o paso das embarcacións ou o peso de aparellos mollados. Adecúanse os pasos naturais existentes nivelando con outras pezas de granito e rózase de plantas invasoras e consolidan muretes de pedra. Sitúanse en lugares estratéxicos bancos de pedra, espazos de repouso e observación, que potencian miradoiros naturais. Co ánimo de apoiar as iniciativas culturais existentes nas Confrarías engádense dous paneis grafiados en aceiro, informativos dos valores da actuación.

Cada caseta ten as súas necesidades propias. Son casetas en uso e os propietarios fixeron constatar os problemas individuais de cada unha, así como os comúns entre outros vandalismo e inac-



Foto 4. Caseta nº32

cesibilidade e as afeccións polos temporais, a humidade.

A caseta chamada nº 32 no primeiro inventario, ten a peculiaridade de conservar no interior restos da pedra circular da caldeira de encascar. No estado previo a actuación atopábase oculta, recuberta de terra e restos de fábrica, sendo un foco de humidade importante. Recupérase e cóbrese cunha tapa circular de madeira pintada, para uso de almacenamento. Como outras casetas o emprazamento aproveita un desnivel do terreo e unha gran rocha de granito que contén o terreo sirve de muro da construción. Dispón de dúas traves horizontais para a suspensión dos aparellos, das que se conserva a disposición orixinal. Un pequeno corno no cumio oeste “protexe” esta caseta e o seu dono do meigallo. Fotos 4 e 5.

A caseta nº 33 é a máis pequena da actuación. Continúa en “ele” o encastre no terreo da veciña nº 32, tendo unha parede de rocha de granito ao este. A cara sur é case que inaccesible e practicamente imperceptible dende a rampla do porto. A altura libre é realmente escasa, xunto



Foto 5. Caseta nº32





Foto 6. Caseta nº33

coa mínima superficie útil polo que non ten traves horizontais de apoio, coma as outras. Para esta caseta deséñaselle un estante de madeira apoiado na pedramuro para a subxeción dos aparellos. Coma a nº 32, dispón dunha nova fiestra dunha folla e mais contras con tornachuvias pintadas de cor verde. Foto 6.

A caseta nº 34 ten un emprazamento no extremo occidental do terreo. Nos temporais e na época das mareas vivas, o mar chega a rodeala co risco de entrar pola porta, polo que dispón dun pequeno peitoril coma nas embarcacións, que impide o paso da auga. Por esta mesma razón o único oco de luz atopábase tapiado polos continuos embates das ondas. Era unha caseta escura. Ábrese o oco de luz de xeito permanente cun vidro estreito enmarcado

nunha carpintería de madeira fixa con vistas ao peirao e engádeselle unha fiestra na mesma porta cunha contra exterior. A estrutura interior de traves horizontais conserva a disposición tradicional e coma as outras, cuns



Foto 7. Caseta nº34




Foto 8. Caseta nº34



**Foto 9.** Caseta nº38

tablóns no sentido perpendicular, facilítaselle ao propietario a garda de aparellos. A cuberta, coma as anteriores casetas, é de tipo ondulada e pintada, reforzada para superar a forza do vento, material que xa viña substituindo á tella polo seu mellor comportamento noutras casetas da zona. Fotos 7 e 8.

A caseta nº 38, encravada ao lado do almacén de salga no acceso rodado, é a de maior tamaño e ten unha estrutura diferente, cos muros de pedra de cachote enfuscados e pintados e tella plana na cuberta. Probablemente esta caseta tiña unha relación emparentada coa salga, posto que a superficie útil é maior cas outras. Os muros máis afectados polos temporais e pola humidade están rematados ao xeito similar da brea na madeira, solución que se mantén na rehabilitación cun material asfáltico equivalente.

Consérvase a tella plana como cubrición, xa que esta caseta está ao acougo do vento polos muros da fábrica de salga, a diferenza das outras. No interior, unha sinxela estrutura de madeira permite recuperar cunha cercha e unha trabe horizontal illada, a recorrida solución de apoio dos aparellos. Coma nesta caseta atopamos algún elemento de mobiliario mariñeiro, repóñense soportes, estantes, un pequeno almacenaxe de casca e a pegada da antiga caldeira de encascar cunha lousa de granito enrasada co pavimento. Cabe salientar que o propietario da caseta prestouse dende o inicio a colaborar para recoller nesta caseta material de apoio educativo relacionado coas casetas e quizais albergar nun futuro un pequeno museo nesta zona. Foto 9.





Por último, colocáronse 3 bancos de pedra, pezas de autor, nos arredores da zona de actuación. 3 pezas que se abren coma un abano cara ao oeste, vendo dende Lira ata Fisterra co monte Pindo de pano de fondo. Vólvese a insistir deste xeito, na **relevancia da PAISAXE** na que se está actuar, na necesidade de pensar o que se está a facer ou desfacer no noso litoral.

Nas inmediacións das casetas atopamos espazos naturais protexidos, Monte Pindo, a praia e marismas de Caldebarcos e a reserva mariña dos Miñarzos, espazos patrimoniais e bens culturais, algunha caseta, algunha fábrica de salga, algunha ruína; pero tamén atopamos presión urbana, no espazo de servidume de costas, vertidos ocasionais, usos indebidos e presión turística; cambios rápidos que están a causar un deterioro quizais irrecuperable, ás veces irreversible.

A día de hoxe estase a redactar o PXOM do territorio municipal de Carnota, non sabemos se teñen coñecemento da existencia dos traballos elaborados. O recente Plan do Litoral, dende logo mostra erros importantes do patrimonio construído neste concello, chegando a sinalar como patrimonio marítimo a piscifactoría de Porto de Quilmas, confusión quizais, porque nas inmediacións hai polo menos 3 espectaculares almacéns de salga. Se hai interese en valorar unha paisaxe, en protexela, deberíase ter conciencia do seu pasado inmediato, das calidades que caracterizan ese contexto, recollendo toda a información histórica e existente do contexto territorial, facendo unha análise crítica e valoración prudente do atopado.

Como encarar esa protección?, para quen e para que conservamos?, que desexan recordar as xentes de Carnota?. Sempre xorden preguntas, interrogantes que se estivesen claros para todos, resolverían o problema. As casetas son pasado e aínda presente, e aí radica o seu valor, na súa función; e por iso, a prioridade na súa conservación, porque son realmente necesarias.

As casetas de pescadores que vemos hoxe non son as casetas do pasado, cambiaron dende a súa orixe; perderon as chemineas e as caldeiras de encascar coa chegada das fibras sintéticas para as redes, pero seguen mantendo a función de gardar aparellos, máis para uso de lecer que de supervivencia, pero aínda son alpendres. Adaptáronse a este cambio, foron flexibles, así coma no futuro poderían acadar outros usos admisibles no seu contexto, pero este hai que medilo e delimitalo pola súa fragilidade. Trataríase de permitir cambios con certa flexibilidade, sen perturbar o entorno, o noso lazo co pasado. Seleccionando a nosa memoria. No caso das casetas en ruína ou semirruína quizais debería valorar a capacidade de suxestión emocional e como di Kevin Lynch lembrar que “..un entorno agradablemente ruinoso exige certa ineficacia, una relajada aceptación del tiempo...el paisaje adquiere profundidad emocional cuando acumula cicatrices”. Non ter a teima de rehabilitar toda construción sobre todo cando o uso a outorgar non está definido a longo prazo e non se sustenta.

Parece que se debería procurar conectar os planeamentos, as ordenanzas de edificación, as visións medioambientais e patrimoniais. Porque son cultura as edificacións e é cultura o territorio que ocupan. E como estamos a protexer cultura tamén debémola difundir, comunicar e amosar; sen coñecer a súa importancia e difícil a súa conservación. Sendo sempre conscientes que nos movemos no dinamismo do territorio e que a protección debe ser tamén dinámica.

**Nota final:** tras unha visita no mes de marzo, quixera engadir que tristemente as intencións antes descritas do proxecto non tiveron o éxito desexado. Vandalismo, parte da propiedade e autoridades non participaron na conservación deste espazo, das construcións e da valoración deste recuncho. Mesmo a natureza púsose dacorde desplomando parte do almacén de salga. Semella que non foron estas as medidas axeitadas e necesitase reflexionar sobre o papel e implicación de todos os actores na conservación dun territorio. 😞

## Bibliografía

- CAAMAÑO SUÁREZ, M. (2004) *As construcións da arquitectura popular: patrimonio etnográfico de Galicia*. Santiago de Compostela: Consello Galego de Colexios de Aparelladores e Arquitectos Técnicos.
- CAAMAÑO SUÁREZ, M. (1999). *As construcións adxectivas*. Santiago de Compostela: Museo do Pobo Galego.
- BAS LÓPEZ, B. (1980) *Construcións populares galegas*. A Coruña: Ed. Patrocinada por Bankunion.
- LYNCH, K. (1975) *¿De qué tiempo es este lugar?. Para una nueva definición del ambiente*. Barcelona: Gustavo Gili.
- GALLEGO PICARD, E. (2006) *Recollida de información e análise. Inventario e delimitación da zona protexida. Plan especial de protección das casetas dos pescadores e do entorno da*



*punta de Caldebarcos, concello de Carnota. 1ª fase.* Consellería de Vivenda e Solo. Xunta de Galicia.

GALLEGO PICARD, E. (2008). *Rehabilitación dun grupo de casetas da Fontevella e do seu entorno inmediato no marco do Plan especial de protección das Casetas dos pescadores e do entorno da punta de Caldebarcos no concello de Carnota.* Consellería de Vivenda e Solo. Xunta de Galicia.

GALLEGO PICARD, E. (2009) *Plan especial de protección dos elementos patrimoniais ligados ó auga do Concello de Carnota.* Centro Tecnolóxico del Mar, Fundación CETMAR.

## Referencias normativas

Diretrizes de Ordenación do Territorio de Galicia. Documento de aprobación inicial. Xullo 2008.

Xunta de Galicia, Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes.

Normas Subsidiarias do T. M. do concello de Carnota, 1996.

Orde do 7 de xuño de 2001 pola que se declaran provisionalmente as zonas propostas para a súa inclusión na rede europea natura 2000, como espazos naturais en réxime de protección xeral.

Decreto 72/2004, do 2 de abril, polo que se declaran determinados Espazos como Zonas de Especial Protección dos Valores Naturais.

Lei 4/1989 de conservación dos espazos naturais e da flora e fauna silvestres.

Lei 8/1995, de 30 de outubro, do Patrimonio Cultural de Galicia.

Decreto 158/2005, competencias autonómicas na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre.

Ley 22/1988 de Costas.



# Lámpadas Yria: O espírito innovador de D. Estanislao Pérez Artime

XOSE CARLOS BEIRÓ PIÑEIRO

Se algo caracteriza, de modo inequívoco, á bisbarra padronesa é o seu alto grao de industrialización e poboación. O logro deste desenvolvemento foi consecuencia dunha longa tradición mercantil centrada, sobre todo, en dous núcleos perfectamente definidos e complementarios, Padrón e San Xulián de Requeixo ou Pontecesures. Arredor destes centros articulouse un sistema económico sustentado tanto no comercio e sector industrial coma nos sectores máis tradicionais.

Nesta dualidade Padrón continuou sendo, no primeiro terzo do século XX, unha vila moi dinámica, converténdose no centro de referencia dun amplo territorio sobre o que exerceu unha influencia política, administrativa e económica derivada da conxunción de varios factores. Por un lado, na vila asentábanse varias institucións de carácter administrativo, por exemplo, Padrón era cabeza do partido xudicial composto polos concellos de Dodro, Padrón, Rianxo, Rois e Teo, ademais posuía o rexistro da propiedade, o servizo de correos e telégrafos<sup>1</sup>, a xefatura de alfándegas<sup>2</sup>, a recadación da contribución, oficina bancaria, as dependencias militares coa garda civil e os carabineiros, as instalacións municipais, ...

A estes factores había que engadir a súa situación como núcleo vertebrador dun amplo territorio onde confluían diversos camiños, que comunicaban tanto coa ría de Arousa, -donde Carril e Vilagarcía adquiriron especial significación e cos núcleos da península do Barbanza, - coma coa zona da Ulla e de Noia. Esta circunstancia propiciaba a existencia de transporte terrestre, por medio de carruaxes, a Boiro, Pobra do Caramiñal e Rianxo, a Santiago de Compostela. A esta particularidade uníase a existencia do camiño de ferro que comunicaba Santiago con Carril e que tiña estación de ferrocarril nesta vila. Ademais, todo este sistema organizativo perfeccionábase co importante porto fluvial asentado nas dúas beiras do río Ulla tanto na parte padronesa, na zona denominada da Aduana, coma na parte cesureña, desde onde se realizaban os labores de importación, exportación e comercio de cabotaxe, o que provocou que, dende séculos atrás, se asentase unha importante burguesía foránea representada, na súa maior parte, por asturianos e maragatos.

Unha visión moi aproximada da vida económica no partido xudicial de Padrón a proporciona Carré Aldao cando, ao describir a vila padronesa nos primeiros anos do século XX, a presenta

<sup>1</sup> A liña telegráfica concedida entre a Pobra do Caramiñal e Padrón inaugurouse o 25 de setembro de 1881.

<sup>2</sup> O 25 de decembro de 1935 a Gaceta de Madrid, publicou un decreto no que se acordaba a supresión das alfándegas de Pontecesures e Baiona pola súa escasa recadación e porque as operacións de comercio podían ser facilmente atendidas pola alfándega de Vilagarcía.

como unha zona ben comunicada xa que o seu territorio estaba percorrido tanto por la liña de ferrocarril que unía Santiago, Carril e Pontevedra coma por un conxunto de estradas que facilitaban a súa conexión coas vilas de Noia, Muros, Rianxo, Pobra, Ribeira, Boiro, Rois, Caldas de Reis, Carcacia, .... Tamén, a capital do partido xudicial de Padrón contaba con toda unha serie de servizos (transporte de viaxeiros e mercancías, portos, notarios, fondas, escolas, mercados, feiras, ...) que actuaron como elementos catalizadores que atraían á poboación da zona.

Todos estes factores e condicionantes comentados, supuxeron que este territorio combinase un importante sector primario, sustentado na súa vantaxosa posición entre a zona de influencia rural-agraria e a ría, cunha tendencia modernizadora representada polas actividades comerciais, manufactureiras, industriais e de servizos.

Sirva, como exemplo, a seguinte táboa, onde se amosa, dun modo resumido, as principais actividades da vila.

1912 - 1913 <sup>1</sup>	
TIPOLOXIA	PROPIETARIOS
Ataúdes	D. Serafín Carles; D. Ramón González; D. José Lijo.
Carpinterías	D. Manuel Baleirón; D. Andrés Cristobo; D. Ramón González; D. Maximino Millares.
Cererías	D. <sup>a</sup> Josefa Sueiro.
Fábrica de curtidos	Sierra y Novo.
Latoeiros	D. Gumersindo Candela; D. José Rodríguez; D. Eladio Rodríguez.
Fábricas de tecidos	Piñeiro; Franco e Cia; D. Ángel Ramos; D. Isidoro de la Riva; D. Gerardo Roa.
Fábrica de xabón	D. Marcelino Posadas.
Comestibles	D. Juan Ferreiro; D. Rogelio Figueroa; D. Francisco García; D. <sup>a</sup> Elita Martínez; D. Andrés Rey; D. Juan Rey; D. Manuel Suarez.
Ferraxaría	D. Francisco García; D. Santiago Ferreiro.
Fondas e pousadas	Viúva de Fariña; Viúva de Jose Otero; D. <sup>a</sup> Adela Marenco; D. <sup>a</sup> Manuela Moure; D. José Otero; D. <sup>a</sup> Rosalía Vázquez; D. Pedro Naya; D. <sup>a</sup> Josefa Caveda.
Mercerías	D. Miguel Balado; D. Isidoro Brañas; D. José Buela; D. Serafín Carles; D. <sup>a</sup> Paulina Lafuente; D. José Lijo; D. Jacobo Rey; D. Juan Rey.
Salón de peiteados	D. Isidoro Brañas; D. Ramón Comparada; D. Gregorio Moares; D. Francisco Pajares; D. José Pereira; D. Manuel Rodríguez.
Perfumerías	D. Isidoro Brañas; D. Francisco García; D. Pedro Pérez; D. <sup>a</sup> Carmen Suárez.
Confeitarías	D. Alejandro Arce; D. José Barreiro; D. Emilio Latorre.
Pratarías	D. Ángel Gil; D. Francisco Hermida; D. Manuel Hermida; D. José Iglesias; D. Melito Buján; D. Gerardo Castro; D. José Iglesias; D. José Lorenzo.
Xastrerías	D. José Bravo; D. Serafín Carlés; D. Manuel Lapido; D. Clemente Vilarelle; D. Manuel Rodríguez.
Tabernas	D. Manuel Castaño; D. Manuel Cortiñas; D. Jesús Chenlo; D. José Fabeiro; D. Rogelio Fabeiro; D. Manuel Lorenzo; D. José Martínez; D. Juan Martínez; D. Ramón Mejuto; D. <sup>a</sup> Rosalía Vázquez; D. <sup>a</sup> Josefa Vilanova.
Tendas de tecidos	D. <sup>a</sup> Manuela Alonso; Viúva e fillos de Miguel Balado; D. José Buela; D. Serafín Carlés; D. José Iglesias; D. <sup>a</sup> Paulina Lafuente; D. José Lijo; D. Pedro Pérez; D. Jacobo Rey; D. Juan Rey; D. José Vázquez; D. Juan Rey; D. Manuel Varato.
Reloxerías	D. José Lapido; D. Valeriano Vaisal.

1912 - 1913 <sup>1</sup>	
TIPOLOXIA	PROPIETARIOS
Zapaterías	Irmáns Arce; D. Modesto Morono; D. Peregrino González; D. Eduardo Taboada; D. Ramón Agrasar; D. Ramón Quintáns.
Comercio de peles sen curtir	D. Manuel Correa; D. Ricardo Lafuente.
Muíños de fariña	D. Julián Artime; D. Antonio Lapido; Novo y Sierra; D. <sup>a</sup> Baltasara Pardo; D. Francisco Piñeiro; D. Antonio Castro; D. Prudencio Lapido; D. <sup>a</sup> Baltasara Martínez, D. Domingo Paz; D. José Martínez; D. Felipe Núñez; D. Francisco Piñeiro; D. José Varela.
Fornos de pan	D. José Casal; D. José Lorenzo; D. Manuel Ramallo; D. Antonio Riadigos; D. Daniel Paz.
Obxectos de escritorio	D. Manuel Suarez.
Veterinarios	D. Jesús R. Culebras; D. <sup>a</sup> Ines Zoilo.
Perito agrícola	D. Cesareo Carlés.
Notario	D. José San Martín del Rio.

<sup>1</sup> Anuario General de España (1912-1978)

Ademais existían outros establecementos que perfeccionaban o sector de servizos, caso dos estancos de D.<sup>a</sup> Manuela Alonso, D. Avelino Mella e D.<sup>a</sup> Josefa Sueiro; as farmacias de D. Ernesto Baltar; D. José Zamora e D. Ricardo Bescansa; as axencias de seguros, representadas polas empresas La Polar, Lloyd Nort Alemán Pacífico, La Aurora, Mutua Francesa Española; a administración de lotaría de D. Daniel Paz; o representante de tabacos D. Benito Rodríguez; o centro de subscricións a cargo de D. Francisco Taboada; a sucursal do Banco de España representado por D. Gerardo Roa; os procuradores D. Daniel Paz, D. José Vázquez, D. Gerardo Castaño, D. Eusebio Diez, D. Eugenio San Martín, D. Manuel Suárez; e as sociedades como eran La Unión, O Liceo Artesano, La Caridad, La Benefica.

Dez anos despois, en 1932, a situación non variaría en demasía:

1932 <sup>2</sup>	
TIPOLOXIA	PROPIETARIOS
Coloniais	D. Alejandro Arce; Viúva de D. Rogelio Figueroa; D. Ángel Rey Baltar.
Farmacias	D. Ernesto Baltar; D. Eduardo Vilariño.
Confeitarías	D. José Barreiro; D. Emilio Latorre.
Ultramarinos	D. Francisco Bentrón.
Bares	D. Isidoro Brañas; D. Marcelino Díaz.
Ferraxarías	D. José Buela; Fillos de Francisco García.
Automóbiles	D. José Cabo; D. Francisco Muñoz.
Mercerías	D. Serafín Carlés; D. Paulino Mene.
Tecidos	D. Agustín Castro Santiago; D. <sup>a</sup> Paulina Lafuente; D. José Lijo; Sres Pazos y Roa; Sres. Piñeiro y Cia; Viúva de D. José Vázquez Gey; D. Joaquín Vázquez.
Comisionista	D. Laureano Cristobo
Reloxerías	D. Luís Escotti; D. Ángel Lado.

1932 <sup>2</sup>	
TIPOLOXIA	PROPIETARIOS
Imprenta	D. José García Paz.
Comestibles	D. <sup>a</sup> María José Lago.
Fondas	D. Francisco Muñoz; D. Jenaro Tarela
Fábrica de lenzos, mantelería e algodón	Viúva de Ángel Ramos
Zapaterías	D. Francisco Rey Eiras; D. <sup>a</sup> Ruperta Torrente; D. Avelino Vidal.
Vinos	D. Jenaro Tarela.
Fábrica de lámpadas	Yria S.A.

<sup>2</sup> Puig, Zunzunegui y cia. [1932]

Como se pode comprobar da análise dos cadros anteriores, ás actividades comerciais de longa tradición nesta comarca, sumábanse as derivadas da súa peculiar situación estratéxica no punto intermedio entre Santiago de Compostela e os portos de Pontecesures e Carril. A presenza do ferrocarril, o ser núcleo de comunicación e o albergar as dependencias administrativas, fixeron da bisbarra un espazo onde converxeron todo tipo de actividades comerciais e industriais.

Todo aquel amplo conxunto de empresarios deron mostra dunha gran inquietude empresarial que fraguou en iniciativas moi novidasas. Por exemplo, nesta comarca iniciouse a plantación de tabaco e, por exemplo, D. Xosé Pérez Artime cultivou, na veiga de Frades, aquela planta para, despois da súa recolección, realizar a súa transformación nas antigas instalacións da fábrica de azucre de Yria Flavia, outra iniciativa novidosa, reutilizadas como centro de fermentación.

Co fin de facilitar a extensión deste cultivo entre os agricultores da zona, os enxeneiros agrónomos D. Araberto Picasso e D. Juan Alonso Villajadierna deron unha conferencia, o 12 de setembro de 1935, no salón padronés Rosalía de Castro na que disertaron sobre o semilleiro, prantación, coidados, curado e produción da pranta do tabaco. Pouco tempo despois, o 20 de novembro de 1935, desprazáronse a Padrón o director do servizo do cultivo do Tabaco en España, D. Horacio Torress de la Serna, acompañado de D. Manuel Cerdeiras, enxeñeiro da zona norte que acompañados do capitán de artillería naval D. Octavio Sanmartín trasladáronse ata as instalacións da antiga fábrica padronesa denominada Azucareira, ali foron recibidos por D. Jesús Pastor e o alcalde da vila D. Ramón Piñeiro.

A importancia deste centro foi tal que os cultivadores de tabaco da zona do Rosal enviaron unha colleita de tabaco que pesaba 1205 quilos.

Moitos agricultores mostraban a súa satisfacción polos resultados obtidos xa que o prezo pagado era o dobre que o percibido polo millo. Esta nova industria espertou a curiosidade da prensa da época, así o Faro de Vigo insertou, nas súas páxinas, a seguinte noticia:

“... animamos a los hombres del campo a realizar entonces el ensayo y hoy, convencidos de la bondad de nuestro suelo para el cultivo de esta planta americana creemos que debe incrementarse su producción. Aparte de otras razones, que sería obvio exponer aquí, porque están en la mente de todos, hay un argumento de suprema

importancia: Intensificando el cultivo de tabaco en nuestra Patria, España dejaría de ser tributaria del extranjero y esos centenares de millones de pesetas que hasta ahora salían del país, se quedarían en él, repartidos entre millares de españoles, productores y manipuladores de la hierba de Nicot.... En la villa de Padrón funciona un Centro de fermentación de tabaco, y caso de no dedicar a este cultivo grandes extensiones de terreno, ese organismo tendría que desaparecer, quedando sin trabajo y sin pan muchos obreros y sus familias".<sup>3</sup>

Pero, dentro de todas estas iniciativas, é necesario destacar tanto aquelas que poderíamos considerar máis tradicionais, e que serían as relacionadas coas características propias da zona, caso de industria téxtil ou as curtidorías, coma aquelas outras máis innovadoras, como foi a creación da fábrica de lámpadas incandescentes denominada lámpadas Yria. Esta fábrica foi unha das que mellor representou o interese demostrado polos empresarios desta zona polas transformacións que se estaban a producir no resto do mundo.

Esta empresa xurdiu debido ao espírito emprendedor de D. Estanislao Pérez Artime, D. Tanis, como sería coñecido máis tarde. Era descendente daqueles oriúndos de Ortigosa de Cameros que, durante os séculos XVIII e XIX, comercializaron con vilas e cidades galegas e onde, co tempo, chegaron a desenvolver cargos políticos, sociais e económicos de relevancia. D. Estanislao era fillo de D. José Ramón Pérez de la Riva e D.<sup>a</sup> Dolores Artime Pérez, o primeiro natural de Ortigosa de Cameros e a segunda de Padrón, irmán de D. Eloy Artime Pérez<sup>4</sup>. Os seus avós paternos foron D. Estanislao Pérez e D.<sup>a</sup> María de la Riva e os maternos D. José Artime Odón, de Padrón, e D.<sup>a</sup> Catalina Pérez de Castro, de Castrocaldelas. Os seus pais casaron o 29 de maio de 1876 tendo D. José Ramón trinta e cinco anos e D.<sup>a</sup> Dolores dezasete. Na cerimonia, presidida polo presbítero Fr. Ramón González y Fernández, encargado da orde de San Francisco e visitador da orden Terceira, actuaron como testemuños D. Ysidoro de la Riva, D. Mauricio Astola de la Riva e D. Norberto de la Calle y García<sup>5</sup>, todos eles de orixe camerano. O primeiro chegou a Padrón chamado polo seu parente, D. Manuel de la Riva Moreno, para traballar no seu comercio. Co tempo, como era habitual, independizouse e creou o seu propio negocio, chegando a ser alcalde da vila padronesa en 1842. Os dous restantes participaron en varias sociedades textís asociados con outros veciños.

Ao longo da súa vida, D. Tanis, foi unha persoa moi activa e comprometida. A súa faceta empresarial comezou coa creación, xunto cos seus irmáns, dunha sociedade dedicada á produción e venda de produtos textís. En 1925 mercoulle a D. Enrique Roel Munch (Santos e Comoxo 2002) unha casa con finca na parroquia de Iria Flavia co fin de instalar una fábrica de confección de liño, pero os problemas de subministración da materia prima e, sobre todo, extensión do uso da electricidade tanto a nivel público coma privado, -feito que provocou unha elevada demanda de

<sup>3</sup> *El Faro de Vigo*. Novembro 1936.

<sup>4</sup> D. Eloy Pérez Artime naceu en Padrón o 30 de outubro de 1872. Desde moi novo destacou por ser unha persoa moi emprendedora, cecais o quedar orfo moi novo non fixo senon propiciar esta característica. Puxo comercio en Santiago de Compostela, onde chegaría a desempeñar diversos cargos no concello. Foi membro da Liga de Amigos da mesma cidade, socio fundador de Sociedade de Amigos del País e compoñente do Centro Republicano. Morreu o 29 de maio de 1929.

<sup>5</sup> Arquivo Histórico Diocesano de Santiago de Compostela.



lámpadas incandescentes-, mudaron o parecer do empresario que dirixiu os seus esforzos á creación dunha fábrica de lámpadas.

Cómpre ter en conta que os primeiros intentos de electrificación se levaron a cabo en Barcelona e Madrid en 1852 pero, o descubrimento da lámpada incandescente de Thomas Edison en 1872, supuxo o aceleramento do uso da enerxía eléctrica en España. Deste xeito, en 1881 iluminouse a porta do Sol e os xardíns do Retiro en Madrid. En 1883 Bilbao viu iluminada o porto de Abra, e Valencia, no mesmo ano, a praza da Constitución. En Galicia foi Pontevedra, na primavera de 1888, a primeira cidade galega en contar co alumeado público eléctrico, mentres que na Coruña implantouse en 1890 realizando as primeiras montaxes o francés Saunier. En 1893 foi a vila de Mondoñedo, ao ano seguinte Ferrol, Ourense e Lugo. En 1895 Santiago de Compostela; Vigo, Carballiño e Noia en 1896, Pontedeume en 1900. No caso de Padrón, o alumeado público por medio de electricidade xurde o 23 de febreiro de 1899, cando a corporación municipal acorda, por unanimidade, aceptar a proposta realizada polo concelleiro D. Gumersindo Martínez Eiriz, de substituír o alumeado público por petróleo polo eléctrico. Ante este feito, o 25 de febreiro, a comisión de Policía e Facenda redactou as bases facultativas e económicas para adxudicar por poxa pública o citado servizo. O 25 de abril de 1899 celebrouse a licitación presentándose unicamente D. Ernesto Presser y Dauphin, veciño de Madrid e, no seu nome, D. Gastón Bertier Descanes, veciño de Plasencia que, loxicamente, foron os adxudicatarios do servizo. O 14 de febreiro de 1900, D. Ernesto Presser comunicou ao concello de Padrón o remate do período de probas do alumeado público por medio de electricidade e, polo tanto, a partir do día 15 o subministro do fluído faríase por conta do concello (Conde Roa 1992).

Esta progresiva electrificación levou a D. Tanis a substituír aquela instalación de liño por unha fábrica de lámpadas incandescentes. Para logralo mercou todo o necesario, contratou persoal, a maioría mulleres, pero, as elevadas inversións que realizou para adaptarse a un procesos tecnolóxicos innovadores, propiciaron que D. Estanislao tivera que buscar novas fontes de financiación. Para conseguilas, Pérez Artime soubo involucrar tanto a parte dos seus familiares coma a outras persoas coas que mantiña moi boas relacións de carácter profesional ou persoal. Así se desprende da análise da escritura fundacional, realizada o día dous de setembro de 1929, no despacho do notario de Padrón D. Ignacio Nieto Viñas. Alí estaban presentes ou representados os seus irmáns D. Isidoro e D. José, o primeiro viúvo e o segundo casado con D.<sup>a</sup> Matilde Priegue Gende. O seu cuñado D. Antonio Domínguez Orense, casado coa súa irmán D.<sup>a</sup> Angela Pérez Artime, veciño de Pontecesures, os seus fillos, xa maiores de dezaioito anos, D. Manuel e D. Estanislao Pérez Rey.

Por outro lado estaban os seguintes empresarios e banqueiros:

- D. Jacobo Rey Daviña, casado con D.<sup>a</sup> Carmen Sánchez Fernández, veciño de Vilagarcía e que chegou a ser, entre 1938 e 1939, presidente da deputación provincial de Pontevedra e alcalde de Vilagarcía entre os anos 1951 e 1965.
- O veciño de Santiago de Compostela D. Miguel Martínez de la Escalera Torres, esposo de D.<sup>a</sup> María Rodríguez, comerciante, que foi o socio local xunto con D. Ricardo Blanco Cicerón e D. Félix de la Riva, na sociedade Hijos de Simeón García, e que o 22 de xaneiro de 1918 constituíron en Santiago de Compostela unha nova empresa baixo a denominación de Hijos de Simeón García y compañía.

- Francisco Pérez Rodríguez, casado con D.<sup>ª</sup> María del Pilar Bolillo y Bolillo.
- D. Francisco Riestra Calderón, casado con D.<sup>ª</sup> María del Rosario Lemeses, propietario e veciño de Pontevedra; o seu irmán D. Ignacio Riestra Calderón, casado con D.<sup>ª</sup> Purificación Pardo Castro, propietario e veciño de Ourense. Estas dúas últimas persoas, D. Francisco e D. Ignacio, eran fillos de D. José María Riestra Pérez, tamén coñecido como o marqués de Riestra. Personaxe de gran influencia social e política derivada dos cargos que ostentou ao longo da súa vida. Foi deputado a Cortes polo distrito da Estrada nas eleccións de 1879, 1881 e 1886; senador por Pontevedra entre 1891 e 1899 e, máis tarde, senador vitalicio. Ademais posuía un inmenso patrimonio que herdou, e que foi incrementando mediante a creación ou participación en distintos sectores. Por exemplo no sector do mar constituíndo varias fábricas de salazón; no sector financeiro coa fundación da banca Riestra (García López 2003); á parte de aserradeiros, consignataria de buques,... Casou dúas veces, a primeira con D. Mencía Pintos, da que tivo un fillo D. Fernando Riestra Pintos e, en segundas nupcias, con D.<sup>ª</sup> María Calderón Ozores coa que tivo sete fillos, Francisco, Ignacio, Raimundo, Vicente, Santiago, M.<sup>ª</sup> Carmen e Jose Luís.

Ademais, D. Estanislao Pérez Artime contaba con poderes de D. Juan Saenz Díaz y García, comerciante, e de D.<sup>ª</sup> María de los Dolores Artime Pérez, veciños de Madrid, membros da banca Simeón.

Pola súa parte, D. Francisco Riestra Calderon actuaba como apoderado de D. Remigio Hevia Marinas, casado con D.<sup>ª</sup> Isabel Álvarez Quiñoy, era veciño de Pontevedra e empresario que desenvolveu actividades conserveiras na zona de Covelo, e sería alcalde de Pontevedra na posguerra. D. Ignacio Riestra Calderón era apoderado de D. Isauro Pardo y Pardo, casado con D.<sup>ª</sup> María Castro Garces de Marcilla, veciño de Santa Cruz de Tenerife. Era notario, nacera o 4 de xullo de 1873 na parroquia de Anafreita no concello de Friol (Lugo), fora senador durante a lexislatura 1921-1922, ademais de ostentar o título de marqués de Leis, e habitar no pazo de Campolongo en Pontevedra. Como se pode comprobar, gran parte destes accionistas eran destacados personaxes do mundo empresarial e político da época.

D. Tanis obtivo, o 24 de agosto de 1928, autorización para a instalación da fábrica de lámpadas e dun forno de vidro, mediante a publicación do pertinente Real Decreto na Gaceta de Madrid da mesma data. (Foto 1).

A esta sociedade D. Estanislao Pérez Artime achegou a patente sobre lámpadas incandescentes para o alumeado eléctrico número 104539, concedida o catorce de novembro de 1927. Esta patente mercoulla, segundo a escritura de constitución a D.<sup>ª</sup> Magdalena Salas Rodríguez. En realidade, no rexistro da propiedade industrial aparece unha patente de invención número 82438, a nome de D. Miguel Pérez Motilla e D. Francisco de Salas Rodríguez, residentes en Madrid, que respondía á seguinte descrición “patente de invención por filamento de lámparas eléctricas para el mejor aprovechamiento del fluido eléctrico en relación a la potencia lumínica a los actuales en igualdad de intensidad”. Esta patente foi presentada ao ministerio de Industria o 31 de xullo de 1928 e obtivo a pertinente autorización o 24 de agosto de 1928.

Por outro lado, o citado Pérez Artime financiou os gastos de transporte, máquinas, xornais, materias primas, ademais de facer fronte á formación do persoal e ás indemnizacións satisfeitas

por mor de varias contrariedades ocorridas no citado proceso. Como, por exemplo, o grave accidente producido a finais de novembro de 1928, cando estoupou un artefacto que estaban manipulando varios traballadores baixo a dirección do enxeñeiro. Algunhas fontes achacaron tal explosión a un bidón de osíxeno mentres que outras afirmaron que fora un motor de gasolina. De calquera forma, a detonación provocou varios feridos que tiveron que ser atendidos en Santiago de Compostela. D. José Zapico de la Mata, de 25 anos, axudante do enxeñeiro, ingresou no sanatorio Baltar con pronóstico moi grave, o resto, D. José García Paz, veciño de Padrón, casado, con tres fillos, afectado de grandes queimaduras nas mans e cara; D. Antonio Moreno Maldonado, de 31 anos, madrileño, casado, cun fillo, amosaba queimaduras no ventre e pernas; D. Francisco Rodríguez Rey, veciño de Padrón, chofer, casado, presentaba graves queimaduras na cara ao igual que D. Francisco León Tirado. Aos poucos días D. José Zapico, D. Antonio Maldonado e D. Francisco León Tirado faleceron.

Tamén D. Estanislao achegou á sociedade os dereitos<sup>6</sup> que posuía sobre as novas patentes co fin da súa explotación tanto na península coma no estranxeiro e, como non, a marca identificativa ou nome comercial da empresa. (Foto 2).

Todos aqueles socios acordaron constituír unha compañía mercantil anónima con domicilio en Padrón, dotada dun capital dun millón cen mil pesetas, representado por mil cen accións de mil pesetas cada unha, divididas en dúas series; a denominada A, composta polas accións numeradas do 1 ata o 700 e a outra marcada como B cos números 701 ao 1100.

A distribución das accións realizouse tendo en conta que, a D. Estanislao Pérez Artime se lle adxudicaron as primeiras setecentas accións en pago ás achegas que anteriormente se detallaron. Os demais socios adquiriron o resto do capital:





Foto 1. Autorización para a instalación da fábrica de Lámpadas Yria.

<sup>6</sup> Achegou as patentes número 110699, referida a unha nova barreta para lámpadas incandescentes; a número 110659 que aludía a un amplificador da potencia luminica de lámpadas de incandescencia para o alumeadado público a base de lentes. A número 104539 da que tiña a concesión en España, Cuba, Portugal e Bélxica, tendo pedida a concesión para Francia, Alemaña, Italia, Suíza, Inglaterra e Arxentina. Igualmente, tiña solicitada a patente número 109409 sobre un novo casquillo para lámpadas. (Boletín Oficial da Propiedade Intelectual).



**Foto 2.** Rexistro da marca identificativa para Lámpadas Yria. Boletín Oficial da Propiedade Intelectual.

Socio	Nº de accións <sup>3</sup>
D. Estanislao Pérez Artime	701
D. Miguel Martínez de la Escalera	25
D. Isidoro Pérez Artime	20
D. Jose Pérez Artime	20
D. Antonio Domínguez Orense	20
D. Jose Pérez Rey	5
D. Manuel Pérez Rey	5
D. Estanislao Pérez Rey	5
D. Francisco Riestra Calderón	65
D. Remigio Hevia Marinas	5
D. Ignacio Riestra Calderón	8
D. Isauro Pardo Pardo	10
D. Estanislao Pérez Artime	343
D. Juan Saenz Díez	88
D. Jacobo Rey Daviña	20
D.ª María de los Dolores Artime Pérez	49

<sup>3</sup> Na escritura constitucional menciona que a D. Estanislao tamén se lle adxudican, a maiores das 701 accións, outras 34

A sociedade administrábase polo consello de administración e a xunta xeral de accionistas. O primeiro, segundo os estatutos, estaba composto por seis persoas como mínimo e dez como máximo, sen contar co secretario. Todos eles nomeados pola xunta xeral, agás o primeiro que se designaría na escritura de constitución da sociedade e que, polo tanto, quedaba composto por D. Estanislao Pérez Artime, como presidente; D. Miguel Martínez de la Escalera, D. Francisco Pérez Rodríguez, D. Ygnacio e D. Francisco Riestra Calderón, D. Juan Saenz Díez e D. Isidoro Pérez Artime como vogais. Estes ostentarían o cargo durante tres anos se ben podían volver ser reelixidos.

A xunta xeral de accionistas representaba á sociedade, e os seus acordos eran executivos e obrigatorios para todos os socios. Existían dous tipos de xunta xeral, a ordinaria, celebrada anualmente na data que sinalase o consello de administración, dentro do trimestre seguinte á terminación do exercicio social; e a xunta extraordinaria reunida cando o acordara o citado consello de administración ou cando o demandaran os accionistas que, previamente, debían depositar na caixa social, polo menos, o 30% das accións en circulación. Os acordos de ámbalas xuntas tomaríanse por maioría de votos entre os accionistas que concurriran ás mesmas, tendo en conta que, os accionistas que asistiran ás mesmas, terían un voto por cada dez accións da

serie A e un voto por cada acción da serie B. Ambas xuntas estarían dirixidas polo presidente do consello de administración.

O primeiro problema ao que tivo que enfrontarse a empresa foi de carácter tecnolóxico, e veu dado pola escasa calidade dos produtos que saíron da fábrica. Esta circunstancia motivou un grave descrédito da industria e unha certa descapitalización, feito que provocou a destitución do director técnico da mesma e a contratación do enxeñeiro alemán D. Carlos Feuchter que traballaba de enxeñeiro na fábrica de Castañeda e cia en Madrid. Este recomendou o cambio de maquinaria e o incremento da formación dos empregados. Ademais, con fin de mellorar a imaxe da empresa procedeuse a realizar o cambio gratuito dos produtos defectuosos. O resultado destas medidas foi moi satisfactorio (Carmona e Nadal 2005; Alonso, Lindoso e Vilar 2008).

Patentes presentadas por D. Estanislao Pérez Artime para a fábrica Lámpadas Yria				
Titulo da patente	Data da concesión	Posta en práctica	Motivo da caducidade	Data da caducidade
Novo casquillo para lámpadas incandescentes para alumeadado publico.	24/09/1928	Non	Non posta en práctica ou menos de 3-4 anualidades pagadas	01/01/1932
Nova disposición do filamento para as lámpadas incandescentes de alumeadado eléctrico	03/12/1928	Non	Ídem	01/01/1932
Nova barreta para lámpadas incandescentes de alumeadado eléctrico	03/12/1928	Non	Ídem	01/01/1932
Un amplificador da potencia luminosa das lámpadas de incandescencia para alumeadado publico a base de lentes	13/01/1929	Non	Ídem	01/01/1932
Sistema de foco luminoso aplicable ás lámpadas incandescentes para alumeadado eléctrico	06/07/1929	Non	Ídem	01/01/1932
Nova disposición do filamento nas lámpadas incandescentes para alumeadado eléctrico	23/09/1929	Non	Ídem	01/01/1932
Un sistema reflector para lámpadas incandescentes de alumeadado eléctrico que forma corpo inseparable coas mesmas	01/04/1930			

Pero outro problema que se lle presentou á factoría padronesa foi a negativa de varias empresas do sector, unidas nun trust, a utilizar algunhas das súas licenzas. Ata 8 patentes presentou D. Estanislao Pérez Artime para poder producir as famosas lámpadas Yria.

Sirva, como exemplo, a solicitude de rexistro de patente dun novo modelo de lámpada, a denominada modelo 6204. (Foto 3).




Foto 3. Descripción do modelo 6204.




Foto 4. Descripción do modelo 6462



Foto 5. Publicidade de Lámpadas Yria

Tratábase dunha ampola aplicable ás lámpadas de incandescencia que presentaba un modelo de piña. O rexistro non se puido realizar pola oposición de 18 fábricas e grupos de fábricas de lámpadas eléctricas de Barcelona, Bilbao, Madrid e Sans que alegaron, ante a dirección xeral de Industria, que o citado modelo non era novo, senón unha mera copia dunha das patentes coas que elas estaban traballando. A resolución foi negativa aos intereses de Lámpadas Yria. Ante esta contrariedade, Pérez Artime presentou unha nova solicitude de patente este vez co modelo 6462 que, ao igual que no caso anterior, non foi aceptado polo Ministerio de Economía Nacional. (Foto 4).

O problema solucionouse mediante a utilización dun modelo distinto. Pero as dificultades non diminuíron e aquela agrupación de empresas adoptou unha nova vía co fin de impedir a competencia da fábrica padronesa, e non foi outra que a de efectuar unha drástica redución de prezos co fin de expulsar á fábrica padronesa do mercado. A pesar de todas estas dificultades, a “Fábrica de lámparas incandescentes” continuo traballando e, en 1933, contaba nas súas instalacións cunha fábrica de gas e outra de lámpadas. Esta factoría favoreceu, co tempo, a creación de pequenas industrias complementarias como foron a de D. Ángel Valverde que contaba, naquel momento, cun forno de vidros planos ou ocos con catro crisois e a de D. Estanislao Pérez Rey, fillo de D. Estanislao, que era propietario e director dun fábrica de cascos para lámpadas eléctricas (Freire Esparís 2007).


A fábrica levantou moitas expectativas e serviu de exemplo aos alumnos de centros educativos que visitaban as súas instalacións. Así sucedeu o 22 de maio de 1934, cando os escolares do instituto de Santiago de Compostela na compañía dos seus profesores, señores García Rodeja, La Rosa e Villar Somoza, comprobaron o funcionamento e as instalacións, recibindo explicacións por parte de D. Estanislao Pérez Artime e do enxeñeiro xefe.



Outra das facetas na que esta empresa destacou foi na utilización da publicidade como método para dar a coñecer os seus produtos. Deste xeito, os anuncios de lámpadas Yria proliferaron tanto nos xornais da época coma noutros medios de difusión. (Foto 5). Sirva como exemplo, a impresión dun horario de trens A Coruña–Vigo e viceversa. (Foto 6).

Ademais, realizouse unha película na que se visualizaba o funcionamento da fábrica e que se presentou no Salón Latorre no mes de abril de 1930 (Freire Esparís 2007). Tamén, coa mesma intención publicitaria, a empresa participou nas feiras do automóbil celebradas en Pontecesures nos anos 1950 e 1954 presentando na súa instalación un arco de triunfo rematado cunha cruz de Santiago. (Foto 7).

O estalido da guerra civil supuxo para a empresa un aumento das vendas, debido sobre todo a que as principais competidoras estaban en Madrid e Barcelona, territorios en poder do goberno democrático, aínda así a facturación non chegou para compensar os gastos acumulados. Pero este enfrontamento bélico supuxo un duro golpe para D. Tanis. A súa militancia política<sup>7</sup>, unida ás envexas e a feitos políticos de carácter local<sup>8</sup>, pasáronlle factura no momento da sublevación militar de 1936. O sufrimento padecido por D. Estanislao Pérez Artime, está perfectamente retratado nun artigo realizado polos historiadores Santos e Comoxo Considero un deber transcribir a parte final deste artigo (Santos e Comoxo 2002), por ser unha das mellores homenaxes a este home:



**TRENES VIGO - LA CORUÑA**

ESTACIONES		8756	1734	1736	752	1722	716	794	1732	792	704(1)	562(2)
		Aut. 2	Omn. 1-2-3	Omn. 1-2-3	Aut. 1-2	Omn. 1-2-3	Exp. 1-2	Corr. 1-2-3	Omn. 1-2-3	Corr. 1-2-3	Ráp. 1-2	TAF
Vigo	S.	10,--	--	--	7,30	7,45	11,35	15,30	18,10	--	19,15	--
Redondela		10,15	--	--	7,44	8,02	12,15	15,47	18,27	20,45	19,30	21,45
Pontevedra	LI.	10,36	--	--	8,06	8,30	12,46	16,18	19,--	21,25	19,52	--
id.	S.	10,40	--	6,30	8,10	8,40	12,58	16,25	19,05	21,40	19,57	22,08
Portos		11,05	--	7,07	8,34	9,15	13,57	16,58	19,57	22,14	20,26	22,48
Vilagarcía		11,28	--	7,36	8,53	9,44	13,50	17,23	20,04	22,43	20,45	22,48
Ponteceures		11,43	--	8,--	9,10	10,10	14,10	17,45	20,30	23,05	--	23,05
Padrón		11,46	--	8,12	9,15	10,20	14,31	17,55	20,40	23,16	21,14	23,08
Santiago	LI.	12,13	--	9,--	9,48	11,05	15,--	18,39	21,25	24,--	21,50	23,35
id.	S.	12,18	7,15	--	9,53	11,15	--	18,55	--	--	22,--	--
Ordnes		12,52	8,14	--	--	12,10	--	19,55	--	--	22,41	--
La Coruña	LI.	13,40	9,30	--	11,15	13,20	--	21,10	--	--	23,30	--

con dos horas de adelanto sobre el horario con que figura.  
 don Madrid; y Lunes, Miércoles y Viernes dirección Santiago.

Foto 6. Publicidade de Lámpadas Yria. Horario de trens. Portada e interior



Foto 7. Festa nas instalacións de Lámpadas Yria.

7 D. Estanislao Pérez Artime ampliou o seu espírito innovador e comprometido ao mundo político, sendo elixido, en 1934, membro da comisión xestora da deputación provincial da Coruña. O gobernador civil da Coruña, D. Ricardo Gasser Alzugaray, designouno como membro da mesma, igual que a D. Juan Wonemburge. Pero ambos rexeitaron este nomeamento debido a súa orientación de esquerdas. Un ano máis tarde a seguinte comisión xestora elixiuno presidente da citada deputación provincial. Grandío Seoane, E. [2002].

8 Destacar que as instalacións da fábrica sufriron, o catro de abril de 1933, un atentado mediante o lanzamento dun artefacto explosivo contra o gasómetro, sen que este quedara afectado. A indignación da vila padronesa foi tal que os comercios pecharon como protesta as súas portas o 5 de abril. O feito provocou moitas rencillas entre os autores do atentado e varios padroneses que, presuntamente, os denunciaron. En 1936 coa sublevación militar, algún daqueles causantes intentou dirimir, como se facía nese momento, aquelas discrepancias.



“... Nos comezos da Guerra Civil, aparece na súa casa de Padrón polo noitiña un sarxento da Garda Civil cunha moto sidecar, coa intención de que o acompañase para prestar declaración urxente en Santiago. (Os oídos de Pérez Artime xa chegara a noticia do “paseo” nas Galanas, do seu amigo Narciso Fraga; e incluso do seu propio cuñado, Andrés Rey Baltar). E ante os fundados temores de Estanislao Pérez de subir ó vehículo para ir declarar a aquelas horas intempestivas o axente da Benemérita fórzao para que cumpla o mandamento. Por fortuna encontrábase na casa o seu fillo maior, que era oficial das milicias universitarias e, consciente do mal carís que tomaban as cousas, viste rapidamente o uniforme e dalle orde ó sarxento que se poña “firme”, comunicándolle ó mesmo tempo que o pai permanecerá baixo a súa custodia no domicilio e que á mañá seguinte el mesmo o acompañará ata o xulgado de Santiago. Acto seguido faino dar media volta e “de frente, ar”. Esa noite ninguén puido conciliar o sono na casa dos de La Riva. Levouno Santiago e alí quedou unha longa tempada sen poder regresar ó fogar. Desta vez ninguén puido evitar que o encarceraran nos baixos de Raxoi. Nin os compadres lle valeron. Había milleiros de detidos amoreados nunhas condicións infrahumanas. Sen auga corrente. Apenas uns caldeiros para mal lavarse, nin lavabos nin retretes. Só un caldeiro para todo. Aquel antro era insoportable. Estanislao Pérez tiña diñeiro e pagou a súa liberación con folgura. O Goberno Militar accedeu á demanda por razóns humanitarias debido ó seu delicado estado de saúde. Permitíronlle cumprir o arresto nada menos que nunha habitación do piso alto do Hotel Compostela. ¡Vaia cambio!. Custodiado por gardas que el mesmo pagaba do seu bolsillo; pero unha denuncia efectuada por membros da Falanxe padronesa, acusándoo de sobornar ós seus vixiantes (que incluso comían no hotel) propiciou que o trasladasen para o sanatorio Baltar. Nese centro hospitalario permaneceu semi vixiado ata finais de setembro do 36. Pero os compañeiros da prisión de Santiago tiveron ocasión de comprobar que a xenerosidade do padronés non tiña límites. Aínda ben non puxo os pés fóra do sitio iniciou as xestións coa autoridade municipal para dotar ós calabozos dos baixos de Raxoi de auga corrente, lavatorios, latrinas e cloacas. Gastou unha millonada en cartos daquela. O seu nome foi bendito por toda a cadea. Durante largos anos foron moitedume os presos que se beneficiaron con estas medidas de hixiene. Anque moitos non o souberan e outros trataran de esquecelo.

Deu mostras de altruismo en diversas ocasións. A xente maior de Padrón que teña boa memoria e queira usala con nobreza pode dar fe desta aseveración. Estanislao Pérez Artime non foi “paseado” gracias en boa parte a Víctor Varela, un falanxista natural de Vilagarcía que traballaba nas oficinas de Iria Flavia. No intre en que a Falanxe local máis o acosaba, ofrécese de garante o camarada vilagarcían para acompañalo nunha viaxe por estrada a Burgos, en coche propio co fin de entrevistarse con Franco e contarlle os abusos que se cometían na zona, pero o caudillo non quixo recibilos e viñeron peor do que foron. Foi un regreso cheo de riscos e agravios para o ex Presi-

dente da Deputación e se non chegaron os males a maiores tal vez fora polo salvoconduto, a fidelidade permanente do camisa azul, que non o abandonou en ningún momento.

Non tardará en ser expedientado, curiosamente xunto co seu contricante Castelao, de “responsabilidade civil” polo Gobernador Civil Presidente da Comisión Provincial de Encautación de bens de A Coruña...

A denuncia da facción padronesa que fixemos mención, o cambio de comportamento de condutas e a frialdade no trato dos amigos, fixo que D. Estanislao, moi doído, e desengañado da política (en palabras dos seus fillos) fixara definitivamente a residencia en Vilagarcía...”.

Nesta vila o fundador da empresa viviu na avenida de Martínez García, aquí morrería o 13 de marzo de 1945. O seu enterro foi unha verdadeira mostra de dor na que participaron moitos veciños que acompañaron os restos desde Vilagarcía ata a igrexa parroquial de Santiago de Padrón..(Foto 8).


Ante a morte de D. Tanis foi o seu fillo D. Estanislao Pérez Rey o que presidiu a empresa. Neste mesmo ano de 1945 ampliouse o capital ata o cinco millóns de pesetas que foi subscrito, na súa maior parte, pola sociedade “Hijos de Simeón Garcia” (Seijas LLerena 2007). A fábrica continuou funcionando, e en 1948 contaba con 92 empregados, pero as dificultades económicas non desaparecían e, en 1953 por mor das graves perdas financeiras optouse por reducir o capital social, renovar maquinaria e producir máis cantidade a menor prezo, así como, a de fabricar dúas novas modalidades de produto: os faros Opalux e Réflex. (Foto 9)



Foto 8. Esquela de D. Estanislao Pérez Artime



Foto 9. Primeira visita a Iria Flavia do arcebispo Quiroga Palacios. 29 de xaneiro de 1950

Pero estas medidas non deron resultados e a empresa pecharía definitivamente a mediados de 1970. Remataba, deste xeito, unha das mellores experiencias empresarias nesta zona polo seu carácter innovador, orixinal e arriscado, onde o promotor desta iniciativa, D. Estanislao Pérez Artime, intentou implantar nesta vila as novas tecnoloxías que se estaban desenvolvendo no resto do mundo. 

## Bibliografía

- ALONSO, L.; LINDOSO, E.; VILAR, R. (2008) *Construyendo empresas. La trayectoria de los emprendedores coruñeses en perspectiva histórica*.
- ANUARIO GENERAL DE ESPAÑA. (1912-1978) *Anuarios Bailly - Bailliere y Riera reunidos (1912-1978)*. Anuario del comercio, de la industria, de la magistratura y de la administración.
- BEIRO PIÑEIRO, X. C. (2010) *O catastro de Ensenada na xurisdicción de Padrón*. (No prelo).
- CARMONA BADIA, J. (1990) *El atraso industrial de Galicia. Auge y liquidación de las manufacturas textiles (1750-1900)*. Barcelona: Ariel.
- CARMONA BADIA, X.; NADAL OLLER, J. (2005) *El Empeño industrial de Galicia: 250 años de historia (1750 - 2000)*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- CARRE ALDAO, E. (1936). *Provincia de La Coruña*. Carrera Candi, F. *Geografía general del Reino de Galicia*, vol. III, t. IV. Barcelona.
- COMOXO RODRIGUEZ, X.; SANTOS SUAREZ, X. (2002) “Apuntes biográficos dun padronés benquerido durante a Segunda República: Don Estanislado Perez Artime”. Padrón: *Libro de Pascua*.
- CONDE ROA, J. (1992) “Expediente para la subasta del servicio de alumbrado público por medio de la electricidad. Padrón año de 1989”. Padrón: *Libro de Pascua*.
- CONSUL JOVE Y TINEO, F. (1999) *Agricultura e Ilustración*. Saavedra, P. (Ed. lit.). Santiago de Compostela: Consellería de Agricultura, Gandería e Montes. Caixa Ourense.
- FREIRE ESPARIS, P. (2005) “La formación del tejido manufacturero en una comarca litoral de la provincia de A Coruña. Padrón, 1850-1950”. *VIII congreso de la Asociación Española de Historia Económica. Demografía empresarial y cambios en los mercados*. (s. XIX-XX).
- FREIRE ESPARIS, M. P. (2007) “Unha achega aos procesos de cambio na Galicia rural a través da análise dos concellos de Brión e Padrón (1850-1970)”. *Revista Galega de Economía*, vol. 16, pp. 51-74.
- GARCÍA LÓPEZ, A. (2003) *La actividad bancaria en Galicia: Desde el catastro del Marqués de Ensenada a la Ley Cambó*. Valladolid: Lex Nova.
- GRANDIO SEOANE, E. (2004) *Política e provincia. A Deputación da Coruña na II República*. A Coruña: Deputación Provincial.
- LABRADA, L. (1971) [1804] *Descripción económica del Reyno de Galicia*. Vigo: Galaxia.
- LARRUGA, E. (1995) [1792] *Memorias políticas y Economicas sobre los frutos, comercio, fabricas y minas de España, con inclusion de los Reales Decretos, Ordenes, Cédulas, Aranceles y Ordenanzas expedidas para su gobierno y fomento*. Zaragoza: Gobierno de Aragon.

- MADOZ, P. (1849) *Diccionario Geográfico–Estadístico–Histórico de España y sus posesiones de Ultramar*. Madrid.
- MARTIN RODRIGUEZ, M. (1987) “La industria azucarera española. 1914-1936”. *Revista de Historia Económica*, nº 2, pp. 301-323.
- NADAL, J. e CARMONA, X. (2006) *Galicia industrial: (c.1750 – 2005)*. A Coruña: Fundación Pedro Barrie de la Maza.
- PIÑEIRO ARES, J. (1961) “La alcurnia industrial de las tierras de Iria”. Padrón: *Libro de Pascua*.
- PUIG, ZUNZUNEGUI Y CIA. (1932) *Anuario General Información*. Tomo I Alava a Lugo. Año XVIII.
- SEIJAS LLERENA, D. (2007) “Breves apuntamentos sobre a historia de Lamparas Iria”. Padrón: *Libro de Pascua*.

# O cruceiro de Pena Corneira ou de Lamas. Aproximación estilística e ensaio de datación

CLODIO GONZÁLEZ PÉRES

J. DAVID CONDE LOURIDO

X. RAMÓN MARÍN MARTÍNEZ (DESEÑOS)

## A igrexa de Lamas, o castelo de Pena Corneira e o cruceiro

A parroquia de Santa María de Lamas pertence ao concello ourensán de Leiro, pero queda fóra da comarca vitivinícola do Ribeiro, na aba de Pena Corneira que forma parte do sistema montañoso da serra do Suído. A situación da igrexa (ETRS89: lat. N, 42°22'22" – lonx. O, 8°10'48"), nunha chan pola parte de abaixo do macizo rochoso de Pena Corneira e, en particular, da cima do Outeiral (646 m), fica a curta distancia de onde se ergueu a fortaleza do mesmo nome, pero esta xa en territorio da lindeira freguesía de Orega, do mesmo concello de Leiro.

A finais do século XV era unha das parroquias do *arçedianadigo de Castela*, da diocese de Ourense, contaba con 15 veciños e o dereito de presentación do párroco pertencía ao conde de Ribadavia, *padroeyro verdadeiro in solido da dita yglesia* (*Memorial...*, 2010: 98).

Atópase nun lugar despoboado, sendo a aldea máis próxima a de Corneira. Esta situación de illamento deu lugar a que dende antigo se celebrasen nela poucos cultos, cinguíndose exclusivamente aos máis importantes, e agora dende hai algúns anos a ningún dende que se construíu unha igrexa nova na aldea do Casar, ou, como moito, os fúnebres antes de proceder ao enterro dalgún veciño, pois o cemiterio segue a formar parte do adro. Xa a mediados do século XIX consta este particular no *Diccionario* de Pascual Madoz (1847, X:52) que, é de supoñer, viñese de moito antes:

“Hay también una ermita en el lugar de Casar, donde habita el cura en la que está el reservado y se dice misa, celebrándose solamente en días clásicos los divinos oficios en la iglesia parroquial, por hallarse aislada y a bastante distancia”.



Foto 1

A causa de que estea aquí e non preto das casas coidamos que cómpre procurala na situación da fortaleza que ficaba a curta distancia pola parte de arriba, entre o rochedo, agás que daquela existise tamén no lugar algunha aldea agora desaparecida. Deste xeito, tanto o poder civil coma o relixioso estaban xuntos, podendo acudir comodamente os que vivían no castelo aos actos litúrxicos.

O actual edificio relixioso é un fermoso exemplar do románico rural galego, sen grandes aditamentos posteriores que alterasen a vetusta e austera fábrica, coa nave e a ábsida cubertas con madeira. A súa construción data da segunda metade do século XII, época en que dependía do mosteiro de Aciveiro (Castillo, 1987: 273-274; Chamoso Lamas 1950). (Fotos 1 e 2).

Deste mesmo século, pero de comezos, son os primeiros datos históricos que se teñen da fortaleza de Pena Corneira, moi preto pero en territorio pertencente á lindeira parroquia de Orega, da que era propietario o conde Pedro de Traba, pero que a tiña o seu xenro Arias Pérez. No mes de decembro de 1109, logo de contraer matrimonio Dona Urraca co monarca aragonés Afonso I, parte dos nobres galegos, á cabeza dos que estaba o conde de Traba, proclamaron rei ao seu fillo Afonso VII en cumprimento do xuramento que lle fixeran a seu avó, Afonso VI, de que o neto sería rei no intre en que contraese segundas nupcias a nai.

Algúns magnates non estaban conformes con tal decisión polo que o conde de Traba arrestou a varios que, para quedar libres, tiveron que entregar o castelo ou castro de Miño (Santa María de Castrelo), para o que mandou ao príncipe, de non máis de seis anos de idade. Os rivais cercaron a fortaleza ata que chega o arcebispo Xelmírez, que trata de chegar a un acordo, mentres outros ao fronte dos que estaba Arias Pérez tomaron o campamento do prelado, tendo que fuxir co príncipe ata o mosteiro de Ribas de Sil. Logo pasan ao río Miño e seguindo por Amoeiro chegan ao castelo de Pena Corneira, de onde serán liberados polas hostes do conde de Traba, dirixíndose dende aquí á fortaleza de Lobeira (Vilagarcía de Arousa).

Arias Pérez deixoulle á súa morte á igrexa de Santiago de Compostela, para saúde e remedio da súa alma, entre outros bens, o castro de San Xoán de Pena Corneira con todas as pertenzas (*Historia Compostelana* 1950, 115, 211, 395, 422).

Nos séculos seguintes perdeu importancia estratéxica, converténdose nunha fortaleza máis da *Terra de Castela*, ata que pasa a partir do ano 1375 a poder de Pedro Ruiz Sarmiento, nomeado señor de Ribadavia e Adiantado Maior de Galicia por Henrique II, polo apoio que lle prestara na loita contra seu medio irmán Pedro I.



Foto 2



Foi destruída polos irmandiños, como consta no testemuño que tomaron os procuradores, xuíces e rexedores en Ourense, o 15 de maio de 1467: "... e que os do Ribeyro da Avea e dos ditos partidos tomaran e querían tomar en si as ditas fortalezas e derribaran Roucos e Formigueyro e Pena Corneyra..." (Ferro Couselo 1967:376). Ao rematar a loita debeu ser reconstruída, a teor que no preito entre os arcebispos composteláns Tabera e Fonseca hai dúas testemuñas que afirman que tanto este castelo coma outros, non eran máis que "casas de ladrones donde se hacian rrobos y males", e que fora un dos que mandara derrubar o gobernador nomeado polos Reis Católicos, Fernando de Acuña:

"oio dezir del e que oio dezir el dicho testigo que mandara e hiziera derrocar [...] la Pena Corneira que hera del dicho Conde [de Ribadavia], las quales dicho testigo bido derrocadas y lo hestan al presente sin se llebantar [...]lo que dellas save hes que quando el rey don Fernando e la reina doña Isabel, de gloriosa memoria, bienieron en romeria a señor Santiago, save que fizieron derrocar algunas fortalezas en este dicho Reino de Galicia de señores e caballeros del, hespeçialmente a Peña Corneira e al Formigueiro que heran del conde de Ribadavia".

Non está no certo unha das testemuñas ao dicir que foi destruída "porque segun oio dezir heran casas nuevas fechas nuebamente e que nunca bio ni oio dezir que fiziese derrocar otras casas antiguas ansi de la Iglesia como de otro qualquier señor", xa que esta de Pena Corneira era antiga, pero non debía contar co número suficiente de vasalos (Rodríguez González 1984: 176-505). Dende entón pérdese a súa memoria, non quedando actualmente máis que moreas de pedras e os alicerces (Chamoso Lamas 1951).

O primeiro que lle dedicou unhas verbas ao cruceiro foi Manuel Chamoso Lamas en 1950 ao describir a igrexa, xunto cunha ilustración que vén a ser a primeira fotografía que coñecemos, coa base oculta pola neve: "Anuncia su presencia el característico crucero de piedra que se alza a un lado del camino santificando aquella patética soledad, que en el día de nuestra visita acentuaba una intensa nevada, harto frecuente en estos parajes montañosos" (Chamoso Lamas 1950: 38).

No artigo que publica o mesmo autor o ano seguinte verbo do castelo de Pena Corneira, reproduce outra fotografía do cruceiro, esta vez sen neve, pero non o menciona no texto (Chamoso Lamas 1951).

Érguese a curta distancia da igrexa, na pequena chaira que hai entre as dúas montañas pétreas de granito porfídeo, convertida actualmente en aparcadoiro e en área de lecer con bancos, mesas, auga e sombra. Cando había culto no templo viraban arredor del as procesións, polo que se pode considerar coma o principal cruceiro da parroquia. As vivendas máis próximas son as da aldea de Corneira.

O mesmo que noutros cruceiros, xunto a este de Lamas tamén se deberon enterrar en tempos pasados os fetos e os meniños que morrían antes de recibir o bautismo, costume moi estendido e testemuñado dende antigo, que non desaparecía ata que se xeneraliza o dar a luz nos hospitais. Un dos sinais desta práctica adoitan ser pequenas cruces gravadas nos chanzos do baseamento e






Ilustración 1

que estea en lugar afastado das casas, premisas que se cumpren neste caso, e máis aínda tendo en conta que a poucos metros fican a igrexa e o cemiterio (González Pérez 2003: 100; Marín Martínez e González Pérez 2003: 48). (Foto 3).

### O cruceiro: aproximación estilística e ensaio de datación

A peza que nos ocupa presenta non poucos interrogantes referidos á súa datación, execución e algún outro detalle que, por medio de comparación e análise, tentaremos solucionar na medida do posible. Se cadra, o mellor será empezar cunha descrición para facernos unha idea de con que nos atopamos.



Foto 3




Ilustración 2



Foto 4



Foto 5

O cruceiro de Pena Corneira ou de Santa María de Lamas, é unha obra que realmente chama a atención cando se fai unha análise pormenorizada dos elementos que o compoñen (Ilustración 1).

Aséntase nun baseamento ou plataforma de dúas gradas nas que se imbrica o pedestal (ou podio) do que parte o varal, rematado nun capitel tendente á orde corintia e, sobre el, a cruz. Ata este punto pódese pensar que describimos xenericamente calquera dos cruceiros e cruces que abundan na nosa xeografía, pero unha análise detallada, elemento a elemento, vainos achegar ás claves da súa filiación.

O pedestal, como dixemos, de dúas gradas presenta xa unha particularidade non sinxela de atopar neste tipo de obras. Os chanzos parecen abrazar o podio coma se se tratase de grampas, dividíndose cada unha delas non en varias pezas, senón en dúas que, con sección a xeito de U cercan o podio, que, quizais, sexa o elemento máis común, pois trátase dun monolito trapezoidal coma tantos que podemos observar en case que todos os cruceiros (Foto 3).

O varal consiste nunha columna practicamente lisa coa excepción dun relevo do que parece ser un báculo abacial (indicadora da súa pertenza histórica ó mosteiro de Aciveiro?) ou unha cruz procesional: unha vara cun engrosamento circular no seu terzo superior (a modo das macoias das cruces procesionais, de aí a súa semellanza) e rematada cunha cruz inscrita nun círculo (Ilustración 2). O perfil é, cando menos, semellante ás columniñas da portada da inmediata igrexa de Santa María de Lamas.

O capitel (Foto 4), de riscos corintios como se dixu, imita ou, en calquera caso, semella tamén igual a un dos capiteis da portada da igrexa de Santa María, de sección tronco-piramidal invertida,

cunha decoración que pode ser perfectamente interpretada coma de follas de acanto enmarcadas en estilizados crochets nas caras este e oeste, mentres que, na súa cara sur o acanto substitúese por un floreiro (Ilustración 5) e, na cara norte (Ilustración 4), unha punta de alabarda (ou lanza roncona, con dúas falsagardas na base da coitela, usada entre os séculos XV e XVII) ou unha árbore esquemática (case coma un piñeiro), similar á decoración do capitel máis interior da esquerda da portada da igrexa, coa particularidade de que a figura do capitel do cruceiro presenta dúas gardas facendo o conxunto moi semellante a unha flor de lis.

A cruz (Foto 5) (pois carece de crucificado, mais non da cartela do INRI) tamén resulta curiosa, pois a semellanza co friso que separa os capiteis das arquivoltas do lado esquerdo da portada da igrexa é notoria. Trátase dun traballo decorativo no que as arestas da cruz se traballan en chafrán deixando as dúas fronteiras, norte e sur, cun refundido que marca unha cruz latina (non podendo ser doutra maneira) inscrita. Toda a contorna está traballada a xeito de bocel decorado con medias bolas que non chegan a cubrir os extremos, presentando estes os remates planos cunha sinxela cruz de santo André (Ilustración 3) non pretendida, senón consecuencia do desenvolvemento lóxico das liñas que marcan o chafrán dos bordes e que se resolve aquí realzando nestes extremos as liñas que percorren as arestas no canto de continuar co refundido.

En chegando a este punto cómpre advertir parecidos máis que razoables coa portada da veciña igrexa, ben na decoración da cruz, ben no capitel e na mesma disposición deste con respecto ao varal que o sostén. A decoración, como xa se identificou, tan semellante, parece copiada de varios elementos que compoñen a portada de Santa María: un varal liso ao que se une o capitel mediante un estreito colariño ou cordón, tamén liso, de sección circular; un capitel parello ao capitel máis exterior dereito da portada do templo e, por último, a decoración en bocel con medias bólas similar en todo á cornixa que separa (Foto 6), no lado esquerdo da portada da igrexa, os capiteis dos arcos lixeiramente apuntados da parte superior da porta.

Santa María de Lamas é unha obra do románico rural galego e pertence cronoloxicamente ao século XII e, trala descrición do cruceiro que acabamos de facer, na que se observan tantos parecidos, podería inducirnos a datar este tamén no século XII, pero tanto Castela (1950: 99-110) coma Filgueira Valverde (1984:1208) e Valle Pérez (1974: VIII-49), coinciden en que a concepción dos cruceiros está máis vinculada co gótico que co románico, desbotando calquera opción de datación románica xa non para este, senón para todos os cruceiros coñecidos (incluso obras que, pola súa execución poderían tomarse nun primeiro momento como románicas, están datadas moi posteriormente á época románica, por exemplo e tendo en conta o abismo estilístico que o separa da obra que nos ocupa, o cruceiro “románico” de Melide, do século XIV). Como explicamos, entón, os paralelismos decorativos tan evidentes coa veciña portada do século XII?

Tanto no caso do cruceiro de Lamas coma no de moitas obras de carácter popular parece que os canteiros, escultores ou artistas que as executan imitan, en moitos casos, os modelos máis próximos cós que contan e, tamén en moitas ocasións, depende da súa mestría que estas “imitacións” sexan máis ou menos parecidas ao modelo orixinal.




Ilustración 3



Foto 6




Ilustración 4

Neste caso, o conxunto do cruceiro é estilisticamente tan semellante a eses elementos decorativos da portada da igrexa, que nos induce a non desbotar (pero tampouco a afirmar) unha data de execución relativamente próxima ao modelo decorativo inmediato.

Tamén sabemos que estes esquemas decorativos (os capiteis corintios e os boceis decorados interiormente con medias bólas) coñecen unha proxección temporal ampla, e que se repiten dende o románico ata o renacemento, e incluso máis alá destes períodos, ata chegar ao século XIX no que o sincretismo predominante aproveita todas as variantes decorativas anteriores.

Con que elementos diferenciadores contamos, sendo así, para poder facer unha aproximación cronolóxica desta peza? En realidade, con moi poucos e estes poucos, suxeitos á comparación e á intuición nunha medida pouco desprezable. Tan poucos son que poderíamos reducilos a tres: a antes comentada decoración de bocel e medias bólas, o floreiro representado na cara sur do capitel e a lanza ou flor de lis da cara norte, que habería que adscribirla tipoloxicamente entre os séculos XV a XVII (Ilustración 4).



Empecemos co bocel decorado con medias bólas, que o temos tan próximo ao cruceiro que nos ocupa na propia portada da igrexa adxacente, co que poderíamos estar tentados a datar o cruceiro na mesma época que a portada de Santa María de Lamas, pero a relativamente pouca distancia, movéndonos nun radio de uns 30 quilómetros aproximadamente, xa atopamos un elemento moi sinxelo pero tremendamente significativo: unha pequena fiestra dunha adega do lugar de Paradela (parroquia de San Mamede de Moldes, concello de Boborás) datada por unha inscrición en 1501, presenta na metade inferior das súas xambas o mesmo tipo de decoración. Evidentemente, non son exactas as semellanzas, pero si demostran con suficiencia a permanencia da decoración de medias bolas para considerar ampliar as marxes de datación do noso cruceiro (Foto 4).

Na mesma liña temos varios exemplos en baldaquinos galegos nos que, os autores, dan unha cronoloxía dos séculos XV-XVI, coma o caso do frontal do Santa María de Dozón (Filgueira Valverde e Ramón Fernández-Oxea 1987: 101), coa Anunciación baixo un friso de medias bolas e enriba dun arco conopial tamén con medias bolas, os fragmentos do de

Santa María de Couso de Avión (Filgueira Valverde e Ramón Fernández-Oxea 1987: 134-135) coa Anunciación e a Epifanía, con ambas as dúas escenas baixo un friso de medias bolas e o propio de Santa María de Lamas (Filgueira Valverde e Ramón Fernández-Oxea 1987: 137) no que un arco conopial decorado con medias bólas no seu intradorso fai de base á escena da Anunciación e, ademais, o perfil podería axustarse perfectamente ao do noso cruceiro<sup>1</sup>.

O floreiro (Ilustración 5) pode ser incluso máis singular e darnos unha cronoloxía máis aproximada (ou eliminar outras opcións) pois presenta os mesmos riscos estilísticos que aqueles que aparecen nas Anunciacións de finais do gótico e principios do renacemento, se ben carece das asas laterais con que aqueles adoitan estar dotados e, debido á erosión e a proliferación de liques,




Ilustración 5

<sup>1</sup> Ademais destes, cabe mencionar esta decoración no Enterro de Cristo do baldaquino de Santo André de Barrantes (Ribadumia), os dous fragmentos con friso de medias bólas de San Pedro de Rebón (Moraña), o fragmento do de Santa Baia de Banga (O Carballiño), os arcos conopiais do de Santo Tomé de Serantes (Leiro), ou as pequenas fiestras do taboleiro da Anunciación de San Cibrán de Mouriscados (Mondariz).

tampouco se pode apreciar con claridade se del xorde unha azucena (o motivo máis corrente). En varios baldaquinos galegos desas épocas atopamos ese motivo, normalmente funcionando como eixo central da composición da Anunciación, con Gabriel a un lado e a Virxe ao outro<sup>2</sup>, incluso no propio fragmento do baldaquino de Santa María de Lamas, pero tamén noutros contextos, coma no caso do baldaquino funerario de San Xulián de Ventosa (Agolada) ou no frontal de baldaquino con apóstolos conservado en San Miguel de Osmo (Cenlle).

Segundo se pode comprobar e, tendo en conta que o floreiro quizá sexa o elemento máis significativo no que á datación se refire, teremos que apuntar que a data de execución do cruceiro de Lamas non debería ser anterior ao 1450 e si, en cambio, posterior ao 1500. Non contamos con elementos que nos indiquen unha data aproximada dende o XVI, pois debemos de ter en conta que é a partires do Concilio de Trento (1545-1563) cando se dá unha maior difusión de cruceiros e petos de ánimas (González Pérez 2003:39) e que é a mesma Contrarreforma a que favorece a difusión de modelos dentro da ortodoxia por toda Europa, ben a xeito de estampas de obras xa recoñecidas pola súa factura acorde cos preceptos trentinos, ben a través da mobilidade rexistrada de talleres e artistas ao longo dos grandes focos artísticos e que, sen dúbida, tiveron influencia en artistas máis locais ou populares.

Se ben todos estes apuntes proporcionan unhas marxes cronolóxicas, débese ter en conta tamén que o varal e o capitel (ambos os dous elaborados nunha soa peza) parecen anteriores ao resto de elementos descritos, tanto estilisticamente coma no acuse dos efectos da intemperie. A isto temos que sumarlle a evidente desproporción entre a cruz e o varal-capitel, dun módulo algo máis pequeno ca esta. O varal engástase no pedestal axustado con cuñas de ferro, igual que a cruz no capitel, cuñas que sabemos eran de uso común no século XIX e a principios do XX. Poderían indicar estes datos que o conxunto se completa nestes séculos a partires de pezas anteriores?

Non sería estraño esta solución, pois a cruz parece claramente renacentista, mentres que o varal e o capitel apuntan a unhas datas anteriores. Aínda, e sen posibilidade de comprobar as medidas do fragmento de baldaquino de Santa María de Lamas, temos que facer notar a posibilidade de que este varal-capitel en tempos formase parte do mesmo (habitualmente colocados en ángulo e con unha ou dúas columnas de sostén nas partes que quedan no aire) co que teríamos un perfecto exemplo de aproveitamento de distintas pezas para conformar unha totalmente nova. 🗨

## Bibliografía

- CASTILLO, A. del (1987) *Inventario de la riqueza monumental y artística de Galicia*. A Coruña: Fundación P. Barrié de la Maza.
- CHAMOSO LAMAS, M. (1950) “La iglesia románica de Santa María de Lamas”. *Cuadernos de Estudios Galegos*, vol. V, Santiago de Compostela, pp. 37-41.
- CHAMOSO LAMAS, M. (1951) “El castillo de Pena Corneira”. *Cuadernos de Estudios Gallegos*, vol. VI, Santiago de Compostela, pp. 376-388.

2 Santa María de Bemil (Caldas de Reis), San Xurxo de Codeseda (A Estrada), Santa María de Curro (Barro), Santa Mariña de Fragas (Campo Lameiro), Santa María de Mourente (Pontevedra), Santa María de Sacos (Pontevedra), San Pedro de Vilalonga (Sanxenxo), San Miguel de Siador (Silleda), Santa María de Dozón (Dozón), Santa María de Couso (Avión), Santo Tomé de Serantes (Leiro), San Pedro de Xurenzás (Boborás) e San Cibrán de Mouriscados (Mondariz).

- EIJÁN, S. (1920) *Historia de Ribadavia y sus alrededores*. Madrid: Est. Tip. de San Bernardo.
- FERRO COUSELO, X. (1967) *A vida e a fala dos devanceiros: escolma de documentos en galego dos séculos XIII ao XVI: terras de Ourense*. Vigo: Galaxia.
- FILGUEIRA VALVERDE, J. (1984) “Las artes menores”. En *Galicia Eterna*, Barcelona: Nauta, vol VI.
- FILGUEIRA VALVERDE, J. e RAMÓN FERNÁNDEZ-OXEA, J. (1987) *Baldaqinos galegos*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- GONZÁLEZ PÉREZ, C. (2003) *Os cruceiros*. Santiago de Compostela: Museo do Pobo Galego. *Historia Compostelana o sea Hechos de D. Diego Gelmirez, primer arzobispo de Santiago (1950)*, traducción do latín ao castelán por Manuel Suárez e notas de José Campelo. Santiago de Compostela: Porto y C<sup>a</sup>. Editores, S.L.
- MADOZ, P. (1847) *Diccionario Geográfico-Estadístico-Histórico de España y sus posesiones de Ultramar*. Madrid.
- MARÍN MARTÍNEZ, X.R. e GONZÁLEZ PÉREZ, C. (2003) *Cruces e cruceiros antigos de Vilagarcía de Arousa*. Pontevedra: Deputación Provincial
- Memorial Tumbo de Parroquias e beneficios da diocese Auriense (1489) (2010)*. Noia: Mostra Filatélica.
- RODRÍGUEZ CASTELAO, A. (1950) *As cruces de pedra na Galiza*. Bos Aires.
- RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, A. *Las fortalezas de la Mitra Compostelana y los irmandiños. Pleito Tabera-Fonseca*. Santiago de Compostela: Instituto de Estudios Galegos “P. Sarmiento - Fundación “P. Barrié de la Maza”.
- VALLE PÉREZ, J.C. (1974): “Cruceiros”. *Gran Enciclopedia Gallega*, vol. VIII. Santiago de Compostela-Gijón.



# A Fundación Liste

ISABEL POUSADA NOGUEIRA

*Departamento de Didáctica*

VICTORIA VÁZQUEZ LÓPEZ

*Dirección Técnica*

Dende que en 1972 D. Xesús Ferro Couselo inaugurara o Museo Liste de Oseira, nacido da paixón, esforzo e tesón de seu creador Olimpio Liste, ata hoxe, preto de corenta anos despois, no Museo Liste Vigo mantense vivo ese mesmo devezado que Olimpio soubo transmitir a todos os que participamos deste proxecto vigués.

Ao amparo destas premisas, é fácil comprender o espírito do que nace o Museo Liste de Vigo, onde se fai doado traballar sobre as testemuñas dunha realidade cultural, que, amodo debemos ser capaces de analizar e interpretar.

## Proxecto de Vigo

A extraordinaria colección do Museo Etnográfico Liste de Oseira foi unha aposta da industriosa Vigo. Despois de varias visitas e xestións no Museo de Oseira, o Concello de Vigo propón a D. Olimpio Liste a posibilidade de compartir o seu imprescindible legado no campo da etnografía.

Nace así desa proposta a *Fundación Liste - Museo Etnográfico de Vigo* en xuño de 1999, coa finalidade de recuperación, promoción e defensa do patrimonio etnográfico, e a *creación e xestión do Museo Liste Vigo*.

A sede da Fundación e Museo, instálase na Rúa Pastora, nº 22, da cidade de Vigo, nunha vivenda unifamiliar de mediados do s. XX, que o Concello cede á Fundación por un período de 50 anos, e que conta co privilexio de estar bordeada dunha zona verde de 5.000 m<sup>2</sup>.

A Fundación é declarada de Interese Cultural e réxese por un Padroado como órgano de xestión.



Foto 1. O Museo

O Museo nace, pois dende a Fundación; é declarado como Museo de Carácter Etnográfico en 2001, e pertence ao Consello Galego de Museos.

Convenios anuais establecidos co Concello de Vigo permiten o seu normal funcionamento, ademais outros convenios coa Xunta de Galicia, con representación no Padroado, fan posible a realización de actividades didácticas e de difusión dos fondos.

## A colección: identidade

Como ben se dixo, este Museo ten unha orixe natural, as pezas están aquí moito antes do proxecto

museolóxico, veñen coa alma incorporada, e cun implícito obxectivo nacido da coherencia dunha busca sistemática e coidada, soamente foi preciso dotalas de espazo, **un espazo que queremos sensible á observación e, sobre todo, ao diálogo.**

En primeiro lugar a súa importancia radica no rico patrimonio que alberga, e que procede de parte da colección privada que Olimpio Liste xenerosamente doa á cidade de Vigo.

A historia se fragua cun valor engadido, e ese é a viaxe compartida das pezas na compañía *de "seu pai"*, e con el o proxecto, a experiencia, estudo e coidado dunha longa e frutífera traxectoria; conta, pois co privilexio de seu creador.

A selección das 1.630 pezas que compoñían a colección inicial,-na actualidade supera as 2.400- baseouse na súa representatividade para plasmar espazos de vida cos que penetrar na historia.

O ámbito xeográfico ao que fai referencia, se ben abrangue a comunidade Galega, o que pretende é ofrecer elementos de comparación a través dos que entender os cambios producidos nos derradeiros séculos.

Estrutúranse nove espazos temáticos que se distribúen en tres plantas, nunha superficie de 590 m<sup>2</sup>.

### Planta baixa

*Sala I: "A cultura do centeo"* evoca nun percorrido cronolóxico a importancia do cultivo do centeo como cereal básico no agro galego, do que ofrece unha visión no momento de maior intensidade, pero tamén nos fala das múltiples vivencias que conformaron a práctica dese cultivo.

*Sala II: "A roda"*. Visionada a través do carro como elemento fundamental na vida de antano. Ponse de manifesto a gran variedade tipolóxica, ao tempo que se recorda a grandeza de seu pasado.



Foto 2. A necesidade oficiada



**Foto 3.** Subida ao segundo andar

da “industria” dos nosos ferreiros.

*Sala V: “Os tecidos”* abordan aspectos da teciduría tradicional: materiais, trebellos -especialmente do liño- e técnicas empregadas na fabricación de febras.

### **Na segunda planta**

*Sala VI: “A madeira escavada”.* O nexa de unión desta sala é o tratamento, tal vez máis primitivo da madeira: “o escavado”, que consiste en afondar para conseguir espazos baldeiros, e conferir-lles un sentido utilitario. Dende aí, poderemos falar da alimentación, conservación, transporte, pequenos enxeños... Todo baixo a visión da importancia da madeira que soubo dar resposta ás necesidades dunha economía de autosuficiencia.

*Sala VII: “A Luz”* Na que se ofrece unha panorámica dos medios de iluminación a través do tempo, deténdonos naqueles que máis fortemente estiveron ligados aos individuos no ámbito rural, visualizando aspectos da luz e a súa utilización: luz no fogar, nos retornos, luces de oficios, luz na fe...

*Sala VIII: “Materialidade da fe”.* Recolle a profundidade relixiosa que impregnaba todos os aspectos da vida, expresada a través das ofrendas, en especial os exvotos de cera. Un contexto que atinxe á vida e a morte, e, sobre todo a enfermidade e curación.

Se materializa o sentimento relixioso onde, nalgúns casos, mestúrase co máxico residual de antigos cultos pagáns.

*Sala IX: “Menciña popular”.* Enfocada como homenaxe aos nosos “compostores”, homes e mulleres dedicados ao oficio de curar, que garanten os seus poderes de curación mediante o dominio e coñecemento das herbas, da anatomía humana, ...con receitas e materiais recollidos do traballo de campo. Supervivencia de prácticas que evidencian unha realidade de vixente actualidade.

### **Na planta Primeira**

*Sala III: “A necesidade oficiada”:* máis de cincuenta oficios están aquí representados cun marcado carácter conceptual, incidindo en dous aspectos: a dinámica da axuda mutua, e a importancia da unicidade do produto do artesan. Oficios pouco coñecidos, evolucionados, ou desaparecidos, sintetízanse nun simbolismo evocador.

*Sala IV: “O peche”.* O protagonista é o reservado: gardar, preservar, manter oculto, protexer... dende o privado ao público, o material e espiritual, mesmo o simbólico - plasmado na chave-. Mostra tamén a interesante manifestación



Foto 4. Un museo sempre guiado e comentado

“*O Escusado*”. Exposición fotográfica que pendura das paredes dos “escusados”, nas que se mostran vellos retretes de castelos e pazos, primeiros pasos cara ao futuro dos inodoros que se foron afastando do campo.

## A filosofía

Dicir que as pezas que acolle o Museo son unha invitación ao coñecemento dun legado imprescindible para comprender a nosa historia recente é certo, pero non o é menos a pretensión de que a súa visión nos debe levar a unha reflexión repousada sobre estas historias anónimas aquí representadas, a través das que consigamos decatarnos dunha realidade que semella nos resistimos a percibir: atopar o valioso no cotián.

## *Os recursos do Museo*

### • *Os obxectos*

Seguen sendo as pezas a alma do Museo, pero sen privilexios. Están aquí pola súa representatividade, relevancia; nalgún caso acompañadas de excepciónais testemuñas, noutros como símbolos a través do que amosar identidades, ancestrais costumes, crenzas, etc. Pero sempre encadeadas nunha máis ampla significación que nos vaia permitir contextualizalas novamente.

Se preguntamos a priori que agarda atopar un visitante no museo, de modo xenérico -se iso fose posible- poderíamos dicir que a resposta estaría entre: cousas antigas, trebellos do campo,

ferramentas de oficios, ... tópicos aos que os museos etnolóxicos estamos acostumados, e que evidencian a escasa mensaxe que agardan os visitantes da observación destes obxectos.

Partimos dun lastre, que é a pouca valoración que se da a moitas destas pezas polo feito de ser próximas, familiares, e, en moitos casos de uso cotiá. Conseguiu que recobren o seu propio valor devolvéndolle a dignidade de que foron merecedoras pola transcendencia que no seu día tiveron, e o que representan na memoria colectiva, segue sendo un dos principais retos.

Que o visitante saia percibindo que estes trebellos do campo son **un carro** que ademais dun elemento de traballo o era todo no rural... unha **tulla** na que se gardaba o gran, pero tamén medía a riqueza dunha casa, servía de madureiro, ou ocultaba inconfesables segredos ...Enfín, pezas coas que se consiga fiar o discurso sobre o desenvolvemento das identidades culturais.

#### • *O Guía-anfitrión*

A capacidade que os obxectos teñen en si mesmos como recurso didáctico, é, especialmente nos museos etnográficos un tema de constante debate. Pola nosa parte descartamos a idea da información escrita, e óptase polo guía persoal –o anfitrión–. É aí onde se amosa a capacidade de representación- transmisión da peza. Pero non se pretende que a información referencial que o guía vai ofrecer teña unha hexemónica visión, posto que –máis neste tipo de pezas– poden caber outras valoracións que axuden a tece-la pluralidade do entramado cultural.

#### • *O visitante*

O Museo presume de que o visitante é o invitado de excepción, iso é unha realidade. Partimos da idea de que o visitante debe sentirse en todo momento partícipe do contido expositivo; con el o Museo escoita ao protagonista - de primeira man-, e ten a obriga de aproveitar esta oportunidade.

Os seus coñecementos son imprescindibles para entender as múltiples perspectivas dende as que os obxectos poden ser observados. Trátase de crear espazos que se enchen de vivencias.

Isto non debe supoñer un problema de rigorosidade, senón unha axuda máis no análise da diversidade cultural, tecida no plural, co semellante e o alleo, coñecido e descoñecido, común ou singular.

## Ademais da colección

#### • *Exposicións temporais*

Sendo a espiña dorsal a exposición permanente, somos conscientes da importancia de renovar, máis na sociedade en constante demanda de cambio na que estamos vivindo; así hai un continuo erguer de pezas e espazos que esmiuzar, e anovadas temáticas ás que prestarlle a nosa atención.

De xeito especial nas exposicións temporais abordamos o mundo do coleccionismo privado como lugar de encontro no que mostrar aos homes e mulleres que tiveron a paciencia, acerto e coñecemento de reunir obxectos que conformaron interesantes coleccións: instrumentos musicais, cascos de combate, trampas tradicionais, útiles de costura, ... que mereceron da exhibición



pola súa calidade, e por ser capaces de transmitirnos o feito co que os seus donos as foron atesourando.

### • **Publicacións**

En xuño de 2003, o Museo inicia as súas publicacións con “*O Presente do Pasado*”, que a modo de Guía fai un singular percorrido polas distintas salas da man dun especial visitante, que lembra para nós as experiencias de vida.

Ademais o Museo publica a serie: “*Os saberes do Museo*”, monografías didácticas de contidos de carácter antropolóxico baseados no traballo de campo, método que tentamos primar en todas as publicacións.

Editáanse tamén catálogos de exposicións temporais.

No 2006 sae o primeiro nº da revista “*Barcal*”, como vehículo de expresión da “Familia Etnográfica”, que é como coñecemos aos nosos “Amigos do Museo”. Preto de 150 membros que camiñan a carón de nós con algo excepcionalmente valioso: o interese pola cultura.

## **Didáctica: a nosa posición**

Fuxir do populismo, do folclore, non sempre é doado para un museo como o noso. A etnografía e a etnoloxía, irmáns humildes da antropoloxía, foron tratadas, dende sempre, con certa actitude desdeñosa dende os ámbitos máis eruditos. E é de recibo recoñecer que non sempre sen motivo. A proliferación de museos etnográficos nos últimos anos levounos da interpretación e o estudo do material etnográfico, da ciencia en definitiva, á mera recuperación e conservación, non sen aires nostáxicos, de formas de vida e pegadas de antano que pensamos non requiren, para a súa valoración, de certas actitudes patrioteiras e malladas.

Calquera tempo pasado non foi mellor. Coñecer, entender e comparar van ser as ferramentas na nosa labor pedagóxica. Afastémonos do concepto de museo etnográfico como un museo para os avós, o museo da nostalgia, convertámolo no museo dunha cultura e da súa evolución que nos guíe na aprendizaxe de como se debuxou o camiño que nos trouxo ata o momento actual.

Un Museo para todos, coñecedores ou profanos, xente do rural, do mar ou do urbano. E é mesmo ese o noso maior reto: prover dos instrumentos de análise para que sexan as pezas, os fondos expostos, os que nos relaten e ensinen outras formas de vida, outras realidades, non só aos escolares senón a todo tipo de colectivos e particulares que se acheguen ata nós.

A nosa filosofía e o noso proxecto museístico estiveron, dende os comezos, ligados a unha seria vocación pedagóxica. A Didáctica, no Museo Liste de Vigo, mesturase e embebe todas as demais actuacións da entidade. Non entendemos a nosa tarefa sen ter sempre presentes os procedementos que comuniquen aos visitantes os coñecementos que pretendemos transmitir.

Non obstante, nos últimos tempos, seica podemos estar a experimentar certo abuso no emprego do termo “didáctica” aplicado a todo tipo de actividades. E é este o punto polémico no que enguedellarnos nas máis variopintas disquisicións.

O deseño dunha iniciativa didáctica pasa por establecer unha serie de premisas que sirvan como marco no que construír un coñecemento. Temos que argallar unha andamiaxe que





**Foto 5.** Didáctica no xardín: “o meleiro”

sustente e teña en conta, primeiro, o que se pretende con esa actividade, é dicir, os obxectivos a acadar e a quen vai dirixida; e, segundo, aspectos máis técnicos que van a apoiar un determinado discurso, tales son os materiais, a duración, o espazo e o suxeito ou vehículo para facer chegar a mensaxe.

E aínda máis. Ao noso entender, existe outro punto a considerar. A importancia de non esquecer o que somos. Somos MUSEOS. Modernos museos, distantes da súa concepción como meros contedores de obxectos, gabinetes de curiosidades en moitos casos, espazos mortos, silentes. Atesouramos SABER, a través das pezas expostas, preservadas pero non afastadas do visitante cun halo de superioridade, e moito menos caladas. Os obxectos dignificados fálannos e nós interpretamos, estudamos e de ser necesario opinamos, aínda tamén para criticar.

Polo tanto, por unha banda esquezamos concepcións decimonónicas e, por outra, non nos neguemos a nós mesmos fuxindo nunha carreira que nos leva, moitas veces, e, sobre todo, na nosa actuación pedagóxica, á unha profunda descontextualización.

A visita pode e, de feito, debe ser lúdica, activa, participativa, pero... non sen contido. No noso afán de darlle vida, modernidade, novos aires ao noso espazo, non debemos quedarnos na actividade pola actividade, no simple entretemento, perdendo de vista o obxectivo do coñecemento.

Fagamos manualidades para ensinar realidades; contemos contos para transmitir a nosa cultura oral; utilicemos as novas tecnoloxías pero non como disface.

Pensamos que o obxectivo non se corresponde con atraer visitantes a toda costa para encher estatísticas, senón que cada un de nós como institución, debe tentar primar a calidade do que ofrece. É importante chegar ao público pero coidamos que non é menos importante o que lle facemos chegar.

En definitiva, ocupemos o lugar que nos corresponde no ámbito da educación non formal. Esa é a nosa responsabilidade dende os Departamentos de Didáctica dos Museos.

## **Espazo para compartir, espazo para aprender: iniciativas didácticas**

Como ben se dixo con anterioridade, a importancia que lle conferimos á visita guiada radica no valor que supón establecer un continuo diálogo co público, coidamos enriquecedor para ambas as dúas partes. A falta de rotulación das pezas funciona como desculpa para guiar ao visitante por un espazo expositivo que actúa de fío condutor para, ao fin, extraer conclusións da condición cambiante da cultura no devir histórico.

É por iso que “o guiado” constitúe o noso primeiro e maior recurso didáctico.

A nosa, non se trata dunha guía ao uso. Esquecémonos de guiar, monitorizar e dirixir para entrar nun ámbito no que recibir, arroupar e agasallar ao público. Dese xeito, no curto vínculo que se establece, danse as condicións idóneas para que se mostre o máis cómodo e próximo posible axudándonos a construír o coñecemento. Pasan así, os nosos visitantes, de suxeitos pasivos a ser cómplices no discurso construído arredor das pezas.

Partindo destas condicións, proxectamos o resto de iniciativas dirixidas a colectivos ben diversos: escolares, terceira idade,...aos que se lles ofrecen actividades adaptadas ás súas especiais características.

### ***Didáctica para escolares***

O Departamento de Didáctica do Museo, ven a desenvolver dende a súa apertura, unha serie de actividades tendentes a cumprir o seu compromiso dentro do ámbito da educación non formal.

Dende o noso punto de vista, os escolares constitúen un colectivo a ter especialmente en conta. Faise imprescindible mostrarnos ante eles da forma máis atractiva posible. É a nosa responsabilidade facer deste público os “futuros visitantes de museos” promovendo dende os niveis máis temperáns as visitas aos mesmos. E neste punto, a nosa responsabilidade ten de ser solidaria coa dos centros educativos e a da familia. Sentímonos enormemente satisfeitos cando, un sábado pola mañá, entra no Museo unha familia que foi atraída ata nos por un dos seus pequenos membros, recente visitante co seu colexio da nosa institución. Ese si ben pode ser considerado un grande éxito.

As visitas guiadas pola exposición permanente, adaptadas aos diferentes niveis formativos en canto a contidos e duración, dan pé a outras actuacións complementarias inseridas no percorrido habitual polo Museo: xogos de sala como “O xogo da luz”; itinerarios expositivos nos que afondar sobre determinada materia como “O aproveitamento da auga”, “Os seres míticos galegos” e moitos outros. Amais da oferta de actividades independentes da exposición permanente.

Para levalas a cabo contamos cun espazo didáctico propio, a sala “O devir das estacións”. Ademais, na primavera e no verán, temos o privilexio de poder utilizar con estes fins, o xardín que



**Foto 6.** Talleres de adultos

circunda o Museo. Na sala didáctica, é habitual recoller as festas e traballos cíclicos, a xeito de “escola de costumes”, entre elas: a vendima; o Entroido coa realización de obradoiros de máscaras ou de confección da sardiña, protagonista do enterro que pon fin a esta celebración; os Maios; o Corpus coas súas alfombras, etc.

Pola súa banda, no xardín desenvolvemos diversas actividades de contido lúdico-didáctico dirixidas, principalmente no verán, a campamentos urbanos e ludotecas, como, por exemplo, a ginkana “Aventuras no xardín”, itinerarios ao ar libre como “O percorrido da auga”,...

### ***Colectivos especiais***

Parécenos interesante sinalar o especial esforzo que o Museo ven a realizar co fin de achegar os nosos contidos a colectivos con dificultades. Para eles desenvolvemos unha serie de programas cos que se está a obter moi boa resposta a teor do aumento do número de visitas destes grupos.

Abordar o traballo neste contexto supón un esforzo de adecuación de contidos que se ve amplamente recompensado pola súa boa acollida e o recoñecemento que estas persoas brindan aos axentes implicados, dos que agradecen sobre todo o trato próximo, atento pero non paternalista e condescendente.

Así, por exemplo, dispomos de guía especializado para invidentes, sendo frecuentes as visitas de grupos da ONCE, institución coa que mantemos unha cordial relación.

Outros colectivos que nos visitan con asiduidade son as asociacións e grupos de persoas con trastornos autistas; asociacións de xordomudos; enfermos mentais; Síndrome de Down; parálise cerebral; así como diversos colectivos inmersos en diferentes programas de reinserción social e desintoxicación; centros de menores;.... Nestes casos, a visita adaptase ás súas especiais circunstancias e requirimentos, sempre en estreita colaboración cos seus monitores habituais.

### ***Actividades para adultos e terceira idade***

Dentro do público adulto prestamos especial atención ao grupo etario da terceira idade. Isto débese, por unha banda, ao seu interese por todo o que os obxectos expostos lles lembra da súa vida. Feito do que nós nos valem, para que saían do museo cunha visión máis global e menos localista da que trouxeran; e por outra, e para beneficio noso, porque estes visitantes supóñennos, en moitas ocasións unha fonte importantísima de información. Para eles organizamos obradoiros e charlas como “Cubrindo a cabeza”, “Cubrindo os pés”, ou “Os instrumentos humildes”,.... Constitúen actividades que complementan a visita ao Museo ou que se ofertan de forma independente cando o grupo xa o coñece.

Con estes colectivos as iniciativas propostas non só posúen carácter didáctico, senón social e convivencial polo que de compartir experiencias e vivencias encerran.

O dispoñer dun espazo exterior “museable”, ofrécenos tamén outras moitas posibilidades, como a organización de concertos nos meses de verán, nos que coñecer non só instrumentos da nosa tradición, senón tamén os doutros lados do mundo.

### ***Prácticas no Museo***

No momento actual, mantemos diferentes convenios de colaboración para recibir alumnos en prácticas coa Escola Superior de Restauración; co CIFP Valentín Paz Andrade para alumnos de Turismo; coa Universidade de Coimbra no marco do programa LLP-ERASMUS MOBILITY; co Grupo Academia Postal; e coa Universidade de Vigo.

Dentro da nosa labor pedagóxica, estimamos fundamental colaborar na formación de futuros axentes de cultura. A acollida que se lles brinda e os programas que se deseñan para eles, fannos participes de toda a actividade didáctica do Museo converténdose os alumnos, á súa vez, en axentes pedagóxicos tutelados.

Ademais, mantemos frecuentes reunións de traballo con grupos de alumnos de Bacharelato e cos seus profesores. O obxectivo destes encontros é por en marcha diversos proxectos de colaboración que inclúen traballo de campo e análise dos datos recollidos. Esta asociación permítenos ter unha visión fresca e sen prexuízos dos temas tratados e, aos rapaces, coñecer diferentes métodos de recollida de datos e análise dos mesmos, axudándoos na adquisición de competencias nas tarefas de documentación e análise no campo das humanidades e das ciencias sociais.

### ***A Biblioteca***

Unha das ferramentas de documentación máis importantes para propios e alleos.





**Foto 7.** Compartindo experiencias

que ademais de compartir os bens culturais que posúe, leva a cabo un importante labor no eido da investigación.

A herdanza de Oseira supón o punto de partida dun camiño no que atopou hospitalidade, e que dez anos despois, ve como vai medrando na medida en que incorpora elementos da vida da propia cidade; unha cidade tildada en moitas ocasións de vivir tan involucrada no seu presente que semella esquecer o seu pasado, a súa historia.

Este novo marco xeográfico no que vai madurando é, para nós, tamén un **campo de investigación científica** para o coñecemento. Nada mellor que unha realidade próxima para seu estudo: o do espazo e cidadáns que o conforman no seu propio contexto, que nos abre numerosas posibilidades, tantas como a súa diversidade (rituais, identidades, simbolismos, novos valores, inmigración, e un longo etcétera).

Pensamos que un modo de medrar o museo é dentro da contemporaneidade. É por iso que se inician dende este escenario varias liñas de investigación etnográfica cuxo protagonista é o rico espazo urbano.

*Acoller co diálogo, coa conversa repousada ao visitante, analizando o vivido é á filosofía do Museo, pero embarcados no permanente cambio, atentos á diversidade cultural que nos rodea, e ás novas necesidades sociais.*

*Estudar un pasado que nos axude a reflexionar, comprender e interpretar, pero tamén recoller o presente para transmitir. ☺*

Trátase dunha biblioteca de consulta para investigadores, especializada en temática antropolóxica e que, aínda que pequena polo seu número de volumes, conta nos seus andeis con algunhas das obras máis senlleiras da disciplina, moitas delas xa descatalogadas e de difícil localización.

### **Un museo inmerso no escenario**

O Museo, como tal, proxéctase tamén como institución orientada á promoción e desenvolvemento cultural da comunidade, coa





# Os pergameos de Johan Nuñez d'Aponte no Arquivo do Museo do Pobo Galego

JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ MONJE

Dentro da documentación de carácter particular que chega ao Arquivo do Museo do Pobo Galego a través dos seus herdeiros, queremos dar a coñecer a doazón feita pola familia González del Blanco y Pereyra.

No verán de 2008, dona Rosario, dona Blanca e dona Teresa, fillas do coñecido pintor Roberto González del Blanco (1877-1959) e de dona Rosario Pereyra de Miranda, fan entrega no Museo dunha carpeta, contendo esta cerca de 70 documentos en pergameo e papel manuscrito ou impreso. Estes documentos soltos ou cosidos estaban protexidos por unha capa de coiro negro gofrado e cruz dourada no centro (probablemente material reaproveitado dun antigo misal). Péchase con tres cintas de liño.

Esta colección documental podémola dividir en dúas series ben diferenciadas. Por un lado, a documentación relacionada coa familia por liña materna, documentación principalmente de interese testamentario, relativa ás familias Miranda e Miranda-Suárez coa súa orixe no val de Barcia (freguesías de Crendes e San Pedro de Quembre) e posterior emprazamento en Noia, cando o seu avó don Nicolás de Miranda exerce como avogado nesta vila. A segunda serie correspóndese cunha documentación máis antiga, en pergameo, e da que queremos dar conta neste artigo.

## A colección de pergameos

Xunto á documentación escrita e impresa chegaron 12 pergameos de diferente tamaño e tipoloxía, 7 soltos e outros 5 dobrados pola metade e cosidos a modo de “libro” e que forman o documento máis longo de todos.

O principal problema que tiñan a maioría dos pergameos era a dificultade da súa lectura e investigación, xa que ao estar dobrados e debido á deshidratación era imposible desdobarlos sen risco para o pergameo e a súa grafía. Así mesmo, algúns sufrían pequenos desgarrs e roturas e todos precisaban dunha limpeza xeral, polo que se procedeu á súa restauración.

Desta tarefa encargouse José Ignacio García Fernández, quen levou a cabo as actividades pertinentes de limpeza, reintegración do soporte dos documentos mediante enxerto de pergameo e/ou capa hialina e alisado dos mesmos mediante a humectación controlada.

Xa restaurados e consolidados procedeuse á súa catalogación e transcripción, creando unha pequena ficha descritiva para cada un deles. Nelas pódese observar a variedade tipolóxica e a

ampla cronoloxía que abarcan os documentos, sendo as datas extremas 1364 unha declaración de testigos ata un documento de venda de 1506. O criterio seguido para a súa ordenación foi precisamente este último, o cronolóxico:

### PERGAMEO 1

DATAS	Noia, 10 de [ilexible] de 1364
MEDIDAS	30'4 x 25 cm.
REXISTRO	3.1.1.1. [PL-5, C1-FGB-1]
RESUMO	Declaración de testemuñas ante Lopo Rodríguez, notario de Noia, sobre a demarcación dos límites da propiedade do lugar de Vilar, Sueiro, Noia, herdade reclamada por Alfonso Guillelmez e Isabel Rodríguez, a súa muller.

### PERGAMEO 2

DATAS	Noia, 1377
MEDIDAS	57'3 x 57'4 cm.
REXISTRO	3.1.1.1. [PL-5, C1-FGB-2]
RESUMO	Testamento de D. Johan Nuñez d'Aponte, deán da Catedral de Santiago, outorgado ante o notario de Santiago Álvaro Pérez. Ratificación de inscrición do testamento anterior no "Registro de la Contaduría de Hipotecas de Noya" firmada polo responsable da contaduría D. Juan Henríquez Osorio (Noia, 17 de novembro de 1786).

### PERGAMEO 3

DATAS	Noia, 7 de xaneiro de 1378
MEDIDAS	34'5 x 32 cm.
REXISTRO	3.1.1.1. [PL-5, C1-FGB-3]
RESUMO	Codicilo e inventario que modifica o testamento anteriormente redactado, de D. Johan Nuñez d'Aponte, deán da Catedral de Santiago de Compostela. Redactado e asinado ante D. Álvaro Pérez, notario de Santiago.

### PERGAMEO 4

DATAS	Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 1380
MEDIDAS	38'3x25'5 cm.
REXISTRO	3.1.1.1. [PL-5, C1-FGB-4]
RESUMO	Carta de pago do prior de San Domingos de Bonaval na que recoñece ter recibido a cantidade legada nas mandas de D. Johan Nuñez d'Aponte, deán da Catedral de Santiago. Inclúe o apercebimento de Don Rodrigo de Moscoso, arcebispo de Santiago, a Juan de Ben da Ponte e a Juan Martínez Guillelmez, veciños de Noia, para que cumbran as mandas testamentarias do deán D. Johan Nuñez d'Aponte no relativo ás cantidades a pagar aos mosteiros de San Francisco de Santiago e San Domingos de Bonaval de Santiago (Pontevedra, 7 de febreiro de 1380).

**PERGAMEO 5**

DATAS	1378-1381
MEDIDAS	8 folios. 31'5 x 23 cm
REXISTRO	3.1.1.1. (PL-5, C1-FGB-5)
RESUMO	Copia dun conxunto de 8 documentos relacionados co deán Johan Nuñez d'Aponte e os seus familiares no referente ás mandas contidas no testamento do deán.

**PERGAMEO 6**

DATAS	Santiago de Compostela, 26 de xullo de 1446
MEDIDAS	27 x 26'8 cm.
REXISTRO	3.1.1.1. (PL-5, C1-FGB-6)
RESUMO	Foro a favor de Gonzalo Rodríguez e a súa muller, Catalina Eanes, veciños da vila de Noia, da metade dun lagar sito na Ribeira dos Pedrouzos, Noia, coa obriga de abonar anualmente 8 maravedís á Confraría de Santa María a Nova.

**PERGAMEO 7**

DATAS	Santiago de Compostela, 7 de xullo de 1487
MEDIDAS	45'3 x 40'2 cm.
REXISTRO	3.1.1.1. (PL-5, C1-FGB-7)
RESUMO	Escritura de venda dun muíño sito no río Traba, detrás de Santa María a Nova, de Noia por parte de Juan González de Caña a favor de Juan de España e a súa muller Luisa Eanes.

**PERGAMEO 8**

DATAS	Noia, 12 de febreiro de 1506
MEDIDAS	35'4 x 33'3 cm.
REXISTRO	3.1.1.1. (PL-5, C1-FGB-8)
RESUMO	Documento de venda e cesión de bens na freguesía de Santa Mariña de Obre, a favor de Roi del Oro, notario de Muros, e de súa muller Teresa Martínez, actuando como mediador da compra o alcalde de Noia Alfonso Vázquez.

**Johan Núñez d'Aponte**

Nun principio os pergameos doados pola familia González del Blanco y Pereyra non parecían ter ningunha vinculación entre si, agás a súa relación con Noia (e ás veces só de forma indirecta). Sen embargo ao internarnos na lectura vimos que había varios (os que van do 2 ao 5 da colección) que se sitúan entre os anos 1377 e 1381 e que xiran ao redor dunha figura: o deán da catedral de Santiago Johan Nuñez d'Aponte. A maioría destes pergameos están asinados polo notario Aluar Pérez.

Deste personaxe non sabemos demasiado. Segundo nos informa Salustiano Portela Pazos na súa obra *"Decanologio de la S.A.M. Iglesia Catedral de Santiago de Compostela"* (Santiago, 1944) alá polo ano 1367 xa está a desempeñar o cargo de deán da citada catedral logo de suceder ao asasinado Pedro Álvarez de Toledo.

A súa orixe é noíesa, sendo a súa familia unha das máis importantes da vila. Case todos os datos que temos del son xa todos referidos a cando el está por Santiago exercendo a carreira eclesiástica. Os anos que lle tocou vivir ao Deán noíés foron bastante convulsos pois entróncase, entre outros, coa guerra civil que se produciu na coroa de Castela entre Pedro I e Henrique IV de Trastámara (1351-1369) e que en Santiago tivo certa repercusión ao decantarse a Igrexa por un dos candidatos (por Pedro I, que finalmente resultou ser o perdedor) e que provocou enfrontamentos na cidade pois non todos os sectores apoiaron ao mesmo candidato.

Os pergameos que agora se conservan no Museo, son un pouco posteriores a esa época que viviu Johan Nuñez d'Aponte e non se fai referencia neles a episodios anteriormente citados. Recollen as últimas vontades do deán que son: o testamento; un inventario e codicilo (figura de dereito pola cal se modifica o primeiro documento); un documento de pago relacionado cunha das mandas testamentarias; e por último o conxunto de documentos cosidos que fan referencia ao cumprimento por parte dos herdeiros das cláusulas que deixara escritas o deán.

## A sepultura do Deán?

Como podemos ler no pergameo 2 da colección, nun principio Johan Nuñez d'Aponte quere ser enterrado na Catedral e polo tanto deixa boa parte das súas posesións para o cabido e os cóngos da Catedral de Santiago, e por suposto parte deles para o arcebispo: *"mando a meu sennor arçibispo de Santiago dom Rodrigo hũa das miãs mulas a mellor e huã sortella d'ouro..."* pois conta cunha suposta promesa do arcebispo (Rodrigo de Moscoso) *"et mando o meu corpo soterrar en aquel lugar e sopoltura que me foy dado e asignado por lo arçibispo de Santiago dom Rodrigo et por los coengos... qual lugar e sopoltura he dentro na iglesia de Santiago"*

Pero por causas que descoñecemos parece que esa promesa ao final non se vai levar a cabo:

"... meu Sennor o arçebispo et o Cabidoñ de Santiago me non queresen dar a sepultura na iglesia de Santiago segũdo que me prometeron",

polo que o deán, claramente contrariado polo incumprimento do acordado co cabido catedralicio, decide cambiar o seu testamento e fai un codicilo. Isto é o que nos atopamos no pergameo 3. Recolle este un inventario de todas as cousas que posúe Johan Nuñez d'Aponte e a quen llas cede.




Foto 1. Signo notarial de Aluar Pérez




Foto 2. Pergameo nº 3

Segue mantendo as mandas a favor de varios mosteiros de Santiago (San Domingos de Bonaval, San Francisco, a Santa Clara etc.), aos seus familiares, serventes... pero revoca todas as mandas que fixera a favor da catedral:

“Iten mãys revogo todã manda de casas e herdades e be[es] [roto] e dyneros e outras quaes quer cousas que eu mandava en mia manda a la iglesia e Cabidõ de Santiago. Et quero que outor go que non valla en aquello nenna aian por quantom erraron a sepultura



que me prometeron et outogaron et juraron. Et quero que os ditos beës et herdades que lles assy mandava que os aian meus hereës para fazer deles o que lles eu mado.”

Descoñecemos o emprazamento da súa sepultura, a mágoa deste interesante documento é que xusto no lugar onde se di cal vai ser o novo emprazamento o pergameo está roto:

“Mandome enterrar ante o altar de San Françisco no moesterio da [roto] de de [sic] Santiago en hũu moymẽto de pedra alçado en ta[roto] fez o arçebispo d[on] [Ro]drigo no moesterio de San Domingo de Bonaval et que satisfaçan a orde [roto] desta sepultura cada anno quatroçentos mrs...”

As informacións tórnanse confusas, o *altar de San Francisco* ao que fai referencia só pode estar en Santiago ou no antigo mosteiro de Noia, hoxe desaparecido. Outra posibilidade é que estivera en San Domingos de Bonaval, mosteiro que tamén cita, pero este non ten altar dedicado a San Francisco. Pola súa parte Portela Pazos apunta a posibilidade de que estea enterrado en Santa María a Nova, onde mandou fundar unha capela baixo a advocación de San Xoán.

## O cumprimento do testamento

No terceiro pergameo (4º da colección), recoñécese que os encargados de cumprir o testamento de Johan Nuñez d’Aponte pagaron aos mosteiros de Santa María de Bonaval e San Francisco polas misas que estes dixeron a favor da alma do finado

“Sabean todos que eu frey Alvaro de Santiago, prior do moesterio de Santa Maria de Bonaval que he açerca da cidade de Santiago, outorgo e conosco que rreçebi e son entregado e ben pagado de Joahn de Ben da Ponte e Joahn Martinez Gillelmez, vesinos e moradores enna vila de Noya, conpridores do testamento de don Joahn Nuñez dayan de Santiago... por los quaes dous mil moravedis eu ey de fazer dizer e no dito moesterio quatro anaes de misas por la alma do dito dayan...”

Por último, o cuarto documento, o máis longo de todos. Trátase realmente de 5 pergameos “encadernados en forma de libro” e dobrados pola metade, nos que se recolle a copia de 8 documentos. Destes, hai varios relacionados xa non directamente co deán senón cos seus herdeiros e familiares.

O primeiro dos textos recolle o cumprimento das vontades que Johan Nuñez deixara explicitadas no seu testamento:


“o conprimento da manda de don Johan Nunez, dayan de Santiago que conpriron seus conpridores adeante contiudos enna manera que se adeante conten. En presenza de min Juan Perez escrivano notario publico da çidade de Santiago...”



A este documento síguelle un codicilo do sobriño do deán, Juan de Ben da Ponte, polo cal sabemos que houbo problemas entre os herdeiros de Johan Nuñez d'Aponte pois según podemos ler nel Fernan Nuñez reclama a súa parte da herdanza como fillo lexítimo que el dí ser do deán,

“heu [Juan de Ben da Ponte] non poden ajustar por los moytos preitos que se me seguiron con Fernando Nunez que el legitimou por fillo do dito dayan e o qual pretende leuar a mayor parte dos seus bñs...”.

Coa fin de facilitar a consulta e estudo desta documentación que hoxe damos a coñecer, e ao mesmo tempo conservarla nas condicións óptimas, realizouse a dixitalización dos pergameos e a súa transcripción.

Quedando deste xeito a disposición dos historiadores e persoas interesadas no tema, quen segundo o seu campo de traballo tirarán as conclusións pertinentes. 

## Bibliografía

- GONZÁLEZ PÉREZ, C. (2003) *La iglesia y el cementerio de Santa María a Nova de Noia*. A Coruña: Deputación Provincial.
- LOPEZ FERREIRO, A. (1903) *Historia de la Santa A.M. Iglesia de Santiago de Compostela*. Santiago de Compostela: Imp. y Enc. del Seminario Conciliar Central, t. VI.
- OVIDO ARCE, E. (1901) “La iglesia y el cementerio de Santa María la Nueva”. *Galicia histórica*, t. I, pp.185-193. Santiago de Compostela.
- PORTELA PAZOS, S. (1944), *Decanologio de la S.A.M. Iglesia Catedral de Santiago de Compostela*. Santiago de Compostela: Cabido da S.A.M.I. Catedral, pp. 129-134.



# Acuña, mestre republicano e poeta

RAMÓN LUÍS ACUÑA

Manuel Luís Acuña Sarmiento (1899-1975), tiña catro timbres de honor: era Mestre, republicano, galeguista e foi represaliado por Franco.

Mestre nacional –como seu pai e súa irmá– nunha época na que esta profesión foi enalzada pola II República española. Republicano como tiña que ser. Galeguista por ilusionarse coa renovación esperanzadora de Galicia nos anos 30. E, naturalmente, un mozo de “ideas avanzadas”, é dicir, con ideais de xustiza social. Despois, veu “la noche”, como ma describiu nunha ocasión no Barrio Latino de París Pablo Neruda, ou sexa “a longa noite de pedra”, nome que daba á Ditadura o poeta e amigo Celso Emilio Ferreiro. O golpe militar “esmagó” as súas ilusións.

Permitídemme falar con paixón do meu pai. A súa aparencia fráxil agochaba unha forza de carácter pola que xamais abandonaría os seus principios de defensa das liberdades e dos dereitos humanos que hoxe compartimos en España, pero que foron delito na época franquista.

O seu espléndido silencio de publicacións despois do poemario “Fírgoas”, que saíu á luz na editorial “Nós” cun debuxo de Prego a pluma na portada, revela unha certa elegancia recoñecida por Ricardo Carballo Calero cando di: “esta actitude humana dun autor que non necesitaba máis que cultivar o xénero de moda para bulir nas antoloxías, non pode menos que suscitar respecto e estima”.

O propio de Acuña é que o descubran ou redescubran. Non daba pasos á fronte. Na primorosa edición de “Fírgoas” feita por Xerais, Domingo García Sabell di que este libro “narra lo inefable con opulencia plástica”. O historiador Antonio Fernández García resalta o progresismo pero tamén a graza de Acuña nos versos festivos “Tri-ki-tra-kes” que viron a luz no republicano e galeguista “Heraldo de Galicia”. O académico, da Real Academia Española, Darío Villanueva fala da “poesía sustantiva de Acuña”. “Tal un Rimbaud nórdico”, anotou o ensaísta Carlos Gurméndez en “El País” na glosa á última publicación do poemario e a min agradoume de sobremaneira a mención, aínda que fose exaxerada porque, claro, Arthur Rimbaud (1854.1891) emocionou ao mundo cos seus excelsos poemas aos 14 e 18 anos –a idade da poesía por excelencia– e despois non volveu escribir máis.

En realidade, a Acuña bastoulle un só un libro editado, que conserva hoxe en día todo o seu fulgor, para figurar no canon da poesía galega. Tras “Fírgoas”, de ser algo fatuo, cousa nas antípodas do seu carácter, foi como si dixera: “aí lles deixo esa pequena obra mestra. Vale. Non lles entreteño máis”.

Manuel Luís, don Luís como lle chamaban os alumnos, acompañou ao século e sufriu duramente as súas gadoupadas, pero terminou por tomarse un tripe desquite respecto á adversidade. Primeira e gran compensación sobre os avatares: expulsado por Franco do corpo de Maxisterio, logrou –xustamente na docencia- o prestixio de cidade de Ourense, que o considerou como un dos seus mestres ao longo de varias xeracións como subdirector e logo director do Centro de Ensinanza Bóveda, onde se dera acollida a moitos mestres represaliados. De aí veu a súa serenidade, a superación da amargura causada polo descalabro individual e colectivo que supuxo a desaparición das liberdades. Recórdoo sempre como un home afable, bo conversador e bo narrador oral. Outro resarcimento e non menor: as súas ideas de tolerancia, de convivencia, de democracia foron as que ao final dun oprobioso e tráxico intervalo de corenta anos se impuxeron. Tiña razón. Que forza a destas ideas, quen pense que son débiles equívocase. Saíron triunfantes sobre o golpazo do fascismo español e xa duran máis do que durou a ditadura.

O seu exilio interior tíñase traducido nunha actitude hostil cara ao Réxime e formulouse na negativa a pedir o reingreso no Maxisterio mentres este puidese ser considerado un acto político. Un falso brando sen dúbida.

A súa chamada poética sublimouse entón na súa vocación paralela, a docencia, na segunda metade da súa vida. A docencia, que tivera a súa primeira manifestación na época da República na que, obtendo o número un en toda España nas oposicións ao Maxisterio Nacional, foi destinado ao Colexio Concepción Arenal de Madrid, onde se impartían as ensinanzas máis adiantadas e cuxo edificio se conserva e localicei agora grazas a Google Maps.

Por iso pareceume moi xusta a reivindicación de Manuel Luís Acuña, como poeta galego e mestre nacional, que impulsaron dous profesores galeguistas, Ramón Nicolás e Xoán Carlos Domínguez Alberte, que organizaron xa catro congresos en Trives en honor e lembranza de Acuña, que se concerte así en emblema de toda unha xeración de mestres da II República. A eles uniuse despois con entusiasmo e autoridade o vicerreitor da universidade de Vigo, Xosé Manuel Cid. No parque de Trives, xustamente, erixiuse un fermoso busto que o rememora.

E, por último, “last but no least”, por un acordo do Concello de Ourense a proposta do concelleiro socialista Xosé Sueiro, Ourense deulle o seu nome ao Colexio de Ensinanza Infantil e Primaria (CEIP) “A Carballeira”, o mellor homenaxe que se lle podía render. 🙏


## Notas de libros

Fernández Pintos, Xulio (2010) *Vida e andainas. Cronografía dun santiagués*. Santiago de Compostela: Consorcio de Santiago e Editorial Sotelo Blanco.

Adoece Santiago de memorias que contan a súa vida cotiá, o que os seus habitantes sentiron e viviron no quefacer de todos os días. Por iso é de agradecer aquelas obras que contan vidas, costumes, xantares, persoas no lento devalar dos días curtos e das noites longas. Se, ademais, a memoria utiliza tenrura e cariño no seu bo facer, a escrita convértese nun pracer para os ollos e o corazón. Isto é o que ocorre co libro *Vida e andainas* que baixo o epígrafe de *Cronografía dun santiagués* fai o seu autor Xulio Fernández Pintos.

O autor, Xulio Fernández Pintos, di: “cos anos, os recordos xorden con tal claridade que semella que estamos a revivir o mesmo momento no que ocorreu o feito”. Quizais, por iso, aqueles feitos que as xentes que somos de Compostela, escoitamos no entorno familiar relémbranse e vívense de novo lendo esta obra. Son anos escuros, tristes, duros, anos de represión, de fame, de medo, de negrura mais onde o autor sinala tamén a vida e, coa súa memoria de neno, é quen de poñerlle luz e mesmo alegría. Por Santiago circulan limpabotas, estraperlistas, villeus, lavandeiras, doentes do Hospital Real, sinónimo de morte, cando se entraba nel, para moita xente. Na súa condición de rapazolo, a súa vida transcorre entre o Instituto Masculino de Mazarelos, os xogos de chapas e de bolas, as carreiras no Monte da Condesa ou na Feira, o fútbol que xogan os equipos importantes da cidade: o Racing de San Lourenzo e o Compostela, ou actividades máis serias como as cuadrillas de rapaces dos barrios que quedaban para loitar a pedradas, tendo fama por gañadores, os “Estados Unidos” xa que a unión da Rúa de San Pedro, Bonaval, Concheiros e Angustias daba un equipo invencíbel. Como non, os maiores fan tertulia ou bailan no Quiqui Bar, no Español; onde as actuacións son de índole internacional, como Antonio Machín, e gozan do baile nas palmeiras da Alameda con Pocholo, entre outros, como animador.

A Igrexa triunfante da Cruzada franquista acolle a presenza militar dos vencedores no Ano Santo do 1940 e vixía a moral e costumes, moi especialmente das mulleres, pero, aínda así, estas atopan espazos de liberdade para construír unha vida onde o traballo sempre está presente.



Non falta na cronografía nin as vodas pantagruélicas nin os veraneos na praia da veciña ría de Noia, nin a bicicleta como transporte de unión entre a cidade e a súa contorna rural, tan próxima e querida.

Se, ademais, todas estas memorias de vida se mesturan con relatos de ficción e con soños, facendo que a néboa da invernia de Compostela, a modo de manto de seda, cubra persoas e vidas, a lectura faise aínda máis máxica e seductora. Quero, por iso, darlle os parabéns ao autor e recomendarlle a todas as persoas que sintan amor por esta cidade querida e acolledora que escollan a boa compañía da lectura deste libro. 📖

ENCARNA OTERO



Pérez Rúa, Manuel (2010) *Domingos de calcetíns brancos. Retrato do cambio social na xeración de 1950*. Vigo:Editorial Galaxia.

Recibir o libro de Manuel Pérez Rúa, *Domingos de calcetíns brancos. Retrato do cambio social na xeración de 1950*, editado na Editorial Galaxia, 2010, supuxo unha gran satisfacción e goce que me proporcionaron a lectura das súas páxinas. Satisfacción, de ver unha obra que se sostén nunha investigación onde o relato biográfico vai constituír non só o seu armazón senón tamén a guía do mesmo, e goce, pola habilidade do autor en compoñer o texto intercalando 31 voces. Mijail Bajtin denomina a esta arte da escritura, polifonía, considerando a dificultade que supón elaborar un texto cun obxectivo determinado facendo emerxer varias voces. Pérez Rúa conségueo, levándonos a través dun traballo de investigación presentado de maneira áxil e ao tempo con rigor, no que se combinan dous elementos, a voz dos actores sociais e a reflexión do investigador. Ambos elementos, son difíciles de alcanzar na produción do texto froito de longos procesos de investigación, pero unha vez conseguido, como é aquí o caso, o lector agradece a lectura destes traballos.

O feito de ir lendo as propias voces dos informantes coas súas expresións, acompañando tanto de microanálises como de macroanálises, e compor o texto seguindo un claro obxectivo investigador, que neste caso é mostrar os cambios experimentados por unha xeración, supuxo para as ciencias sociais un longo percorrido.

Este percorrido comeza nos Estados Unidos no período de entreguerras e iniciano os sociólogos da Escola de Chicago, que deciden recoller os relatos biográficos dos emigrantes polacos de orixe campesiño que se asentan na cidade para traballar na industria. Neses momentos desde a literatura publícanse moitos traballos sobre os emigrantes que chegan á cidade, e os sociólogos ao ler a gran cantidade de matices que presentan as novelas respecto á vida da poboación de estudo, deciden probar; dese modo, o departamento de socioloxía da Universidade de Chicago, consegue introducir, no campo científico dominado polo positivismo, unha investigación baseada en materiais biográficos. O estudo, que pasa por ser pioneiro na utilización deste método en socioloxía, *The Polish Peasant in Europe and America*, de W. I. Thomas y U. Znaniecki (1984), publicado entre 1918 y 1920, débullanos as experiencias e vivenzas do inmigrante polaco Wladeck Wisniewski. O novidoso era a metodoloxía empregada durante os oito anos que durou a investigación. A información baseouse en materiais autobiográficos, correspondencia familiar, facturas e outros documentos persoais, resaltándose a actitude e a definición da situación polo actor, poñéndose de relevo a énfase nos aspectos interpretativos. Este enfoque converteríase nunha das características definitorias do produto teórico da Escola de Chicago: o interaccionismo simbólico. Esta obra clarificou o marco e espazo intelectual no que esta disciplina pode observar e explorar. Sen embargo, a historia de vida como tal non é descuberta pola Escola de



Chicago. A historia oral, tanto como proceso descritivo como narrativo, é tan antiga como a historia mesma, tal e como o constata o feito de que en sociedades ágrafas era a transmisión oral a forma de perpetuar os acontecementos, coñecementos e saberes. Neste ámbito, as historias de vida louvan o proceso de comunicación e desenvolvemento da linguaxe para reproducir unha esfera importante da cultura coetánea do informante e o seu aspecto simbólico e interpretativo, onde se reproduce a visión e versión dos fenómenos polos propios actores sociais.

Nestes momentos a concepción teórica previa tanto de Thomas como de Znaniecki é a do naturalismo, isto lévaos a recoller a información cunha “intención”, é dicir, existe unha postura teórica previa. Recollen dous tipos de documentos: documentos primarios, a propia historia de vida, e os documentos secundarios, é dicir, todos os demais.

Respecto á historia de vida, non é unha historia narrada, senón unha historia escrita polo propio informante a petición da persoa investigadora, é dicir, é unha autobiografía escrita. Por que piden que os actores sociais escriban a súa autobiografía e non o narren e sexa recollida pola persoa investigadora? Aquí, neste aspecto estamos diante dunha posición teórica que é a concepción “naturalista” de recoller os acontecementos sociais nun estado de pureza “natural” sen a interferencia que poida supoñer a presenza do investigador. Deste modo considérase que o feito de que o informante escribe sen intervención externa é puro, considerando a entrevista como unha interferencia no dato así como a observación participante.

A obxectividade que buscan nestes momentos, é un significado moi próximo ao obxectivismo cientificista do clásico positivismo.

Esta “asepsia” na adquisición de datos empíricos é necesaria para chegar a cumprir os parámetros de ciencia da época, deste modo Thomas y Znaniecki conseguen por primeira vez enmarcar “a historia de vida” aplicando as esixencias de “obxectividade” e rigor metodolóxico impostas pola academia.

Paralelo á Escola de Chicago, a antropoloxía con Malinowski á cabeza, instaura no proceso de investigación ademais do traballo de campo a observación participante. Nesta última, os relatos e historia de vida si ben non se buscan, se poden producir e de feito prodúcense na relación que manteñen o investigador co contexto que está estudando, todo isto forma parte do método de traballo que nos permite entender as dinámicas e significados dos contextos estudados. E se ben a Escola de Chicago, tivo o seu gran apoxeo nos anos 20 do século pasado, na década seguinte estivo caracterizada polo seu declive, a tradición oral perdeu a súa importancia para cederllo a sistemas teóricos máis explícitos e codificados, como o funcionalismo estrutural. Será a clásica obra de Talcott Parsons (1968), *La Estructura de la acción social*, a que, en 1937, fixará a nova orientación predominante sostida sobre unha alianza entre a teoría e a investigación cuantitativa. Nestes momentos as historias de vida trabállanse de forma minoritaria a nivel científico, a fenda ábrese e a controversia prodúcese en torno ao problema da “cientificidad” da socioloxía. Deste modo xurde o liderazgo cara á nova socioloxía cuantitativa e verdadeiramente científica e demostrable.

Paralela á corrente abandeirada porlo método cuantitativo como científicidade absoluta, van ir eclosionando desde varias disciplinas a subxectividade que supón a historia de vida. En 1949 a filósofa existencialista Simone de Beauvoir (1949) publica unha das obras fundacionais do feminismo, o *Segundo Sexo*. Esta obra ten diante de si a recollida de historias de vida de mulleres, onde mostra á

muller desde dentro, é dicir, como se viven elas a si mesmas, abordando aspectos como a identidade das mulleres, a diferenca sexual... Do mesmo modo Jean Paul Sartre, ao longo da súa traxectoria intelectual, investiga, reflexiona e constrúe un método progresivo-regresivo para unha ciencia social da biografía, e así o escrito de Sartre (1961) *L'idiote de la famille*, constitúe un modelo de uso sociolóxico correcto das biografías.

Podemos considerar a década de 1960 como o renacemento dos estudos cualitativos utilizando a aplicación metodolóxica das historias de vida.

A finais dos anos cincuenta, e xa nos sesenta, asenta con éxito a historia de vida e os seus retos metodolóxicos Oscar Lewis coa publicación de *Los Hijos de Sanchez* (1961), así como o traballo de investigación de Ronald Fraser, realizado na mesma época sobre a guerra civil española con historias e relatos biográficos ademais da revisión documental en *Recuérdalo tu, Recuérdaselo a otros* (1979, a primeira edición española). Ambos traballos abren de novo a porta nas ciencias sociais á investigación utilizando a historia oral.

O camiño aberto por Fraser e Lewis evoluciona con Daniel Bertaux (1981) quen nos introduce nun novo termino, moi suxerinte, que é a *Perspectiva Biográfica*. Mediante este termino englobamos todo un proceso de observación e reflexión ao longo da recollida biográfica. É dicir, mediante a recollida do relato biográfico estamos en todo momento enmarcados nunha orientación teórica. Abordar unha perspectiva biográfica supón que vamos utilizar os relatos de vida coa finalidade de investigar relacións, normas e procesos que estruturan a vida social; para iso a mediación dos informantes cos contextos de relación nos conduce a crear o armazón da investigación.

A obra de Pérez Rúa enmárcase plenamente nunha perspectiva biográfica, co tratamento reflexivo que vai realizando, coa información, enmarcando o texto nun armazón de relacións e procesos que fan emerxer a vida social, tratada coa sensibilidade artística que lle caracteriza e que desenvolveu ao longo dos anos na fotografía. Esta experiencia é trasladada ao texto estruturando a vida social e conducíndonos a través dun período de cambios e transformacións. O autor consegue retrotraernos ao ambiente que viviron os seus protagonistas, coas súas inquietudes, desexos, utopías, enxertado todo nun percorrido de cincuenta anos. Para iso vai entretecendo os microanálises e macroanálises que van emerxendo ao longo das páxinas do libro. Estamos diante dun modelo idóneo de investigación, aquí as historias de vida convertéronse nun fructífero complemento a outras técnicas utilizadas. Pero ademais a recuperación e o gran auxe do método biográfico nestes últimos vinte anos forma parte da revalorización do actor social (individual e colectivo), non reducible á condición de dato ou variable, senón caracterizado como suxeito de configuración complexa e como protagonista das aproximacións que desde as ciencias sociais se quere facer da realidade social. (Pujadas 2000).

Para finalizar, o autor consegue non só achegarnos a unha xanela na que se retrotraen 50 anos de cambios, senón que á vez nos fai sentir a xanela na que nos asomamos desde este presente de escritura. Conseguir e plasmar na intertextualidade esta dobre situación, fai que este libro sexa un referente necesario e valioso ao que sexa necesario recorrer para apprehender o sabor da época aquí exposta. 🧐


Fumega Piñeiro, Francisco José e Sobrado Pérez, Xosé Luis (2010) *As fábricas de papel na comarca do Carballiño*. Carballiño: Centro de Estudos Chamoso Lamas.

A historia do sector papeleiro galego tradicional, o do trapo elaborado unidade a unidade no muíño papeleiro movido pola forza hidráulica, é ben pouco coñecida. Deixando aparte os esporádicos e minuciosos estudos de Gayoso Carreira, algunha síntese xeral contida en libros de historia económica, ou algún estudo de carácter monográfico e reducido acado, o certo é que sabemos moi pouco dun conxunto de actividades que en algunhas bisbarras galegas deixaron unha fonda pegada. A do Carballiño foi unha delas, probablemente a mais importante de todas, a carón da de Noia-Lousame-Santiago. Xa que logo, calquera estudo que se debruce sobre unha ou outra ten que ser benvido.

O libro que comentamos ocúpase da historia e da pegada material de catro daquelas fábricas de papel, a de Lousado, a de Lavandeira, a de Bouteiro e a de Astureses, espalladas polos actuais concellos de Piñor, Carballiño, Maside e Boborás, todas elas na comarca que ten o seu centro neurálxico na vila que dá nome ao segundo destes concellos. É, xa que logo, un estudo de historia local, un tipo de traballo que ás veces está condenado a quedar na sombra, escintilados todos polo fulgor doutros que estudan espazos mais amplos ou que abeiran perspectivas mais teóricas. Craso erro este de confundir o tamaño do obxecto de estudo co seu interese e co rigor da análise. Se o posible lector deste libro, vítima dunha tal confusión, abandonara a súa lectura, estaría desbotando unha excelente oportunidade de aprender moito non sobre as fábricas de papel do Carballiño senón sobre a elaboración de papel na Galicia e na España daquela época. E sobre outras moitas cousas.

O libro mestura un chisco de xeografía con un algo mais de historia económica e empresarial e con non pouco de patrimonio industrial. Neste último sentido unha das achegas que realiza é a dos elementos precisos para unha completa catalogación das catro fábricas ás que se refire, incluíndo excelentes planos de todas elas. Carentes de ningún inventario do patrimonio industrial de Galicia, libros coma este resultan non desprezables contribucións ao coñecemento das pegadas materiais da nosa historia manufactureira, sobre todo se como ocorre aquí, apórtase ademais o correspondente material gráfico. Outra das achegas desta obra de Fumega e Sobrado é a excelente descrición dos procesos industriais e das funcións que exercían as distintas categorías de traballadores implicadas en toda a cadea de valor do produto papel, unha contribución que poderíamos incluír na fronteira entre o etnográfico e o propiamente industrial.

Desde o punto de vista da historia económica compre salientar que o libro utiliza un importante



abano de fontes, especialmente os protocolos notariais. É esta unha fonte difícil e traballosa, da que moitos historiadores foxen, pero que ás veces é a única que permite obter descrições técnicas das fábricas, coñecer quén son os seus socios, qué relacións manteñen con outras empresas e familias. Precisamente resultado deste traballo minucioso agroman algunhas das, ao meu modo de ver, informacións mais interesantes contidas no libro. Unha delas, a da estreita relación entre os establecementos papeleiros e os dedicados aos curtumes, unha relación da que se ten falado nalgúns lugares e que aquí se confirma de xeito empírico. A outra, a que atinxe ás relacións entre as fábricas da bisbarra do Carballiño e as existentes na área de Santiago-Lousame-Noia, unhas relacións que denotan a existencia de grupos papeleiros familiares, que actúan como transmisores de coñecementos técnicos e que simultánea ou sucesivamente xestionan máis dunha fábrica da mesma especialidade. Os Riveiro de Aguilar ou os Fernández do Maside-Carballiño serían os dous exemplos principais. A oferta de nomes propios permite ademais ao lector establecer as súas propias relacións, unhas relacións que contribúen a situar á bisbarra papeleira no contexto dos intereses industriais doutras áreas de Galicia. Tal é o caso, por exemplo, das relacións familiares entre Juan Bernardo Fernández e a viguesa familia Chao á que pertencería Eduardo, o autor do primeiro proxecto de concentración parcelaria; ou as que existían entre Bernardo Taboada, arrendatario da fábrica da Lavandeira e a compostelá familia de la Riva, que era, entre outras cousas, arrendataria pola súa volta do complexo cerámico-siderúrxico de Sargadelos.

O libro resulta tamén unha contribución importante ao coñecemento das iniciativas fabrís que se produciron en Galicia no dealbar da civilización industrial, nos anos nos que Cataluña se convertía na fábrica de España e Galicia un recuncho verde fornecedor de produtos pesqueiros e agrogandeiros. A análise destas iniciativas resulta ben interesante, sobre todo porque se producen completamente fóra da norma segundo a que a industria galega se tería situado na beiramar e tería sido impulsada por xentes do comercio ou dos negocios. Aquí temos unha industria que se sitúa no interior e onde os seus promotores responden moi parcialmente a este último estereotipo.

Como ocorre con calquera libro, o lector bota sempre de menos algunhas cousas que o converterían nun produto mais redondo, cousas que non empecen no noso caso nin o seu interese nin a súa calidade. No caso do libro sobre o que nos debuzamos falaríamos de dúas. Unha, a comparación con industrias papeleiras semellantes que xa están moi ben estudadas, tal como é o caso da catalá, que conta cos espléndidos traballos de Miquel Gutiérrez Poch. Outra, a explicación da evolución e do devalar das fábricas da bisbarra do Carballiño no contexto do cambio tecnolóxico da industria papeleira europea da época. Ambas as dúas comparacións contribuirían a situar o traballo nunha perspectiva mais ampla que interesaría non só aos lectores galegos senón tamén a outros de alén do Padornelo. Trátase en todo caso de perspectivas de traballo posibles, que os autores poderían desenvolver nalgún outro traballo co mesmo acerto que xa demostran neste primeiro libro.

En conxunto, a obra que temos nas mans presenta de forma solvente a historia e as relacións dos grupos familiares propietarios das fábricas así como a evolución destas últimas, desde os seus comezos na década de 1840 ata o peche da última delas un século e unha década máis tarde. En tal sentido resulta ser unha importante contribución á historia económica e social do sector do papel

en Galicia, así como ao coñecemento do noso patrimonio industrial. A obra conta ademais con un excelente limiar de Xosé Carlos Sierra, que coa agudeza que o caracteriza, ofrece nun breve espazo non poucas consideracións de interese sobre os conceptos de patrimonio etnográfico e industrial. Trátase dun libro máis que recomendable. 📖

XOÁN CARMONA BADÍA



## Normas para presentación de orixinais:

1.- Artigos. Os orixinais deberán enviarse a:

ADRA. Revista dos socios e socias do Museo do Pobo Galego.  
Museo do Pobo Galego  
San Domingos de Bonaval  
15703 Santiago de Compostela  
socios@museodopobo.com

2.- ACEPTACIÓN DE ORIXINAIS: O Consello Editorial de ADRA decidirá a aceptación ou non dos traballos presentados. Garantirase o anonimato dos autores e das autoras daqueles traballos presentados e non publicados.

A publicación dos artigos non dá dereito a remuneración ningunha.

Os dereitos da edición son propiedade de Adra. Das fotografías, ilustracións e dos textos os autores e as autoras.

3.- PRESENTACIÓN: os artigos irán precedidos dunha folla na que figure. Nome dos autores e autoras, enderezo postal, teléfono e correo electrónico.

4.- FORMATO: os orixinais presentados deberán incluír unha copia en formato dixital (que sexa compatíbel co programa word) e un exemplar mecanografado en DIN A4 por unha soa cara en Arial 12 puntos, a 1,5 de espazo e en follas numeradas. Os artigos deberán ter o título e o nome dos autores e das autoras.

5.- EXTENSIÓN: os traballos non deberán superar unha extensión de 20 follas incluída a bibliografía e notas a pé de páxina.

6.- BIBLIOGRAFÍA: presentarse alfabeticamente ao final do artigo. Exemplos:

BRAÑA REY, Fátima (1998) "Adaptacións ou cambios. A sala do mar do Museo do Pobo Galego". *Antropológicas*, nº2, Porto, pp. 141-156.

GONDAR PORTASANY, Marcial (1987) *A morte*. Santiago de Compostela, Museo do Pobo Galego.

ICOM, *Código de deontoloxía del ICOM para museos*, [En liña] Consulta 3/10/06, <[http://ICOM.museum/ethics\\_spa.html](http://ICOM.museum/ethics_spa.html)>

GÓNZALEZ REBOREDO, Xosé Manuel (1999) "A construción da identidade galega entre o século XIX e o XX. O papel do folklore e da Etnografía", en *O feito diferencial galego. A antropoloxía*, Museo do Pobo Galego, Santiago de Compostela, pp.51-69.

7.- CORRECCIÓN DE PROBAS: os autores e as autoras recibirán unha soa proba de imprenta xa paxinada e terán un prazo máximo de dez días para a súa corrección.

